DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 26 de novembro de 2021

ÍNDICE DE ASUNTOS TRATADOS

ASUNTOS

*Declaración institucional 25 de novembro..... 7

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 10/21 do 29 de outubro..... 9

2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 23 de outubro de 2021 ata o 19 de novembro de 2021. 9

3. Proposición da Presidencia sobre cambio de data da sesión ordinaria do Pleno do duodécimo mes de 2021. 9

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

4. Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Rosalía de Castro polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da reforma interior do auditorio da Casa Museo..... 10

5. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a asociación Amigos da Ópera da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación lírica da Coruña 2021. 17

6. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2021..... 26

7. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2021. 34

Comisión de Deporte e Mocidade

8. Aprobación do Convenio de cooperación entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, o Concello de Santiago de Compostela, a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para a renovación e o acondicionamento da pista do estadio de atletismo situada no Campus Vida 43

Comisión de Benestar Social e Educación

9. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España para o cofinanciamento

do VI Encontro de mulleres adictas en rehabilitación e familiares de España e do correspondente convenio. 57

Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios

10. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e EXPONAV para financiar "Os gastos de funcionamento da Fundación e do Museo da Construción Naval 2021" 66

11. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Malpica de Bergantiños para financiar o proxecto "XXXVII Mostra da Olería de Buño 2021" 75

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

12. Aprobación técnica do proxecto DP 3201 Ampliación e mellora Estación de Curtis ao Carregal e Gorxa PQ 8+400 ao 11+070 e Senda PQ 8+700 ao 9+700 (Curtis), incluído no Plan de Investimentos 2021, undécima fase 82

13. Aprobación definitiva do Plan de Investimentos 2021, primeira fase. 83

14. Aprobación definitiva do Plan de Investimentos 2021, quinta fase. 84

15. Aprobación definitiva do Plan de Investimentos 2020, cuarta fase. 85

16. Aprobación do Plan de Conservación de vias provinciais 2021, terceira fase 85

17. Aprobación do Plan de Conservación de vias provinciais 2021, cuarta fase 86

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

18. Aprobación da toma de coñecemento do informe do Consello de Contas de Galicia relativo á fiscalización sobre os criterios de repartición de recursos entre concellos a través dos Plans provinciais e a eficiencia do gasto. Deputación da Coruña lexislaturas 2003-2019, aprobado polo Pleno do Consello de Contas na sesión do 6 de outubro de 2021 87

19. Aprobación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022" 88

20. Aprobación da segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2021 por maior achega provincial 153

21. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación da rede de Saneamento no Pindo", do Concello de Carnota, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2000.0134.0 164

22. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Mellora da capa de

rodaxe pista Igrexa - Seixán e alta de Seixán", do Concello de Tordoia, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0288.0, levantamento da condición á que quedou sometida e aprobación definitiva desta obra. 166

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

23. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de outubro de 2021 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de outubro de 2021. 167

24. Aprobación da toma de coñecemento da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes correspondente ao terceiro trimestre de 2021. 168

25. Dación de conta do Plan de Acción do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña. 169

26. Dación de conta da aprobación definitiva da Conta Xeral 2020 do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña. 169

27. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 7/2021 de aprobación polo Pleno. 169

28. Dación de conta da comisión de control interno co fin de realizar a comprobación das operacións de recadación levadas a cabo polo servizo de recadación e polas oficinas de zona no exercicio 2020. 172

29. Dación de conta do proxecto de orzamento/plan de actuación da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña "FAEPAC" para o exercicio 2022. 172

30. Dación de conta do proxecto de orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña para o exercicio 2022. 172

31. Aprobación inicial da relación de postos de traballo, cadro de persoal e organigrama 2022 172

32. Aprobación inicial do Orzamento Xeral da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio económico 2022 e das súas bases de execución. 269

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

33. Aprobación da formalización dun convenio administrativo coa Asociación Vento Noso, para cofinanciar o "Programa de asesoramento a propietarios afectados, e poboación xeral, nos concellos rurais da provincia da Coruña na implantación de parques eólicos" 294

34. Aprobación da prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de A Coruña e o concello de Vedra para financiar o proxecto "Posta en marcha e dinamización do Centro de Emprendemento A Estación" 302

35. Aprobación da prórroga do convenio de colaboración entre a Diputación provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o proxecto "Eixos 2 e 4 do Plan Marco de Reactivación económica e social do Concello de Santiago de Compostela", no marco do PEL 2021 304

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓNS

1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica para a rexeneración do Río Portapego..... 306

2.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en defensa do galego 315

3.Moción do Grupo Provincial do BNG sobre a situación do séctor lácteo galego... 323

4.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña en apoio do sector lácteo 324

ROGOS E PREGUNTAS 344

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 26 de novembro de 2021.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 26 de novembro de 2021, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, Presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Don Valentín Alfonsín Somoza	PP
Dona Martina Aneiros Barros	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Ignacio Codesido Barreiro	PP
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Antonio Deibe Sanmartín	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Rosa Mª Gallego Neira	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don José Javier Pego Sampedro	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don José Luis Pérez Añón	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don José Francisco Santos Regueiro	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP

Excusado:

Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Dona Teresa Villaverde Pais	PP

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o Interventor Xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:08 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Moi bo día. Empezamos a sesión ordinaria do Pleno coa declaración institucional contra a violencia de xénero.

Sra. Secretaria

Declaración institucional 25 de novembro

A loita contra a violencia machista é un dos retos máis grandes para a sociedade galega e para a humanidade no seu conxunto. A forza do feminismo fai que o 25 de novembro, declarado Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas no ano 1999, sexa unha data de denuncia e reivindicación que convida a reflexionar e actuar para avanzar na súa prevención, sensibilización e erradicación.

A covid-19 trouxo ao noso contexto actual unha importante crise sanitaria, social e económica que atravesa de forma moi intensa a realidade das mulleres, o que deu lugar a que sen dúbida resultásemos máis afectadas por esta pandemia. É evidente que neste contexto, aínda que invisibilizada, a violencia machista continuou connosco. Asociacións de mulleres, institucións e profesionais de diferentes ámbitos coinciden na grave afección das medidas de confinamento e de restrición da actividade así como da mobilidade social para a actuación sobre a violencia machista cun grave risco para milleiros de mulleres. Unha mostra de todo isto, foi a campaña que desde a Deputación da Coruña se puxo en marcha no mes de marzo e que promoveu unha reflexión sobre a desigualdade de xénero desde unha perspectiva interseccional, incorporando na análise o impacto da Covid-19

Entre outros exemplos, podemos indicar como na Memoria anual do ano 2020, coñecida en outubro, a Fiscalía Superior de Galiza sinala que hai un nicho de criminalidade que a pandemia ocultou, e que no ámbito da violencia machista "o nivel de convivencia que a situación xerou, sen ningunha dúbida, supuxo un aumento que as cifras derivadas da fría estatística non reflicten, pero que aparecerá seguramente nun futuro non moi afastado ao atoparse actualmente soterrada, de forma que pronto, entendemos, xurdirá un goteo de procedementos cuxa orixe ou aparición se deriva da pandemia."

Todos estes datos fan que sexa necesario abordar a necesidade de fortalecer os medios existentes e de adquirir máis compromisos orzamentarios, lexislativos e políticos. Nesta liña traballa a Deputación que neste ano 2021 fortaleceu o seu presuposto nas liñas de subvencións a entidades, puxo en andamento unha nova liña para a contratación de axentes de igualdade en entidades locais e fortaleceu o orzamento destinado tamén a programas de sensibilización e formación. Mais isto desde logo non é suficiente, temos de seguir traballando na procura de máis recursos económicos e persoais, mais tamén en aplicar os criterios de transversalidade para que as desigualdades, a eliminación das discriminacións e as situacións de violencia desaparezan e só poderemos ir avanzando cando as poñamos nun lugar central de traballo dentro da vida pública.

Nos últimos anos Galiza é exemplo de importantes avances institucionais, como o recoñecemento da violencia vicaria como violencia machista, avances que van acompañados de importantes mobilizacións sociais. Estes feitos dan conta do grande

rexeitamento á violencia machista da sociedade galega, como tamén reflicten os datos da enquisa sobre percepción da violencia de xénero por parte da sociedade galega, que sinala como o 80% da sociedade entende que este é un problema social que atinxe a todas as persoas e non se circunscribe ao ámbito privado.

A violencia contra as mulleres é absolutamente incompatíbel cunha sociedade plenamente democrática. Garantir a liberdade, a seguridade e a vida das mulleres e protexer ás vítimas non é unha opción, é unha obriga democrática. A violencia machista interpela a todas as administracións, e debemos combatela con todos os medios ao noso alcance.

Por todos estes motivos, é necesario que este 25 de novembro fuxa de ritualismos e declaracións de intencións e que colectivamente asumamos máis compromisos.

Desde a Deputación da Coruña queremos expresar o seguinte:

1. Rexeitamos de maneira expresa e clara calquera acto de violencia contra as mulleres e manifestamos o noso absoluto compromiso coas vítimas.

2. Reafirmamos o firme compromiso desta institución cos dereitos das mulleres, coa erradicación de calquera tipo de violencia machista e a combater calquera discurso ou posicionamento político que negue a violencia de xénero ou rexeite as políticas públicas enfocadas á súa extirpación.

3. Ratificamos o noso compromiso en seguir mantendo os recursos económicos destinados á contratación de axentes de igualdade e para os programas de sensibilización, intervención, conciliación e formación das entidades que traballan pola igualdade e na eliminación da violencia de xénero e a traballar en incorporar a perspectiva de xénero en todas as decisións que se adopten nesta administración

4. Solicitamos aos concellos que a loita contra as violencias machistas estea claramente presente nas áreas de goberno, a súa total implicación en materia de igualdade de xénero e que estas áreas dispoñan de recursos económicos e persoais.

5. Instamos á Xunta de Galicia a promover a formación necesaria para o persoal municipal no ámbito da creación ou activación das Mesas de Coordinación Interinstitucional e os encontros de traballo entre o departamento competente en materia de Igualdade e as entidades locais, dirixidos a intercambiar boas prácticas en colaboración coa FEGAMP; a elaborar un estudo e estratexia de coordinación contra a violencia de xénero para o ámbito local e a seguir reforzando a rede de Centros de Información ás Mulleres para garantir a cobertura do conxunto do territorio.

6. Instamos ao Goberno do Estado á actualización e renovación do Pacto de Estado contra a Violencia de xénero; á mellora na coordinación institucional para garantir que os fondos de dito Pacto sexan implementados do xeito máis eficiente posible e a solicitar á FEMP o cumprimento da medida do citado Pacto que sinala: "Elaborar por parte da FEMP un estudo xurídico sobre as reformas que deberían implantarse no ámbito das ordenanzas municipais para acabar coa tolerancia e a permisividade cara a publicidade de servizos sexuais que facilitan actuacións delitivas".

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 10/21 do 29 de outubro.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 10/21 do 29 de outubro.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 23 de outubro de 2021 ata o 19 de novembro de 2021.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 23 de outubro de 2021 ata o 19 de novembro de 2021

3.- Proposición da Presidencia sobre cambio de data da sesión ordinaria do Pleno do duodécimo mes de 2021.

Procédese a votar a ratificación da inclusión na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Aprobada a inclusión, procede a votación da proposición:

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Don Xosé Regueira Varela, presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña,
Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de

organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da corporación provincial.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de decembro de 2021 correspondería celebrala o día 31 dese mes, durante as festas de Nadal, e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada,

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 29 de xullo de 2019,

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

"A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial da Coruña correspondente ao duodécimo mes de 2021 celebrarase o día 21 de decembro, martes, a partir das doce horas".

4.- Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Rosalía de Castro polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da reforma interior do auditorio da Casa Museo.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Fundación Rosalía de Castro, por importe de **60.000 €**, para cofinanciar a *Reforma interior do auditorio da Casa Museo,* cun orzamento subvencionado de 160.980,86 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2022, autorice o correspondente Orzamento.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Rosalía de Castro polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da *reforma interior do auditorio da Casa Museo*

Na Coruña a

REÚNENSE

Don/a ……., en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a ……., en representación da Fundación Rosalía de Castro

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e da Fundación Rosalía de Castro, ambas as duas partes

A C O R D AN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Fundación Rosalía de Castro co NIF G15040850, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da *reforma interior do auditorio da Casa Museo.*

A intervención propoñe unha readecuación completa do interior da edificación do Auditorio aportando adaptacións e melloras que teñen que ver co confort térmico e de salubridade, tanto do espazo do volume principal coma da planta soto, de acordo ás novas normativas así coma adaptacións de mellora do confort acústico en tanto se trata dun lugar cunha demanda continua para os usos musicais e de comunicación oral e audiovisual que deben igualmente adaptarse á contemporaneidade técnica.

Asemade, a proposta inclúe a mellora das instalacións de electricidade e iluminación así como as de audiovisuais atendendo aos usos actuais e futuros posibles no Auditorio. E finalmente, a dotación dunha rampla que permita acceder ao Auditorio a todas as persoas en condicións de igualdade.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL	111.800,03 €
GASTOS XERAIS 13%	14.534,00 €
BENEFICIO INDUSTRIAL 6%	6.708,00 €

	TOTAL	133.042,03 €
	21% I.V.E.	27.938,83 €
TOTAL ORZAMENTO		**160.980,86 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **37,27 %** do orzamento total.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- . A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampoco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Rosalía de Castro obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á Fundación Rosalía de Castro o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2.- Con carácter previo á contratación, a Fundación Rosalía de Castro deberá solicitar alomentos tres orzamentos a distintos constructores. Entre as ofertas recibidas, deberase elexir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a Fundación Rosalía de Castro estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, xen prexuizo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada á Fundación Rosalía de Castro unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma SUBTEL, a seguinte documentación:

* **Certificación/s** de obra subscrita polo Técnico-director e polo contratista

*** Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

*** Factura/s** expedidas polo contratista.

* **Certificación** da aprobación da/s factura/s e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

*** Acta de recepción e fotografías**

* **Acreditación** da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmoble á finalidade para a que foi concedida a subvención alomenos por un prazo de DEZ anos.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

*** Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

*** Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de fotografías.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas alomenos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMOTERCEIRA.

2.- Unha vez rematadas as obras, a Fundación Rosalía de Castro deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMOTERCEIRA.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá aa Fundación Rosalía de Castro da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Rosalía de Castro na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Rosalía de Castro terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Fundación Rosalía de Castro deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Fundación Rosalía de Castro destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Rosalía de Castro deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Rosalía de Castro poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Rosalía de Castro queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Rosalía de Castro serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención aa Fundación Rosalía de Castro será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2022** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2021.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2022, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Fundación Rosalía de Castro, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

5.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a asociación Amigos da Ópera da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación lírica da Coruña 2021.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á asociación Amigos da Ópera da Coruña, por importe de **75.000 €**, para cofinanciar la *Programación lírica da Coruña 2021,* cun orzamento subvencionado de 550.000 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2022, autorice o correspondente Orzamento.

5.- Condicionar a aprobación do expediente de concesión da subvención á aprobación definitiva e entrada en vigor do EMC no que se contén o crédito axeitado e suficiente.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a asociación Amigos da Ópera da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar *a Programación lírica da Coruña 2021.*

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a –---------- en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Don/a –---------- en representación da asociación Amigos da Ópera da Coruña.

EXPOÑEN

1.- No ano 1952 constituíuse a asociación Amigos da Ópera da Coruña, entidade de carácter cultural e sen ánimo de lucro, cuxo obxecto é o de cultivar e fomentar a ópera, mediante a organización, tanto de representacións, como de todas aquelas actividades que poidan conducir á expansión e coñecemento dela.

Para acadar estes fins realizaránse representacións de ópera, concertos, conferencias, exposicións, proxeccións e todas aquelas relacionadas cos fins da asociación.

O día 1 de febreiro de 1989, e, ao amparo do disposto na Lei de Asociacións 191/64, aprobáronse os seus estatutos vixentes e, por acordo da Xunta Xeral do 18 de febreiro de 2003, adecuáronse ao modelo proposto na Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo.

2.- Amigos da Ópera da Coruña, decana entre as asociacións españolas, goza dun enorme prestixio recoñecido por galardóns como o Premio de Honra da Lírica Española, que en 2018 concedéronlle por unanimidade todos os teatros e festivais de ópera estatais.

3.- Con motivo da situación derivada da declaración do estado de alarma sanitaria, Amigos da Ópera deu mostra de adecuación aos tempos que corren, facendo uso das ferramentas que a tecnoloxía poñen ao noso alcance para chegar ao maior número de persoas posible, ofrecendo de modo gratuíto boa parte do catálogo de gravacións das actuacións recentes, con óperas, concertos e recitais, a través dunha canle propia de Youtube con resultados moi alentadores: nalgúns casos, varias das gravacións alcanzaron máis de 200.000 interaccións, o que é mostra unha vez máis do interese do público nas propostas.

4.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura e, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao patrocinio das actividades de promoción da ópera no ano 2021.

5.- Polas razóns sinaladas e co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan suscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a asociación Amigos da Ópera da Coruña. (CIF: G15037930) para financiar a ***Programación lírica da Coruña 2021*** que terá lugar entre os meses de setembro e novembro deste ano, coa seguinte programación:

Óperas

*** Ópera "I Puritani" de Vincenzo Bellini,** en versión de concerto.
4 de setembro, Teatro Colón de A Coruña.

*** Ópera "Pallasos" de Ruggero Leoncavallo.**
24 e 26 de setembro, Teatro Colón da Coruña (20 h)

*** Ópera "A Parténope" de G. F. Händel.**
2 de outubro, Teatro Colón da Coruña (20h).

Outros Espectáculos

* **"O Reflexo"**, espectáculo lírico-dramático con música de Gabriel Bussi e texto de Javier Ozores baseado na "La Tribuna" de Emilia Pardo Bazán.
10 de setembro, Teatro Colón de A Coruña.

Concertos

***Lisa Davidsen, soprano**
Orquesta Sinfónica de Galicia. José Miguel Pérez Sierra, dir.
12 de setembro, Teatro Colón de A Coruña

***Leo Nucci, barítono. Rosalía Cid, soprano**
19 de setembro, Teatro Colón de A Coruña.

***Saioa Hernández, soprano. Francesco Pio Galasso, tenor**
23 de setembro, Teatro Colón de A Coruña.

***"Gala Lírica de Ópera e Zarzuela"**
14 de outubro. Teatro Rosalía.

Outras actividades

A Programación Lírica da Coruña completarase ademais con varios dos ciclos habituais que adoita ofrecer, con novas edicións do "Lírica Inclusiva", que leva a ópera e a zarzuela aos centros cívicos e espazos como Pai Rubinos, Down Coruña, …;" As novas voces galegas", no que facemos debutar na cidade nun recital a algún dos emerxentes cantantes da comunidade; e o "Curso de Interpretación Vocal", que puxemos en marcha en 2015 e que na actualidade imparte a gran dama do Belcanto, Mariella Devia. Ademais de todo iso as "Actividades paralelas" ofrecerán a posibilidade de acudir a ciclos de cinema, proxeccións de óperas, coloquios, presentacións de libros, conferencias que amplían a reflexión sobre o contido da Programación Lírica.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola asociación Amigos da Ópera da Coruña

A asociación Amigos da Ópera da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Contratacións externas	
Cachet de artistas invitados, contratación do persoal técnico e dirección artística da producción	430.000.-
Compra de bens destinados á actividade	
Gastos de producción:	100.000,-
Desprazamentos	
Gastos de viaxes e aloxamento	10.000.-
Publicidade e propaganda	
Publicidade, marketing, deseño programas e comunicación	10.000.-
Total	***550.000 €***

III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha **achega en metálico**, por importe máximo de **75.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **13,64 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 13,64 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento

previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que a asociación Amigos da Ópera da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xusticado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á asociación Amigos da Ópera da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á asociación Amigos da Ópera da Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos proveedores; entre as ofertas recibidas, deberase elexir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a *Programación lírica da Coruña 2021*, por medios escritos, radiofónicos, audivisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da asociación Amigos da Ópera da Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Amigos da Ópera da Coruña nun máximo de dous prazos, unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* Memoria das actividades realizadas, suscrita polo representante legal da Asociación

Amigos da Ópera da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2021.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Declaración de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Para o cobro do último prazo, ademáis, presentarase a seguinte documentación:

* Memoria final de actuación, suscrita polo representante legal da Asociación Amigos da Ópera da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas na Programación lírica da Coruña 2021 e dos resultados obtidos.

* Liquidación final dos gastos realizados e dos ingresos públicos ou privados obtidos, a fin de determinar que o importe dos ingresos non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2021.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2022.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de

subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á asociación Amigos da Ópera da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demáis responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á asociación Amigos da Ópera da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola asociación Amigos da Ópera da Coruña.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

8.- Aprobación do Convenio de cooperación entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, o Concello de Santiago de Compostela, a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para a renovación e o acondicionamento da pista do estadio de atletismo situada no Campus Vida

INTERVENCIÓNS

Sr. Presidente

Hai unha emenda. Sra. Capelán, hai unha emenda, non?

Sr. Ben Otero

A emenda pasóuselles aos grupos. Pola nosa banda non hai ningún problema. Xa foi vista, pola nosa banda non hai problema para votar a emenda sen que faga uso da explicación dela se non a ten aí, non hai péga ningunha.

Sr. Presidente

Ben, téñoa aquí, pero coñecédela, non? entendo. Procedemos á inclusión da emenda, votamos a inclusión

Procede a votarse a emenda:

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Aprobada a emenda procédese á votación do punto coa emenda incluída:

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Universidade de Santiago de Compostela, por importe de 173.516,70 €, concedida para financiar as obras de renovación e o acondicionamento da pista do Estadio de Atletismo situada no Campus Vida, cun orzamento subvencionado de 495.761,99,00€, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 5 de novembro de 2021.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Condicionar a aprobación do expediente de concesión da subvención á aprobación definitiva e entrada en vigor do EMC que conteña o crédito axeitado e suficiente.

5.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2022 autorice o correspondente Orzamento.

"CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE, O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A RENOVACIÓN E O ACONDICIONAMENTO DA PISTA DO ESTADIO DE ATLETISMO SITUADA NO CAMPUS VIDA

Santiago de Compostela, ___ de _____ de 2021

REUNIDOS

Don José Ramón Lete Lasa, Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias desconcentradas nas persoas titulares das secretarías xerais dependentes da Presidencia, que figuran recollidas na disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Don Xosé Antonio Sánchez Bugallo, Alcalde do Concello de Santiago de Compostela, con CIF P1507900G e domicilio social na Praza do Obradoiro, s/n, 15705, de Santiago de Compostela, actuando no seu nome e representación en virtude dos poderes outorgados polos artigos 124.4 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Don Valentín González Formoso, na súa condición de Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, con CIF P1500000C e domicilio social na Avenida Porto da Coruña, 2, 15003, da Coruña actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 105.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e en execución do acordo do Pleno da Corporación do ---- de 2021, polo que se concedeu a subvención nominativa que se instrumenta no presente convenio.

Don Antonio López Díaz, Reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en diante, USC), quen actúa en nome e representación desa institución en virtude do Decreto 57/2018, do 31 de maio, do seu nomeamento (DOG núm. 106, do 5 de xuño de 2018) e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, e polo Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da USC, con CIF Q1518001A e sede social no Pazo de San Xerome, sito na Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela.

Todas as partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e recoñécense mutuamente capacidade para formalizar o presente convenio interadministrativo, sobre a base dos principios de colaboración, cooperación, coordinación e información

multilateral que deben presidir as relacións entre administracións en materia de deporte.

MANIFESTAN

A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.

O artigo 6 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece que para o mellor exercicio das súas competencias, a Administración autonómica poderá subscribir convenios de colaboración coas demais administracións públicas e entidades públicas e privadas vinculadas á actividade deportiva.

O Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de deportes e, en particular, a promoción e difusión da actividade física e do deporte, con especial atención á promoción da igualdade entre homes e mulleres, actuando, se é o caso, en colaboración con outras administracións e entidades públicas e privadas.

No marco da lexislación básica contida na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 80.2 n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establécese a competencia xenérica dos concellos, entre outras materias, para todo o relacionado coas actividades e instalacións deportivas nos seus respectivos termos municipais, o que inclúe as actuacións dirixidas á promoción e o fomento do deporte por parte do Concello de Santiago de Compostela.

De igual forma, a Deputación Provincial da Coruña, e sobre a base das competencias propias previstas no artigo 109 da citada Lei 5/1997, entre as que figuran a iniciativa para garantir a prestación integral e adecuada dos servizos públicos, xunto co fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e sendo coñecedora da necesidade de potenciar na medida do posible o deporte galego nos seus distintos niveis, está interesada en colaborar con todas aquelas entidades que promovan a devandita práctica deportiva.

Doutra banda, no artigo 7 da xa citada Lei do deporte de Galicia, atribúese ás deputacións provinciais competencias relacionadas coa plena utilización das instalacións deportivas existentes no termo provincial, procurando a participación das asociacións deportivas do seu ámbito na optimización do seu uso, así como coidar as condicións de hixiene e seguridade.

A USC é unha entidade de dereito público que contempla entre as súas funcións o desenvolvemento de actividades de extensión universitaria, dirixidas a todos os membros da comunidade universitaria e da sociedade en xeral, coas seguintes finalidades:

- Procurar a formación integral dos membros da comunidade universitaria mediante a programación e organización de cursos, conferencias e todo tipo de actividades culturais, recreativas e deportivas que poidan contribuír á mellor realización deste obxectivo.
- Promover unha acción deportiva integral, saudable, diversa e para todas as persoas, co máximo respecto polo noso medio ambiente e a nosa cultura.
- Estimular a participación nas actividades físico-deportivas de todos os membros da comunidade universitaria e da cidadanía en xeral.
- Reforzar o compromiso institucional coa igualdade, de acordo coas accións promovidas dende os plans de igualdade e outras medidas que se puideran acordar.
- Proxectar as funcións e os servizos da universidade na contorna social.
- Establecer as medidas necesarias que favorezan e fomenten a práctica deportiva por parte dos membros da comunidade universitaria.

Por todo o anterior, e atendendo ao disposto no artigo 157.4 dos Estatutos da USC en canto ao establecemento de convenios por parte da Universidade coas administracións públicas, outras universidades e con entidades públicas ou privadas para manter e potenciar as súas infraestruturas deportivas, as partes comparecentes citadas con anterioridade, na respectiva representación conferida a cada unha delas,

ACORDAN

Asinar o presente convenio administrativo de cooperación de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

É obxecto do presente Convenio establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, o Concello de Santiago de Compostela, a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para o financiamento e execución das obras consistentes na ***renovación e o acondicionamento das instalacións de atletismo do estadio universitario, das que dispón a USC no Campus Vida*** da cidade de Santiago de Compostela, de forma que se poida restablecer e promover o uso intensivo das mesmas.

As obras obxecto das subvencións, que se outorgan polo procedemento de concesión directa instrumentada a través deste convenio, ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consisten no acondicionamento da pista do dito estadio, segundo o proxecto de execución, redactado polos técnicos da Área de Arquitectura e Urbanismo da USC, Fernando María Tabernero Duque, arquitecto, Néstor Jesús Rodríguez Porto, arquitecto técnico, e José Ángel Carrillo Presedo, enxeñeiro técnico industrial, aprobado pola Oficina de Supervisión de Proxectos da USC o día 10 de maio de 2021, co seguinte orzamento base estimado para a licitación dos traballos:

Concepto	Importe (€)
Acondicionamento da pista	495.761,99
Orzamento base de licitación	**495761,99**

As referidas instalacións deportivas sitúanse no inmoble con número de identificación catastral 6374201NH3467C0001G, que figura no Inventario patrimonial da USC como ben de dominio público, segundo consta na documentación que se achega con este convenio pola entidade beneficiaria das axudas.

SEGUNDA. Financiamento

Os investimentos necesarios para a realización das obras de renovación e acondicionamento das instalacións deportivas serán financiados conxuntamente pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e a Deputación Provincial da Coruña conforme á seguinte estrutura e cadro de anualidades que se indican:

- A Xunta de Galicia, con cargo á aplicación orzamentaria 04.40.441A.760.0 dos orzamentos da Secretaría Xeral para o Deporte, achegará as cantidades que se indican, coa seguinte desagregación:

Anualidade	Importe (€)
2021	76.591,27 €
2022	96.925,42 €
Total:	**173.516,69 €**

- Por parte do Concello de Santiago de Compostela, con cargo á aplicación orzamentaria 090 43200 7670000 dos orzamentos municipais achegaranse as cantidades que se indican, coa seguinte desagregación:

Anualidade	Importe (€)
2021	65.649,66 €
2022	83.078,94 €
Total:	**148.728,60 €**

- A Deputación Provincial da Coruña, con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3420/781 dos orzamentos provinciais, achegará as cantidades que se indican coa seguinte desagregación:

Anualidade	Importe (€)
2021	76.591,27 €

2022	96.925,43 €
Total:	**173.516,70 €**

O financiamento da Deputación Provincial da Coruña para o ano 2022 queda condicionado á aprobación do Orzamento para o dito exercicio, no que se conteña o crédito correspondente a esa anualidade.

Todos aqueles gastos relacionados coa preparación do proxecto, así como a dirección técnica e a coordinación da seguridade e saúde da obra, serán asumidos pola USC.

Da mesma forma, a sinatura do convenio comportará o compromiso para a Universidade de obter a preceptiva licenza municipal de obras e sufragar, de ser o caso, as taxas e impostos que da expedición daquelas puideran devindicarse. Igualmente corresponderá á Universidade, baixo idéntico criterio, a obtención doutras autorizacións ou licenzas sectoriais que se precisen para a realización e posta en marcha das obras.

As axudas contempladas neste convenio son compatibles con outras que poida acadar a USC, sempre que a suma de todas elas non supere o investimento total real.
Antes do primeiro pagamento, a USC achegará unha declaración do conxunto de tódalas solicitudes de subvención efectuadas, ou concedidas, para as obras obxecto deste convenio, diante das administracións públicas competentes ou doutros entes públicos.
No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, a USC presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como das pendentes da resolución, para este proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

No caso de que se produza un exceso de financiamento, resultará de aplicación o disposto no artigo 33.3 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, debendo proceder a USC á devolución dos importes que procedan na porcentaxe que lle corresponda a cada unha das administracións.

TERCEIRA. Contratación das obras

As obras serán realizadas polo contratista que sexa seleccionado pola USC, de acordo coas previsións e os procedementos previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dando conta ás restantes partes asinantes do presente convenio, así como de calquera modificación do proxecto, prórrogas de prazos establecidos na adxudicación ou alteracións doutros elementos básicos que configuren as actuacións contratadas.

De acordo co artigo 22.4 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación, no comité de expertos para a valoración das ofertas presentadas mediante xuízos de valor, deberá participar un técnico da Deputación.

A execución o e o remate das obras contratadas terá como data límite o **31 de marzo de 2022.**

Tal previsión terá como límite a contía das achegas previstas para cada exercicio de acordo coa cláusula segunda, e sen prexuízo da previsión contida no segundo parágrafo da cláusula quinta, deste convenio.

De acordo co disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a USC actuará con suxeición ao disposto nela no que se refire á obriga de subministrar a información, aténdose en caso de incumprimento ao correspondente réxime sancionador previsto na mesma norma.

CUARTA. Obrigas da Universidade

Por parte da USC garántese a utilización polo conxunto da cidadanía das infraestruturas obxecto das obras de renovación, mellora e acondicionamento, con suxeición á normativa reguladora do servizo de uso das instalacións deportivas e ao cadro de tarifas que con carácter anual se establezan polo Consello Social.

As tarifas fixaranse en función dos custos da prestación dos servizos tanto á comunidade universitaria como ao exterior, e sen prexuízo das bonificacións ou exencións previstas legalmente.

A este respecto, a USC comprométese co Concello de Santiago de Compostela a:

1 Asinar un convenio específico de uso.
2 Facilitarlle o uso da pista de atletismo en horario ordinario e exclusivamente para o correspondente adestramento dun máximo de ata 50 deportistas federadas/os designadas/os e acreditadas/os polo Concello de Santiago de Compostela (neste número quedarían incluídas/os tamén as/os adestradoras/es con licenza en vigor destas/destes deportistas, sempre que estean a desenvolver o seu labor con elas/eles), cunha bonificación do 100% das tarifas previstas, desde o momento da sinatura do convenio que nos ocupa e ata que se inicien as obras ou despois da entrega destas de non mediar aínda un convenio específico de uso.
3 Cederlle o uso das devanditas infraestruturas en horario extraordinario para a celebración de competicións atléticas en interese dos clubs locais e por un máximo de ata 50h. anuais (anuais entendidas por curso deportivo), cunha bonificación do 100% da tarifa prevista (agás os custes extraordinarios de persoal, limpeza e outros que resulten necesarios), unha vez entregadas as obras e de non mediar aínda un convenio específico de uso.

A USC comprométese coa Deputación provincial da Coruña a cederlle o uso das devanditas infraestruturas para a celebración de competicións atléticas organizadas polo organismo provincial e por un máximo de 30 días anuais (anuais entendidas por curso deportivo), cunha bonificación do 100% da tarifa prevista (agás os custes extraordinarios de persoal, limpeza e outros que resulten necesarios), unha vez entregadas as obras.

En tanto beneficiaria das axudas a USC, ademais da pertinente acreditación de non incorrer nas prohibicións para obter tal condición recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberá cumprir as seguintes obrigas previstas nesa mesma norma:

1ª. Execución das obras comprendidas no proxecto técnico que fundamentan a concesión das axudas.

2ª. Xustificar ante as administracións que subvencionan a execución dos traballos o cumprimento das finalidades que sustentan o outorgamento das axudas, a realización das actuacións que as motivaron e o seu custo real, nos termos establecidos neste convenio.

3ª. Someterse ás actuacións de comprobación que poidan efectuar as devanditas administracións, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4ª. Comunicar a posible obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión das axudas. Esta comunicación efectuarase no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

5ª. Acreditar que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

6ª. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil ou sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos resulten esixibles coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

7ª. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

8ª. Destinar os bens sobre os que se realizan as obras ao fin concreto para o que se conceden as axudas por un período non inferior a cinco anos, a tratarse de bens inscritibles nun rexistro público.

9ª. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da citada Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

10ª. Deseñar e desenvolver as actuacións comprendidas no obxecto do presente convenio tendo en conta ás necesidades e demandas das persoas con discapacidade e baixo os principios establecidos no Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

11ª. Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

QUINTA. Obrigas das administracións que financian as obras

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, o Concello de Santiago de Compostela e a Deputación provincial da Coruña, cooperarán na realización das obras derivadas do presente convenio de colaboración mediante as respectivas achegas, concretadas nos importes descritos na segunda cláusula, que representan as seguintes porcentaxes do orzamento estimado de licitación previsto na cláusula primeira:

Xunta de Galicia: 35%
Concello de Santiago de Compostela: 30%
Deputación provincial da Coruña: 35%

No caso de que o investimento finalmente realizado teña un custo inferior ao previsto de inicio, e sempre que tal circunstancia non supoña unha realización deficiente do proxecto, a contía das axudas reduciranse proporcionalmente respecto ao custo total do investimento, de acordo coas porcentaxes de financiamento sinaladas no parágrafo anterior.

SEXTA. Visita e publicidade das obras

As partes resérvanse o dereito a inspeccionar as obras derivadas do presente convenio durante a execución das mesmas.

Darase publicidade ás obras que se executen no marco do convenio mediante un cartel informativo da natureza das mesmas, con indicación expresa das Administracións Públicas que colaboran no financiamento das actuacións que comprenden. O tratamento tipográfico identificador das respectivas entidades e dos seus logotipos ou anagramas será idéntico.

Unha vez rematadas as obras deberase colocar unha placa nun lugar visible, na que queda constancia da data da inauguración e do financiamento concedido polas tres administracións públicas que concorren na sinatura deste convenio.

Aos actos de inauguración ou posta en marcha das instalacións asistirán os representantes oficiais designados polas entidades signatarias, para o que se facilitará, coa suficiente antelación, o día e hora de celebración dos mesmos.

En toda a información que se transmita aos medios de comunicación respecto deste convenio e das obras que conforme ao mesmo se leven a cabo, farase indicación expresa das Administracións Públicas que colaboran no financiamento das mesmas.

SÉTIMA. Xestión e mantemento das instalacións

Unha vez executadas as obras corresponderá á USC a xestión, mantemento e conservación das instalacións deportivas, correndo da súa conta a totalidade dos custos que en concepto de persoal, adquisicións de bens, servizos ao exterior e outros conceptos se deriven delas. A cuantificación global de tales custos segundo o último informe anual de contabilidade analítica ascendeu a 470.657,11 euros.

Da dita xestión, mantemento e conservación deixarase constancia na acta da recepción das obras que, para estes efectos, subscriban as autoridades asistentes ao acto indicado na cláusula anterior en representación de cada unha das partes asinantes do convenio, ou persoas en quen deleguen.

O anterior non exclúea a responsabilidade que á empresa adxudicataria lle corresponde na vixilancia e conservación das obras contratadas e ata a completa conclusión do período de garantía, unha vez rematados os traballos.

OITAVA. Forma de pagamento

Os pagamentos das axudas, en virtude da previsión contida no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia xa citada, efectuarase nas contas titularidade da USC en que así se dispoña, en canto entidade beneficiaria, e terán o carácter de pagamentos a conta e fraccionados segundo o ritmo de execución das obras, aboándose pola contía equivalente á documentación xustificativa que se vaia presentando na medida da dita execución, nos termos recollidos na cláusula seguinte.

Estes pagamentos a conta non poderán exceder das anualidades previstas para cada un dos exercicios orzamentarios, por parte das administracións públicas que financian as obras.

Non obstante, de acordo co disposto no artigo 63 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da lei de subvencións de Galicia, prevese tamén a posibilidade de conceder pagamentos anticipados de ata un 80%[1] da subvencións previstas, naqueles supostos en que o investimento esixa pagamentos inmediatos e sen que se supere igualmente a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. A concesión do anticipo polas respectivas administracións autonómica e locais asinantes do presente convenio realizarase, de ser o caso, mediante resolución motivada.

En virtude do previsto no artigo 51 da Lei 3/2021, de 28 de xaneiro de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, a USC queda exonerada da constitución das garantías previstas pola normativa de subvencións para os supostos de pagamentos anticipados e á conta.

Con carácter previo aos pagamentos parciais que se vaian producindo e na medida en que a xustificación sexa correcta, por parte da USC emitirase ao mesmo tempo, ao abeiro do previsto no artigo 11 letra e) do reiterado Decreto 11/2009, a pertinente declaración responsable de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.

1 O Decreto 11/2009 establece o límite de pagamentos anticipados no 50% da subvención concedida, pero á vista da previsión contida no art. 63.4 podería incluso superarse a referida porcentaxe, tratándose de subvencións de capital instrumentadas mediante convenio con outras administracións públicas.

NOVENA. Documentación xustificativa

Son gastos subvencionables os que cumpran cos requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación das axudas que rematará o día 30 de novembro de 2021 e 30 de novembro de 2022 para os gastos correspondentes ás anualidades 2021 e 2022, respectivamente.

De acordo co previsto no artigo 28 da mesma norma, a xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos, con carácter ordinario, terá lugar mediante a presentación de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente. A acreditación dos gastos tamén poderá efectuarse mediante facturas electrónicas, sempre que cumpran os requisitos esixidos para a súa aceptación no ámbito tributario.

Para o cobro do primeiro prazo a Universidade remitirá certificación do acordo de adxudicación do contrato de obra.

Non obstante, en virtude da condición de Universidade da entidade beneficiaria das axudas, a xustificación tamén poderá consistir na certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, sen prexuízo de que naquelas axudas e subvencións que se concedan con cargo a créditos financiados con recursos procedentes da Unión Europea, a xustificación dos gastos efectuarase con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, e a do pagamento, cos xustificantes das transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagamentos realizados, de acordo coa normativa aplicable aos fondos europeos.

Xunto coa documentación sinalada no parágrafo anterior, achegaranse as certificacións de obra que correspondan.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas, nas condicións previstas no artigo 33 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, supere o custo total da actividade.

DÉCIMA. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia durante catro anos, sen prexuízo da posibilidade de prorrogar o dito período por un prazo máximo de catro anos subscribindo unha Addenda de renovación.
Porén o financiamento das obras realizarase durante os anos 2021 e 2022 tal e como ven establecido na cláusula segunda deste convenio.

Porén, financiaranse os gastos relacionados coas obras programadas que se realicen desde o día 1 de marzo do presente exercicio 2021, sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados. En todo caso os pagamentos dos gastos subvencionables ao abeiro deste convenio deberán estar efectivamente realizados na data límite de presentación da xustificación establecida na cláusula precedente.

A denuncia, que requirirá o acordo previo do órgano competente da administración que a pretenda, producirá efectos aos noventa (90) días da súa presentación diante da comisión á que se refire a cláusula décimo terceira, logo da liquidación das obrigas pendentes de cumprir pola parte que a formule.
O incumprimento das cláusulas deste convenio será causa bastante para a súa denuncia.
De acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, son causas de resolución do presente convenio:
1.- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se teña acordado a prórroga do mesmo.
2.- O acordo unánime de todos os asinantes.
3.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes. Neste caso, estarase ao disposto no artigo 51 c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
4.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
5.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMA PRIMEIRA. Modificación do convenio

As causas polas que se pode modificar o presente convenio son:

1.- Por acordo unánime dos asinantes.

En todo caso, a solicitude de modificación do prazo para presentar a xustificación do convenio, por parte da Universidade, deberá realizarse cunha antelación mínima dun mes á data de finalización do mesmo.

2.- De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade e sustentabilidade financeira.

Esta modificación respectará en todo caso o obxecto da subvención, evitando actuacións deficientes e incompletas.

DÉCIMO SEGUNDA. Comisión de seguimento.

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha Comisión mixta e paritaria integrada por un representante de cada unha das entidades públicas que subscriben o presente convenio.

A Comisión mixta poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando así o solicite algunha das partes. Entre as súas funcións destácanse:

- A interpretación do convenio.
- A intervención previa á resolución por incumprimento polas causas previstas normativamente.
- Proposta, de ser o caso, de addendas.
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento deste convenio.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e posibles responsabilidades relacionadas coas subvencións concedidas, resolveranse pola respectiva administración pública que tramite as axudas.

DÉCIMO TERCEIRA. **Obrigas de publicidade**

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no artigo 15 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO CUARTA. Información básica sobre protección de datos persoais.

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste, consonte o disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados, en canto ao réxime das subvencións, por cada unha das administracións públicas responsables do tratamento e coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive

da xestión deste convenio. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos comprendidos na normativa citada anteriormente, a través das sedes electrónicas respectivas ou ben de xeito presencial nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

DÉCIMO QUINTA. Réxime xurídico

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita Lei 9/2007, e demais normativa que sexa de aplicación.

Este convenio é de natureza administrativa e, consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade coas estipulacións do presente convenio, asínano a totalidade dos comparecentes, por cuadriplicado exemplar, no lugar e data ó comezo indicados.

O Secretario Xeral para o Deporte — **O Presidente da Deputación Provincial da Coruña**

José Ramón Lete Lasa — **Valentín González Formoso**

O Alcalde do Concello de Santiago de Compostela — **O Reitor da Universidade de Santiago de Compostela**

Xosé Antonio Sánchez Bugallo — **Antonio López Díaz”**

9.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España para o cofinanciamento do VI Encontro de mulleres adictas en rehabilitación e familiares de España e do correspondente convenio.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 13 de outubro de 2021.

2.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 5.400,00 **€**, á Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España para cofinanciar o *VI Encontro de mulleres adictas en rehabilitación e familiares de España,* cun orzamento subvencionado de 7.860,48 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2022, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do VI Encontro de mulleres adictas en rehabilitación e familiares de España.

Na Coruña, a

REÚNENSE

D/Dna._____en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna._____ en nome e representación da Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

EXPOÑEN

1.- No ano 2013 constituíuse a Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España, entidade sen ánimo de lucro, cuxo obxecto é o de promover, orientar e impulsar o movemento asociativo dos enfermos alcohólicos rehabilitados, de outras adiccións e dos seus familiares para a súa rehabilitación.

Realizaranse actividades tales como convencións, conferencias, coloquios, círculos de estudo, xornadas técnicas de estudo, asembleas abertas, publicacións periódicas ou monografías, sobre os problemas que causa o alcoholismo, outras adiccións e a codependencia para acadar os fins de:

- Reunir e difundir a información xeral ou especializada sobre as mencionadas enfermidades aditivas e posibles solucións. Promover o coñecemento específico da enfermidade alcohólica, doutras sustancias e condutas aditivas ante a opinión pública, a fin de suscitar o interese por esta enfermidade e o necesario espírito de solidariedade.

- O desenvolvemento de Programas socio recreativos e/ou culturais, encamiñados a reforzar o espírito asociativo e a conciencia de pertenza ao colectivo de Alcohólicos e Adictos en Rehabilitación, así como potenciar o grao de colaboración e coordinación entre os seus membros.

- Espertar a Conciencia Pública e Política sobre o problema do alcoholismo, outras adiccións e a codependencia nos seus aspectos sociais, asistenciais, familiares e laborais e outros.

2.- Que a Deputación da Coruña é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime Local 7/85 de 2 de abril , art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como co disposto na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España,** con CIF G98726136, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do ***VI Encontro de mulleres adictas en rehabilitación e familiares de España.***

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España.

A Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España

levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto		Importe
Xestión de inscricións		600,00 €
Retransmisión online do evento:	Gravación con cámaras, realización en directo, técnicos de streaming, plataforma de emisión, probas con ponentes, creación de grafismos para a emisión, canais de emisión, preguntas do público,...	5.235,21 €
Publicidade e propaganda	Web	367,50 €
	Impresións	171,82 €
	Cartelaría e decoración	235,95 €
	Adaptación da imaxe gráfica	450,00 €
Soldos e salarios	Persoal administrativo	600,00 €
	Seguridade Social	200,00 €
	Total	***7.860,48 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **5.400,00 €**, o que representa unha porcentaxe de 68,70%.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 68,70 **%**, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España, xustificativa do

cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

*** Certificación** da aprobación das facturas e demáis documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2021.

*** Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* Declaración de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2022**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida

corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1. A Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España poderá ser escollida pola Intervención

provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2022** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2021**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2022 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Confederación de Alcohólicos Adictos en Rehabilitación y Familiares de España, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes prececeptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

10.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e EXPONAV para financiar "Os gastos de funcionamento da Fundación e do Museo da Construción Naval 2021"

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artígos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento e no capítuo II: Os procedementos de concesións e xestión das subvencións da ordenanza xeral de subvencións e transferencias (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019). Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva,como o incorporado no presente expediente:

- A Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de la Actividades Marítima (EXPONAV) ten como obxecto social reunir, expoñer e conservar o patrimonio técnico, ornamental e documental relativo á construción naval e ao sector marítimo; así como propiciar actividades complementarias relacionadas co mar e a construción naval, como son recopilación e mostras de fotografía e pintura, talleres de restauración de fondos, habilitación de salas de conferencias permanentes e temporais, exposicións, etc todo isto para acometer a organización da Exposición Naval de la Construción Naval, que ten a súa sede no edificio de Herrería do Arsenal Militar de Ferrol.

- A actividade proposta consiste en executar un programa global, que a través de múltiples e singulares accións, contribúan á dinamización do sector da construción naval e as actividades marítimas, no que existen poucas oportunidades e apoios para o emprego na localidade e na comarca, polo que se precisa aumentar a formación e o coñecemento dun sector tan importante como é a construción naval e as actividades marítimas, co obxectivo de diferenciar e diversificar a oferta tanto museística como patrimonial referenciada ás actividades martítimas.

- Por outra bada é preciso continuar co compromiso cultural adquirido coa sociedade de ferrolterra e da comunidade galega non soamente a través do museo senón con

diversos obradoiros, exposición, visitas, xornadas, conferencias, integración da comunidade educativa o que supón facerse cada vez máis presente na vida cultural e social.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS EXPONAV para financiar o proxecto “Gastos de Funcionamento da Fundación e do Museo da Construcións Naval”.

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 100.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/333.1/481

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTOS DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte o en representación da Excma. Deputación Provincial de A Coruña,

Doutra parte, en representación da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Fundación para o Fomento do Coñecemento da Construcción Naval e das Actividades Marítimas EXPONAV consideran de gran interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa promoción e dinamización económica da provincia.
Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da

FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV). CIF G-15944564, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto ”Gastos de funcionamento da Fundación e do Museo da Construcción Naval”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Mantenemento	20.900,00 €
Contratacións externas	41.300,00 €
Subministros	1.600,00 €
Seguros	1.600,00 €
Seguridades Social a cargo da entidade	14.600,00 €
Soldos e salarios	45.000,00 €
TOTAL	**125.000,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **100.000,00 €,** o que representa unha porcentaxe de 80**%.** No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80**%** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/333.1/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario

para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONCOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV),deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.
3. No caso de que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Segundo o artigo 6 da ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019), queda establecido que ademais de facer constar a colaboraión da Deputación na información gráfica ou audiovisual relativa á persona beneficiaria e as súas actividades en cada convocatoria específia ou convenio regulador determiaranse de xeito detallado os medios de difusión para dar a coñeceer o importe e porcentaxe do financiamento provinial da actividade ou proxecto subvenionado.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), unha vez que presenten a seguinte documentación:

O pago da achega provincial realizarase en dúas fases:

- O primeiro pago do 50% da achega abonarase unha vez transcorrido o primeiro semestre contra a presentación da seguinte documentación:

1º Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos durante o primeiro semestre.

2º.- Relación clasificada dos gastos realizados durante o primeiro semestre, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

3º.-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4º.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5º.-Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

6º.-Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

7º.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Para o pago do 2º 50% restante deberan achegar a seguinte documentación:

1º .- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos durante o segundo semestre.

2º.- Relación clasificada dos gastos realizados durante o segundo semestre, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

3º.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4º.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5º.-Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

6º.-Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

7º.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Este segundo pago permitirá completar o pago da totalidade da achega provincial de tal forma que se na xustificación final resulta acreditado unha cantidade inferior o pago limitarase á cantidade total xustificada.

Todo isto en relación co previsto na claúsula terceira do presente convenio.

Polo tanto no caso de xustificar ca segunda xustificación unha cantidade inferior ao 75% do proxecto iniciarase o oportuno expediente de reintegro da totalidade da achega.

A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre o **1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.**
2. Unha vez rematadas as actividades, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV),da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza xeral de subvencións e transferencias publicada no BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no capítulo IV: Procedemento de Control

Financiero da ordenanza xeral de subvencións publicada no BOP Núm 72 de 15 de abril de 2019 o FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), e no capítulo V da ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019, dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.-Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019, dándolle en todo caso audiencia ao interesado

3.- Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019, dándolle en todo caso audiencia ao interesado

4.- Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.
1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONCOMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e

co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. **O presente convenio de colaboración abranguerá os gastos devengados dende o día 1 de xaneiro do 2021 ata o 31 de decembro de 2021**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **día 30 de xuño do ano 2022**, condicionada á existencia de crédito para tal fin.
2. A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) deberá ter presentada a xustificación en todo caso **antes do día 31 de maio de 2022**,
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE
1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día de de

202.

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV)"

11.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Malpica de Bergantiños para financiar o proxecto "XXXVII Mostra da Olería de Buño 2021"

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artígos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva,como o incorporado no presente expediente:

- A actividade subvencionada ao Concello da Malpica de Bergantiños, relativa á “XXXVII Mostra da Olería de Buño 2021” pretende mediante este evento a dinamización comercial, tendo en conta que se trata dun acto de exaltación desta artesanía tradicional, senón tamén na maior actividade de promoción do ámbito xeográfico no que esta inmersa. Contribuíndo decisivamente ao desenvolvemento socioeconómico da vila oleira, da comarca de Bergantiños e da área xeográfica da Costa da Morte. Xunto coa dinamización comercial, a mostra repercute igualmente nunha promoción económica da vila, xa que vai atraer unha grande afluencia de xente, fomentando a promoción cultural, turística, comercial e socioeconómica do entorno xeográfico da vila de Buño.
- Todas as actividades están encamiñadas a visibilizar o traballo da muller na olería mediante a realización de varias actividades.

- As razóns de interese público son evidentes, por ser un sector económico propio, por ser un sector tradicional que se desapareces desaparecería consigo todo ese saber tradicional e desaparecería unha olería de tradición milenaria. Está tamén influindo na cultura e o turismo, polo que é un sector transversal.
- Por outra banda segundo a memoria presentada polo concello, ten a súa causa en que o proxecto a desenvolver, xurde do Concello de Malpica de Bergantiños como evento dinamizador do comercio, fomentando a visita e compra no comercio e, en xeral, na promoción económica da comarca. O fundamento da actuación provincial está na necesidade de apoiar e estimular desde as institucións públicas aquelas actuacións, sexan públicas ou privadas, tendentes a coadxuvar na mellora dos territorios, tanto no seu aspecto territorial como no socioeconómico.
- Cabe considerar, ademais, que o proxecto, pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

3º Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños con CIF P1504400A para cofinanciar "XXXVII Mostar da Olería de Buño 2021" cunha achega provincial de 40.000,00 € con cargo á aplicación presupustaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiación do 80% con respecto a un orzamanto de 50.000,00 €

4º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños polo que se instumenta unha subvención nomintiva para o cofinaniamento do proxecto "XXXVII Mostra de Oleria de Buño 2021"

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte , en representación da Excma. Deputación Provincial de A Coruña,

Doutra parte , en representación do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS consideran de gran interese para a provincia potenciar que o sector da olería se converta nunha actividade rendible de futuro que repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial**.**

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio interadministrativo de cooperación ten por a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a do **CONCELLO MALPICA DE BERGANTIÑOS**, CIF P1504400A fixando as condicións que se impoñan por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto " XXXVII Mostra da Olería de Buño 2021", que se celebrará entre os días do **12, 13, 14 e 15 de agosto de 2021.**

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA DE REALIZAR

O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Servizo de azafatas	**2.500,00 €**
Aluguer de carpa	**2.500,00 €**
Material gráfico/imprenta/fotografía	**3.000,00 €**
Actividades: eventos, animación, actuacións…	**21.750,00 €**
Decoración/sinalización	**4.000,00 €**
Servizo vixilancia e protección do evento	**1.200,00 €**
Montaxe e desmontaxe mostra	**2.500,00 €**
Instalación eléctricas	**3.000,00 €**
Aluguer equipos megafonía	**1.850,00 €**
Publicidade e promoción	**6.500,00 €**
Suministros	**1.200,00 €**
TOTAL	**50.000,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **40.000,00** €, o que representa unha porcentaxe de **80%** No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. . Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/46201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutra subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Segundo o artigo 6 da ordenanza xeral de subvenións e transparencia queda establecido que ademais de facer constar a colaboraión da Deputación na información gráfica ou audiovisual relativa á persona beneficiaria e as súas actividades en cada convocatoria específia ou convenio regulador determiaranse de xeito detallado os medios de difusión para dar a coñeceer o importe e porcentaxe do financiamento provinial da actividade ou proxecto subvenionado.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DEMALPICA DE BERGANTIÑOS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridde Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA

4.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

3.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1 As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre o dia 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2021.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvención e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida coresponder..
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.-O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.-A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3.-A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no capítulo IV: Procedemento de Control Financiero da ordenanza xeral de subvencións publicada no BOP Núm 72 de 15 de abril de 2019 o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de

xullo), e no capítulo V da ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019, dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable. 3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2021**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio do ano 2022** sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. O CONCELLO DE MALPICA DE BERRGANTIÑOS deberá ter presentada a xustificación en todo caso **antes do día 30 de abril de 2022**,
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día--- de xullo de
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Represenante da Deputación

O representante do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS"

12.- Aprobación técnica do proxecto DP 3201 Ampliación e mellora Estación de Curtis ao Carregal e Gorxa PQ 8+400 ao 11+070 e Senda PQ 8+700 ao 9+700 (Curtis), incluído no Plan de Investimentos 2021, undécima fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar técnicamente o proxecto incluido no Plan de INVERSIÓN EN VIAS PROVINCIALES 2021 11ªFASE cun presuposto total de 1.130.346,70.- euros, con cargo a la aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2021.1110.0013.0	DP 3201 AMPLIACION E MELLORA ESTACION CURTIS AO CARREGAL E	CURTIS	1.130.346,70 €	156.304,22€

	GORXA PQ 8+400 AO 11+070 E SENDA PQ 8+700 AO 9+700			

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da seguinte obra:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2021.1110.0013.0	DP 3201 AMPLIACION E MELLORA ESTACION CURTIS AO CARREGAL E GORXA PQ 8+400 AO 11+070 E SENDA PQ 8+700 AO 9+700	CURTIS	1.130.346,70 €	156.304,22€

3.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

13.- Aprobación definitiva do Plan de Investimentos 2021, primeira fase.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar definitivamente o PLAN DE INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2021 PRIMEIRA FASE cun orzamento total de 392.811,01.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO
2021.1110.0001.0	MELLORA DA INTERSECCIÓN	CARIÑO	392.811,01

	DA DP 6121 MERA A CARIÑO COA DP 6119 LANDOI A PQ 5 DA DP 6121.		

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

14.- Aprobación definitiva do Plan de Investimentos 2021, quinta fase.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a PRIMEIRA RELACION DO PLAN DE INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2021 QUINTA FASE cun orzamento total de 553.442,41.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO
2021.1110.0005.0	DP 3104 VARIANTE AEROPORTO DE ALVEDRO: ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL EN LIÑARES	CULLEREDO	553.442,41 €

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos

nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

15.- Aprobación definitiva do Plan de Investimentos 2020, cuarta fase.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar definitivamente o PLAN DE INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2020 CUARTA FASE cun orzamento total de 93.532,95.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO
2020.1110.0005.0	MELLORA DE SEGURIDADE VIAL NA DP 1704 CAMBRE A CARRAL PQ 0+580 A 1+070	CAMBRE	93.532,95

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

16.- Aprobación do Plan de Conservación de vias provinciais 2021, terceira fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de CONSERVACION DE VIAS PROVINCIAIS 2021, TERCEIRA FASE cun orzamento total de 2.020.633.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/61900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION DA OBRA	CONCELLO	IMPORTE
2021.1100.0035.0	DP 2502 VALDOVIÑO A CERDIDO. MELLORA DE CAPA DE RODAXE CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE PQ 3+000 AO PQ 5+600	. VALDOVIÑO	249.193,89
2021.1100.0036.0	DP 6602 REFORZO DE FIRME. FONTE DIAZ-SANTA IRENE PQ 2+693 AO 4+674	O PINO	232.497,69
2021.1100.0037.0	DP 4603 MELIDE A RIBADULLA. REFORZO DE FIRME. PQ 1+070 A 5+821	MELIDE	426.457,80
2021.1100.0038.0	DP 8401 TABLILLA A AGRODOMESTRE POR PONTEPEDRA. MELLORA DE FIRME PQ 3+160 AO 5+500	TORDOIA	301.945,52
2021.1100.0039.0	DP 5903 ORDES A PORTOMOURO POR PONTECHONIA. MELLORA CAPA DE RODAXE CON MBQ PQ 5+300 AO 8+500	TORDOIA E TRAZO	419.629,37
2021.1100.0040.0	DP 2405 CERCEDA A MESÓN DO VENTO MELLORA CAPA DE RODAXE CON MBQ P.Q. 1+700 A 5+170	CERCEDA E ORDES	390.908,73
TOTAL……..			2.020.633

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

17.- Aprobación do Plan de Conservación de vias provinciais 2021, cuarta fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de CONSERVACION DE VIAS PROVINCIAIS 2021, CUARTA

FASE cun orzamento total de 700.198,50.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/61900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION DA OBRA	CONCELLO	IMPORTE
2021.1100.0041.0	DP 0514.- ARTEIXO A CAION. MELLORA DA CAPA DE RODAXE CON MBQ PQ 1+150 A 11+200	.ARTEIXO E A LARACHA	449.978,62
2021.1100.0042.0	DP 0106.- SAN VICENTE DE VIGO A OZA DOS RIOS. MELLORA DA CAPA DE RODAXE CON MBQ PQ 0+000 - 3+170	ABEGONDO E CARRAL	250.219,88
TOTAL……..			700.198,50

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

18.- Aprobación da toma de coñecemento do informe do Consello de Contas de Galicia relativo á fiscalización sobre os criterios de repartición de recursos entre concellos a través dos Plans provinciais e a eficiencia do gasto. Deputación da Coruña lexislaturas 2003-2019, aprobado polo Pleno do Consello de Contas na sesión do 6 de outubro de 2021

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"A vista do informe do Consello de Contas de Galicia de fiscalización sobre os criterios de repartición de recursos entre os concellos a través dos Plans provinciais da Deputación da Coruña nas lexislaturas 2003-2019:

1º) Aprobar a toma de coñecemento do informe do Consello de Contas de Galicia de fiscalización sobre os criterios de repartición de recursos entre concellos a través dos Plans provinciais e a eficiencia do gasto da Deputación da Coruña lexislaturas 2003-2019, que foi aprobado polo Pleno do citado órgano fiscalizador na sesión realizada o 6 de outubro de 2021.

2º) Dar conta de que nas Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) ”POS+2022”, se atenden recomendacións realizadas polo Consello de Contas de Galicia neste informe de fiscalización, sobre todo no relativo ao apartado de criterios de repartición de

recursos entre concellos a través dos Plans provinciais, no senso de describilos e sinalar as fontes e datas de referencia para a aplicación de cada un deles.

3º) Asumir a tarefa de estudar e analizar a aplicación práctica das recomendacións realizadas polo Consello de Contas de Galicia no seu informe de fiscalización, respecto dos apartados aos que pola súa complexidade e dada a data na que se notificou a esta deputación o citado informe, non é posible darlles cumprimento xa nestas Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) da anualidade 2022."

19.- Aprobación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022"

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º) Aprobar as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022", cuxo texto figura no Anexo que se xunta.

2º) Condicionar a aprobación definitiva destas Bases á existencia de crédito adecuado e suficiente nas partidas 0430/4592/46201, 0430/4592/76201, 0430/9439/82120, 0611/23126/46201 e 0611/23126/76201, tanto no orzamento inicial do exercicio 2022 como nos expedientes de modificación de créditos que esta deputación aprobe para o financiamento do POS+ 2022."

BASES REGULADORAS
PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL
(PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)

“ POS+ 2022 ”

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente “Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022” é un Plan propio da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2022 destinado aos 93 concellos da provincia, que se elabora no marco do previsto no artigo 36.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE núm. 80, do 3 de abril), tendo en conta as modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local (BOE núm. 312 do 30 de decembro de 2013) e nos artigos 32 e 33 do Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE núm. 96 do 22 de abril), no que se regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente o dito Plan en colaboración cos concellos da provincia.

O Plan finánciase previsiblemente coas seguintes achegas e préstamos provinciais, que poderían incrementarse se esta deputación así o acorda:

- Cunha **“achega provincial 2022”** por importe de 20.000.000,00 € que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2022, posto que nos últimos anos a Administración Xeral do Estado non realizou achegas aos Plans provinciais elaborados polas deputacións provinciais.

En principio, pártese de que nas partidas 0430/4592/46201 e 0430/4592/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2022 vaise consignar a cantidade de 20.000.000,00 € para o financiamento desta achega provincial 2022 ao Plan.

- Cunha **“achega provincial 2021”** por un importe total de 17.400.000,00 € que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2022 na partida 0430/4592/76201, a través do expediente de modificación de créditos (EMC) 7/2021. Desta cantidade, 9.650.138,73 € correspóndese coas baixas de licitación ou coas anulacións de investimentos da parte do POS+2018 non reinvestida no POS+2021 e coas baixas de licitación ou coas anulacións de investimentos do POS+2019 e do POS+ 2020, polo que se lle asignan aos concellos nos que se produciron; e a cantidade restante de 7.749.861,27 asígnase no POS+ 2022 a todos os concellos da provincia aplicando os criterios obxectivos de reparto do Plan.

- Cunha achega provincial denominada **“préstamo provincial 2022”** por importe de 1.500.000,00 €, que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2022 na partida 0430/9439/82120, coa finalidade de realizar préstamos aos concellos sen xuros, con dous anos de carencia e cun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2024, prazo prorrogable mediante Resolución da Presidencia.

- Cunha **“achega provincial 2022 extraordinaria"** por importe de 7.000.000,00 €, para o financiamento do "POS+Adicional 1/2022 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022".

En principio, pártese de que nas partidas 0611/23126/46201 e 0611/23126/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2022 vaise consignar a cantidade de 7.000.000,00 € para o financiamento desta achega provincial 2022 extraordinaria ao Plan.

Con isto, o importe total das achegas e do préstamo provinciais destinados ao financiamento do **POS+2022 e do POS+Adicional 1/2022 ascende a 45.900.000,00 €,** como se indica a continuación:

Plan	Tipo de achega	Consignación	Asignación aos 93 concellos	Reinvestimento baixas / anulacións
POS+2022	Achega provincial 2022	20.000.000,00	20.000.000,00	
	Achega provincial 2021	17.400.000,00	7.749.861,27	9.650.138,73
	Préstamo provincial 2022	1.500.000,00	1.500.000,00	
	Subtotal POS+2022	**38.900.000,00**	**29.249.861,27**	**9.650.138,73**
POS+ AD 1/2022	Achega extraordinaria 2022 (social)	7.000.000,00	7.000.000,00	
TOTAL		**45.900.000,00**	**36.249.861,27**	**9.650.138,73**

Pero dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento desta deputación para o orzamento 2022, o POS+ 2022 concíbese co carácter de "Programación preventiva de actuacións", suxeita polo tanto a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento e, en consecuencia, o Plan que poida aprobarse pola deputación poderá ser o resultado de reprogramacións de importes ou anualidades, consonte ao criterio de prioridade previsto na Base 6.

Por iso, a aprobación destas Bases queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente, tanto no orzamento inicial do exercicio 2022, como nos expedientes de modificación de créditos que esta deputación aprobe ao longo dos anos 2021, 2022 ou 2023 para o financiamento do POS+ 2022. Consonte co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

2.- FINALIDADE E OBXECTO

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, e que para estes efectos as deputacións aprobarán anualmente un Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal en cuxa elaboración deben participar os concellos da provincia.

FINALIDADE

O POS+ 2022 continua na liña dos POS+ 2017, 2018, 2019, 2020 e 2021, que introduciron importantes novidades en relación cos Plans dos anos anteriores, coa intención de acadar as seguintes finalidades:

- **Reducir o número de Plans** destinados a colaborar cos concellos, integrando no POS+ 2022, xunto co tradicional POS, tanto outros Plans especiais financiados con cargo ao superávit, como o Plan destinado a concederlles préstamos aos concellos para a redución da súa débeda con entidades financeiras ou realizar investimentos financeiramente sostibles, que anteriormente daban lugar a novos Plans

- **Racionalizar e obxectivar** a colaboración desta deputación cos concellos da provincia na realización de investimentos que antes estaba dispersa en distintas liñas de subvencións, de xeito que, por unha banda, suprímense algunhas destas liñas e os seus créditos pasan a sumarse á achega provincial a este Plan, que deste modo se ve incrementada, o que ademais **simplifica as tarefas administrativas dos concellos** na realización de trámites; e por outra banda, realízase unha distribución de fondos entre todos os concellos aplicando os criterios obxectivos e transparentes que tradicionalmente se veñen empregando no POS.

As liñas de subvencións desta deputación cuxas dotacións orzamentarias se sumaron ao POS+ desde o exercicio 2017 son as que deseguido se indican:

FO201	Cultura actividades
FO202	Cultura Investimentos
FO101	Deportes actividades
FO102	Deportes Investimentos
FOAYAA	Promoción económica actividades
FOAYIA	Promoción económica investimentos
DP007	Turismo actividades
DP0006	Turismo investimentos
FOAXCA	Desenvolvemento Servizos Sociais
FOI00B	Políticas de igualdade
FO036A	Envellecemento activo

É importante salientar que o importe das achegas provinciais destinadas desde o 2017 a estas liñas de subvencións sumouse á dotación do POS+ 2017, 2018, 2019, 2020 e 2021, e tamén se suma á do POS+2022, incrementándose os créditos inicialmente destinados ao POS+ cos que ata entón se destinaban a financiar estas liñas de subvencións suprimidas.

Polo tanto, os concellos poderán financiar con cargo aos seus propios recursos as actividades e investimentos anteriormente incluídos nas ditas convocatorias de subvencións, por quedar liberados créditos municipais despois de recibir unha maior achega provincial a través do POS+, de modo que este novo sistema non implica unha maior achega do concello.

En consecuencia, para que estas actividades e investimentos continúen realizándose, os concellos deberán consignar nos seus orzamentos a cantidade que anteriormente financiaba a deputación con subvencións finalistas.

- **Facer un Plan dinámico**, que poida ver incrementada a súa dotación orzamentaria e se adapte ao longo do ano para absorber incrementos da achega provincial se os houbera.

- Dar resposta á situacións e necesidades concretas de cada concello, **reforzando a súa autonomía e responsabilidade** mediante a ampliación e flexibilización do seu obxecto, que pasa a ser múltiple, facilitando tamén a **planificación da actividade** do concello.

- **Contribuír de forma efectiva á redución do endebedamento dos concellos coas entidades financeiras,** mediante a concesión de préstamos sen xuros e cun prazo de carencia de 2 anos.

OBXECTO

Elimínase nestas Bases, con respecto ás dos anos 2017, 2018, 2019, 2020 e 2021 o obxecto "Pago a provedores", que obrigaba aos concellos a destinar en primeiro lugar a cantidade asignada neste Plan ao pago das súas débedas con provedores, xa que na disposición adicional octogésima sexta do Proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022, baixo o título *"Ampliación de los ámbitos objetivo y subjetivo del Fondo de Financiación a Entidades Locales para atender las obligaciones pendientes de pago a proveedores de determinadas Entidades Locales",* indica o seguinte:

> "Con carácter excepcional para 2022, se amplía el ámbito objetivo del compartimento Fondo de Ordenación, del Fondo de Financiación a Entidades Locales, regulado en el artículo 40.1 del Real Decreto-Ley 17/2014, de 26 de diciembre, de 373 medidas de sostenibilidad financiera de las Comunidades Autónomas y Entidades Locales y otras de carácter económico, al objeto de financiar la cancelación de las obligaciones de las entidades locales pendientes de pago que se definen en el siguiente apartado. A estos efectos, se incluyen, con carácter obligatorio, en el ámbito de aplicación de esta medida las entidades locales con un período medio de pago global a proveedores superior a treinta días según la información suministrada al Ministerio de Hacienda y Función Pública y publicada, correspondiente a alguno de los meses de diciembre de 2020, marzo o junio de 2021, con arreglo al Real Decreto 635/2014, de 25 de julio".

> […] Las obligaciones pendientes de pago a los proveedores han de reunir todos los requisitos siguientes: a) Ser vencidas, líquidas y exigibles y no estar sujetas a procedimientos de embargo, mandamientos de ejecución, procedimientos administrativos de compensación o actos análogos dictados por órganos judiciales o administrativos. b) Que la recepción, en el registro administrativo de la entidad local, de la correspondiente factura, factura rectificativa en su caso, o solicitud de pago equivalente haya tenido lugar antes del 1 de julio de 2021. […]".

Polo tanto, para acadar as finalidades deste POS+ 2022, os concellos poderán solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignado aos seguintes obxectos:

- GASTO CORRENTE

O concello poderá destinar a "achega provincial 2022", ou excepcionalmente a "achega provincial 2021" no suposto previsto no último parágrafo da Base 2.1, ao financiamento dos seus gastos correntes devengados durante o exercicio 2022 polos bens e servizos de competencia municipal obrigatorios, segundo se detalla nas Bases 2.1 e 5.B.1, sen límite ningún.

- REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS

O concello poderá destinar a "achega provincial 2022" e a "achega provincial 2021" ao financiamento de investimentos de competencia municipal. Cada investimento deberá imputarse soamente a un destes tipos de achega provincial, sen que para estes efectos poidan sumarse as distintas achegas.

- REDUCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO CON ENTIDADES FINANCEIRAS

Por outra parte, no que se refire ao "préstamo provincial 2022", o concello unicamente poderá aplicalo a reducir o seu endebedamento con entidades financeiras non procedentes dos mecanismos de financiamento de pago a provedores de carácter estatal.

- GASTOS SOCIAIS

O concello poderá destinar a "achega provincial 2022 extraordinaria" ao financiamento dos gastos sociais, segundo se detallan na Base 12, a través do "POS+Adicional 1/2022 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022".

En resumo, os obxectos que poden solicitar os concellos con cargo aos distintos tipos de achega e préstamo provincial destinados ao financiamento deste Plan son os que a continuación se detallan, tendo en conta que se elimina o obxecto "pago a provedores" e que o "préstamo provincial 2022" destinarase só á redución do endebedamento do concello con entidades financeiras non procedentes dos mecanismos de financiamento de pago a provedores de carácter estatal.

POS + 2022 E POS + ADICIONAL 1/2022 TÁBOA COS TIPOS DE ACHEGA PROVINCIAL E POSIBLES OBXECTOS PARA CADA TIPO			
P O S + 2 0 2 2			**POS+AD1/2022**
ACHEGA PROVINCIAL 2022 (20.000.000,00 €)	**ACHEGA PROVINCIAL 2021 (17.400.000,00 €)**	**PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 (1.500.000,00 €)**	**ACHEGA 2022 EXTRAORDINARIA (7.000.000,00 €)**
Gastos correntes devengados no 2022	Gastos correntes devengados no 2022 (Excepción da Base 2.1 final)		
Obras ou subministracións	Obras ou subministracións financeiramente sostibles		
		Redución débeda con entidades financeiras	
			Gastos sociais exercicio 2022

A continuación descríbense os posibles obxectos do POS+2022. Respecto do POS+Adicional 1/2022 para gastos sociais extraordinarios, na Base 12 contense a súa regulación específica.

2. 1 Financiamento de gastos correntes (achega provincial 2022 e excepcionalmente achega provincial 2021)

No suposto de que o concello opte por destinar en todo ou en parte a "achega provincial 2022" ao financiamento dos seus gastos correntes, a Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá elaborar unha previsión dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios en cada concello segundo o establecido na lexislación vixente, que se prevé que se devenguen durante o exercicio 2022.

Poderán incluírse os gastos de funcionamento dos servizos de subministración de auga potable, de rede de sumidoiros, limpeza viaria, recollida domiciliaria de lixo, alumeado público, mantemento dos accesos aos núcleos de poboación, e aqueles outros que estean directamente asociados ao funcionamento dos servizos obrigatorios en cada concello, sempre que se devenguen no exercicio 2022. Os custos de persoal poderán incluírse cando estean total e directamente adscritos ao funcionamento dos devanditos servizos municipais, ou cando estean destinados parcialmente, na parte proporcional que corresponda.

Concretamente poderán incluírse os gastos que deseguido se detallan:

- persoal directamente adscrito ao servizo
- bens e servizos correntes
- achegas municipais a entes supramunicipais ou outros que realizan o servizo

Poderá solicitarse o financiamento provincial con cargo ao POS+ 2022 para o financiamento da cantidade efectivamente financiada polo concello, excluíndose polo tanto o importe das taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados asociados á prestación do correspondente servizo, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

Excepcionalmente, os concellos que se atopan nunha situación de "risco financeiro", por ter unha débeda viva con entidades financeiras superior ao 175% dos seus ingresos correntes segundo os datos da última liquidación aprobada, poderán destinar ao financiamento dos seus gastos correntes, tanto a cantidade que reciben en concepto de achega provincial 2022, como a que reciben polo concepto achega provincial 2021, coa finalidade de compatibilizar o cumprimento das súas obrigas ineludibles coa prestación dos servizos municipais básicos, de acordo co previsto no artigo 36 da Lei 7/1985 de bases de réxime local e no artigo 109 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia.

2. 2 Financiamento de obras ou subministracións (achegas provinciais 2021 e 2022)

Neste Plan pódense incluír todas as obras e subministracións que sexan de competencia municipal, con preferencia das asociadas aos servizos obrigatorios, de acordo co establecido nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Se os investimentos teñen por obxecto, en todo ou en parte, actuacións de abastecemento municipal de auga potable, dado que neste suposto o IVE soportado, con carácter xeral, é deducible, este IVE non terá o carácter de gasto subvencionable, polo que non consumirá achega provincial, debendo determinarse xa no momento da presentación da solicitude de participación no Plan, nos Anexos I, V e X, o importe concreto de IVE deducible non subvencionable.

En todo caso, deben ser investimentos para os que o concello teña a plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, aptos urbanisticamente e que non precisen de autorizacións ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse e o concello deberá acreditar documentalmente que xa conta con elas ou que xa as solicitou, xuntando os correspondentes documentos. Neste último caso, esta deputación aprobará estes investimentos condicionados a que o concello xustifique a súa obtención.

Os proxectos e os pregos de prescricións técnicas deberán presentarse para todas as obras e subministracións incluídas neste Plan, tanto do Plan Base como do Plan Complementario ao que se fai referencia máis adiante. O importe mínimo de cada obra é de 30.000,00 € (IVE incluído) e o de cada subministración é de 18.000,00 € (IVE incluído). Non obstante, para o caso de Plans Adicionais, se a achega provincial asignada é inferior a 18.000,00 €, o concello poderá solicitar unha subministración cun orzamento inferior, para axustarse á achega provincial asignada.

Cada obra ou subministración debe ter carácter de completo, no sentido de poder entregarse ao uso público, e ademais identificarase cun único proxecto ou prego de prescricións técnicas, debendo estar asinado por técnico competente.

Cada proxecto ou prego debe constituír unha unidade a efectos de contratación, sen posibilidade de división en lotes, de forma que cada investimento aprobado poida corresponderse cun único expediente de contratación e cun só adxudicatario, coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE nº 272 do 9 de novembro de 2017), relativo á división e adxudicación en lotes. En consecuencia, se o investimento é divisible en lotes deberá solicitarse de forma individualizada en proxectos ou pregos independentes.

Non obstante, o concello poderá solicitar incluír neste Plan un proxecto ou prego susceptible de división en lotes sempre que o órgano de contratación acorde motivadamente non dividir en lotes o obxecto do contrato, xuntando xa coa solicitude de participación neste Plan o acordo ou resolución que así o xustifique validamente, utilizando os motivos que, de acordo co previsto na citada norma, o concello considere aplicables.

Lémbrase que non se admiten as denominacións xenéricas, debendo ser identificados con precisión e claridade os investimentos que se integran no Plan, incluíndo sempre un nome propio na denominación.

Para realizar a selección dos investimentos que se incluirán no Plan teranse especialmente en conta os datos que figuran na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local, (EIEL), xestionada por esta deputación, que constitúe o instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades de dotacións locais para os efectos da cooperación económica local. Recoméndase consultar a "ficha municipal" cos datos do concello que figura na páxina web desta deputación, na que se contén información detallada das súas infraestruturas e datos, en especial a ficha na que figuran os índices sintéticos do concello comparados coa comarca e coa provincia. Os datos dese concello que se reflicten na Enquisa deben servir de base para a elaboración do Plan e así se motivara na correspondente Memoria do Plan asinada pola alcaldía (Anexo II).

Investimentos financeiramente sostibles

(Investimentos financiados con "Achega provincial 2021" e investimentos incluídos no "Plan Complementario").

Para o caso dos investimentos que se soliciten con cargo á "achega provincial 2021" e do "Plan Complementario", debe terse en conta que deben ser "investimentos financeiramente sostibles" e cumprir os requisitos fixados na disposición adicional decimosexta da Lei reguladora das facendas locais, na súa redacción dada polo Real decreto-lei 1/2018, do 23 de marzo (BOE nº 73 do 24 de marzo de 2018) coa modificación introducida polo Real decreto-lei 7/2019, do 1 de marzo (BOE nº 55 do 5 de marzo de 2019).

Esta disposición concreta os requisitos obxectivos, subxectivos e formais dos investimentos "financeiramente sostibles" que poden financiarse con superávit orzamentario, para os efectos do disposto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

De acordo con tales disposicións, os investimentos financeiramente sostibles que se soliciten dentro deste Plan con cargo aos tres conceptos antes indicados, deben ter reflexo orzamentario nos grupos de programas que se concretan no primeiro parágrafo da citada disposición adicional decimosexta da Lei de facendas locais, de entre os programas previstos na Orde EHA do 3 de decembro de 2008, modificada pola Orde HAP do 14 de marzo de 2014, co que os programas actualizados son os seguintes:

160. Rede de sumidoiros
161. Abastecemento domiciliario de auga potable
162. Recollida, eliminación e tratamento de residuos
165. Alumeado público
172. Protección e mellora do medio natural
412. Mellora das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos
422. Industria
425. Enerxía
431. Comercio
432. Información e promoción turística
441. Transporte de viaxeiros
442. Infraestruturas do transporte
452. Recursos hidráulicos
463. Investigación científica, técnica e aplicada
491. Sociedade da información
492. Xestión do coñecemento

Tamén poderán corresponderse cos seguintes programas do segundo parágrafo desta norma, pero coa indicación de que cando se incorra nun gasto de investimento no conxunto de grupos destes programas superior a 15 millóns de euros ou ao 40% do gasto non financeiro total da entidade local respectiva, e supoña incremento dos capítulos 1 ou 2 do estado de gastos vinculado aos proxectos de investimento, requirirase autorización previa da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local do Ministerio de Facenda.

132. Seguridade e orde pública
133. Ordenación do tráfico e do estacionamento
135. Protección civil
136. Servizo de prevención e extinción de incendios
152. Vivenda
153. Vías públicas
171. Parques e xardíns
231. Asistencia social primaria
321. Creación de centros docentes de ensino infantil e primario
323. Funcionamento de centros docentes de ensino infantil, primario e educación especial
332. Bibliotecas e arquivos
333. Equipamentos culturais e museos
336. Protección do patrimonio histórico-artístico
342. Instalacións deportivas
453. Estradas
454. Camiños veciñais
933. Xestión do patrimonio no que se poderán incluír as aplicadas á rehabilitación, reparación e mellora de infraestruturas e inmobles propiedade da entidade local afectos ao servizo público, incluíndo as actuacións de adaptación de infraestruturas que permitan a accesibilidade universal para persoas con discapacidade e persoas maiores.

7

Quedan expresamente excluídas as adquisicións de mobiliario e enseres, salvo que se destinen á prestación de servizos asociados aos grupos de programas recollidos no apartado anterior. Tamén quedan excluídos os investimentos en vehículos, salvo que se destinen á prestación dos servizos públicos de recollida, eliminación e tratamento de residuos, seguridade e orde pública, protección civil, prevención e extinción de incendios, e de transporte de viaxeiros.

2.3 Redución da débeda do concello con entidades financeiras (préstamo provincial 2022)

Se o concello solicita préstamo provincial 2022 poderá aplicalo unicamente a reducir o seu endebedamento con entidades financeiras e deberá presentar a documentación que se detalla na Base 5 xustificativa de que o préstamo que solicita á deputación cumpre cos requisitos establecidos na lexislación vixente para a concertación de operacións de endebedamento, así como que o préstamo a cuxa minoración se aplica non está relacionado con mecanismos de financiamento para o pago a provedores de carácter estatal.

3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste Plan son os 93 concellos da provincia, aos que se lles asignan as cantidades que resultan da aplicación dos criterios que se detallan na base 4, así como as que proceden do reinvestimento, nos concellos nos que se produciron, das baixas de licitación e anulación de investimentos do POS+ 2018, 2019 e 2020 que non foran previamente reinvestidas.

4.- FINANCIAMENTO

No financiamento deste Plan participarán esta deputación e, de ser o caso, os concellos que voluntariamente realicen achegas para completar o financiamento dos seus investimentos.

Para o caso de investimentos que consistan, en todo ou en parte, en actuacións relativas ao abastecemento municipal de auga potable, o IVE soportado deducible non terá carácter de gasto subvencionable, polo que non consumirá achega provincial. O importe do IVE soportado deducible que é aplicable deberá ser informado pola secretaría do concello no apartado B do Anexo X, baseándose no indicado polo redactor do proxecto/prego ou polo técnico municipal no Anexo V, e indicarase no cadro de financiamento do investimento no Anexo I.

4.1.- Achega provincial

Segundo se indica na Base 1, o Plan finánciase previsiblemente coas seguintes achegas e préstamos provinciais, que poderían incrementarse se esta deputación así o acorda:

- Cunha **"achega provincial 2022"** por importe de 20.000.000,00 € que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2022, posto que nos últimos anos a Administración Xeral do Estado non realizou achegas aos Plans provinciais elaborados polas deputacións provinciais.

En principio, pártese de que nas partidas 0430/4592/46201 e 0430/4592/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2022 vaise consignar a cantidade de 20.000.000,00 € para o financiamento desta achega provincial 2022 ao Plan.

- Cunha **"achega provincial 2021"** por un importe total de 17.400.000,00 € que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2022 na partida 0430/4592/76201, a través do expediente de modificación de créditos (EMC) 7/2021. Desta cantidade, 9.650.138,73 € correspóndese coas baixas de licitación ou coas anulacións de investimentos da parte do POS+2018 non reinvestidos no POS+2021 e coas baixas de licitación ou coas anulacións de investimentos do POS+2019 e do POS+ 2020, polo que se lle asignan aos concellos nos que se produciron; e a cantidade restante de 7.749.861,27 asígnase no POS+ 2022 a todos os concellos da provincia aplicando os criterios obxectivos de reparto do Plan.

- Cunha achega provincial denominada **"préstamo provincial 2022"** por importe de 1.500.000,00 €, que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2022 na partida 0430/9439/82120, coa finalidade de realizar préstamos aos concellos sen xuros, con dous anos de carencia e cun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2024, prazo prorrogable mediante Resolución da Presidencia.

- Cunha **"achega provincial 2022 extraordinaria"** por importe de 7.000.000,00 €, para o financiamento do "POS+Adicional 1/2022 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022".

En principio, pártese de que nas partidas 0611/23126/46201 e 0611/23126/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2022 vaise consignar a cantidade de 7.000.000,00 € para o financiamento desta achega provincial 2022 extraordinaria ao Plan.

Con isto, o importe total das achegas e do préstamo provinciais destinados ao financiamento do **POS+2022 e do POS+Adicional 1/2022 ascende a 45.900.000,00 €** como se indica a continuación:

Plan	Tipo de achega	Consignación	Asignación aos 93 concellos	Reinvestimento baixas / anulacións
POS+2022	Achega provincial 2022	20.000.000,00	20.000.000,00	
	Achega provincial 2021	17.400.000,00	7.749.861,27	9.650.138,73
	Préstamo provincial 2022	1.500.000,00	1.500.000,00	
	Subtotal POS+2022	**38.900.000,00**	**29.249.861,27**	**9.650.138,73**
POS+ AD 1/2022	Achega extraordinaria 2022 (social)	7.000.000,00	7.000.000,00	
TOTAL		**45.900.000,00**	**36.249.861,27**	**9.650.138,73**

Dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento da deputación, o POS+ 2022 concíbese co carácter de "Programación preventiva de actuacións", suxeita polo tanto a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento, e a reprogramacións de importes ou anualidades, consonte ao criterio de prioridade previsto na Base 6.

As cantidades que inicialmente se lle asignan a cada concello no POS+2022 e no POS+Adicional 1/2022 calcúlanse mediante a aplicación das variables ponderadas que tradicionalmente se utilizan para realizar as asignacións de fondos do POS á achega provincial 2022, a unha parte da achega provincial 2021 que non se corresponde con baixas ou anulacións, ao préstamo provincial 2022 e á achega provincial extraordinaria 2022 para gastos sociais. A outra parte da achega 2021 que se corresponde con baixas ou anulacións asígnaselles aos concellos nos que se produciron as ditas baixas de licitación ou anulacións de investimentos do POS+2018, 2019 e 2020 que non foran previamente reinvestidas.

Os criterios de reparto do POS son os seguintes:
10% cota fixa
5% esforzo fiscal
15% número de parroquias
35% poboación (só a poboación rural para os concellos de máis de 50.000 habitantes)
35% superficie

O cálculo de cada un destes criterios de reparto, así como a fonte e data de referencia que se aplican, son os que deseguido se indican:

-Respecto ao primeiro criterio de reparto (10% de cota fixa), calcúlase distribuíndo o 10% do total da achega provincial ao Plan de xeito lineal entre os 93 concellos da provincia, aínda que no caso do concello fusionado de Oza-Cesuras, aplicaránselle dúas cotas fixas, coa finalidade de non causarlle prexuízos pola dita fusión.

9

-Respecto ao segundo criterio de reparto (5% do esforzo fiscal), este parámetro obtense directamente das liquidacións dos orzamentos aprobadas por cada concello, dividindo o importe dos dereitos liquidados nos capítulos I (impostos directos) e II (impostos indirectos) do orzamento de ingresos entre a poboación do dito concello, tomando como referencia os datos orzamentarios de 2020 publicados na páxina web do Ministerio de Facenda. Para o caso dos concellos que non teñen os datos correspondentes ao exercicio 2020 empréganse os últimos datos publicados. Para o cálculo da poboación tómanse como referencia as cifras oficiais de poboación do Padrón municipal de habitantes correspondentes ao 1 de xaneiro de 2020 aprobadas polo Real Decreto 1147/2020, do 15 de decembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2020 (BOE núm. 340, do 30 de decembro de 2020) e publicadas polo Instituto Galego de Estadística (IGE).

- No tocante ao terceiro criterio de reparto (15% número de parroquias), calcúlase aplicando os datos do Nomenclátor estadístico de Galicia correspondentes a 1 de xaneiro de 2020 publicados polo IGE.

- Respecto do cuarto criterio (35% poboación), excepto para os concellos de poboación superior a 50.000 habitantes, calcúlase aplicando as cifras oficiais de poboación do Padrón municipal de habitantes correspondentes ao 1 de xaneiro de 2020 aprobadas polo Real Decreto 1147/2020, do 15 de decembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2020 (BOE núm. 340, do 30 de decembro de 2020) e publicadas polo IGE.

Para calcular a poboación rural dos concellos de máis de 50.000 habitantes, tómanse como referencia os datos suministrados para estes efectos polo Servizo de Estudos do Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, que empregou dúas fontes de información: Padrón municipal de habitantes do Instituto Nacional de Estadística (INE) a 1 de xaneiro de 2019 (número de empadronados) e a clasificación GU 2016 do IGE (grao, e subgrao de urbanización das parroquias).

- Respecto do quinto criterio (35% superficie), calcúlase segundo os datos publicados a 1 de xaneiro de 2020 polo IGE.

A cada concello comunicaráselle a cantidade que se lle asigna por cada un dos tipos de achega provincial ao POS+ 2022, ("achega provincial 2022", "achega provincial 2021", e "préstamo provincial 2022"), e ao POS+Adicional 1/2022 (**"**achega provincial 2022 extraordinaria" para gastos sociais) e o concello poderá destinala aos distintos obxectos do Plan respectando para cada tipo de achega provincial as indicacións contidas na Base 2, especialmente na táboa denominada "POS+ 2022 e POS+Adicional 1/2022: táboa cos tipos de achega provincial e posibles obxectos para cada tipo".

<u>NOTA ESPECÍFICA SOBRE A SOLICITUDE DE PRÉSTAMO PROVINCIAL</u> PARA A REDUCIÓN DE ENDEBEDAMENTO DO CONCELLO CON ENTIDADES FINANCEIRAS

Nos casos nos que o concello solicite préstamo provincial para a redución da súa débeda con entidades financeiras, debe acreditarse o cumprimento da lexislación sobre préstamos, en especial o cumprimento do disposto no artigo 53 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), e na disposición adicional 14ª do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

Para estes efectos deberá presentar un informe emitido pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, segundo o modelo que figura no Anexo XI, relativo aos seguintes extremos:

- O concello adoptou o acordo de solicitude de préstamo segundo as normas de aplicación
- O concello ten aforro neto positivo no exercicio inmediato anterior
- O nivel de endebedamento do concello non excede do 75% dos ingresos correntes liquidados ou devengados, ou, excedendo deste límite pero non superando o límite previsto no artigo 53 do TRLRFL (110%), conta coa autorización do órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia.

- O préstamo a cuxa minoración se destina o préstamo solicitado a esta deputación, de acordo coas Bases reguladoras do Plan provincial de obras e servivios de competencia municipal POS+ 2022, non foi concertado ao abeiro dos mecanismos estatais de financiamento de pago a provedores

En consecuencia, os concellos que presenten aforro neto negativo ou un volume de endebedamento vivo superior ao recollido no artigo 53 do TRLRFL, non poderán concertar operacións de crédito a longo prazo; e se o endebedamento excede do 75% pero non supera o 110%, deberá contar coa autorización do órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia.

Todo iso sen prexuízo da obriga dos concellos de remitirlle ao Ministerio de Facenda, a través da Central de Información de Riscos, a información á que se refire o artigo 55 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

4.2.- Achega municipal

A achega do concello é voluntaria. Para cada investimento deberá indicarse a parte que se financia con cargo á deputación e, de ser o caso, a parte que voluntariamente achega o concello, co compromiso do seu financiamento.

Terase en conta que, de conformidade co criterio de aplicación das baixas de licitación aprobado polo Pleno desta deputación na sesión realizada o día 25 de setembro de 1998, no caso de que haxa unha baixa de licitación no investimento, o concello beneficiarase da máxima baixa posible. Isto quere dicir que se o concello realiza voluntariamente algunha achega, no caso de que houbese baixa de licitación, esta aplicarase en primeiro lugar a minorar a achega municipal ata anulala, e despois minorará a achega da deputación.

4.3.- Plan Complementario

A deputación aprobará o Plan Base da anualidade 2022 xunto cun Plan Complementario que se xestionará como se indica nesta Base.

O Plan Complementario ten natureza de reserva e a súa finalidade é poder investir en cada concello os créditos procedentes dunha maior achega provincial a este Plan no caso de que a deputación así o acorde ao longo do exercicio 2022.

Para estes efectos realizarase unha distribución desta maior achega provincial entre todos os concellos, aplicando os mesmos criterios obxectivos previstos na Base 4.1. Con cargo a esta nova cantidade asignada, os concellos poderán financiar os investimentos financeiramente sostibles solicitados inicialmente no Plan Complementario, ou outros novos. Todo isto realizarase segundo as instrucións que esta deputación lles enviará aos concellos no seu momento.

Hai que ter en conta que para o caso de investimentos que consistan, en todo ou en parte, en actuacións relativas ao abastecemento municipal de auga potable, o IVE soportado deducible non terá carácter de gasto subvencionable, polo que non consumirá achega provincial. O importe do IVE soportado deducible que é aplicable a estas actuacións de abastecemento deberá ser informado pola secretaría do concello no apartado B do Anexo X, baseándose no indicado polo redactor do proxecto/prego ou polo técnico municipal no Anexo V, e tamén deberá indicarse no cadro de financiamento do investimento no apartado 2 do Anexo I relativo ao Plan Complementario.

Por iso, no POS+ 2022 é obrigatorio para os concellos solicitar "investimentos financeiramente sostibles" dentro do Plan Complementario por un importe mínimo do 50% da suma dos tres tipos de achega provincial asignada a cada un deles neste Plan, aínda que se aconsella que sexa maior.

Só poderán incluírse neste Plan complementario "investimentos financeiramente sostibles", segundo se definen no apartado correspondente da Base 2.2.

En síntese, esta deputación aprobará, xunto co Plan Base, o Plan Complementario, integrado por investimentos financeiramente sostibles que terán carácter supletorio e cuxa aprobación definitiva quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente procedente dos incrementos da achega provincial que, de ser o caso, se aproben posteriormente.

No momento de iniciar a elaboración do Plan Adicional no marco do Plan Complementario, a deputación dirixirase aos concellos comunicándolles a cantidade de que poden dispoñer e solicitándolles que presenten os documentos necesarios para a elaboración do Plan Adicional, tendo en conta os investimentos xa aprobados polo concello como Plan Complementario no acordo inicial de solicitude.

Se o concello inclúe varios investimentos no Plan Complementario, poderá decidir no seu momento aqueles aos que vai aplicar a nova cantidade asignada, con independencia da súa orde de relación no dito Plan. Para o caso de que os investimentos do Plan Complementario foran insuficientes para investir toda a nova cantidade asignada, ou que o concello renuncie á execución dalgún deles, poderá solicitar outros novos investimentos financeiramente sostibles.

5.- FORMA E PRAZO DA SOLICITUDE

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da páxina web da Deputación Provincial da Coruña. www.dacoruna.gal. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindible que dispoñan de sinatura electrónica a Alcaldía e o persoal funcionario que deba asinar documentos, así como a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao Rexistro telemático.

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase o **luns 13 de decembro de 2021 e rematará ás 15.00 horas do venres 11 de febreiro de 2022.**

A documentación administrativa e técnica será revisada por esta deputación, que poderá realizar os requirimentos que estime necesarios para completar ou corrixir a documentación presentada. A aprobación das correccións ou modificacións do acordo de solicitude deberá realizarse polo Pleno do concello, mentres que as dos proxectos das obras ou pregos das subministracións realizarase polo Pleno ou por outro órgano competente do concello, de acordo co seu carácter substancial ou non.

O concello deberá presentar, por unha banda, a documentación xeral da súa solicitude, e por outra, a documentación específica que corresponda aos distintos obxectos incluídos na súa petición, segundo se detalla a continuación, debendo empregar necesariamente os modelos que figuran como Anexos a estas Bases, de acordo coas instrucións desta deputación tendo en conta que dado que nestas Bases se elimina o obxecto "Pago a provedores", tamén se eliminan os Anexos III e XIII destinados á solicitude deste obxecto, para que os restantes Anexos relativos ao Plan manteñan a súa mesma numeración dos POS+ anteriores, co fin de evitar confusións e facilitar a xestión.

5.A.- DOCUMENTACIÓN XERAL

O concello deberá presentar necesariamente unha solicitude integrada pola certificación do acordo e por unha memoria xustificativa da súa solicitude:

– Certificación do acordo plenario (ANEXO I)

Certificación do acordo do Pleno do concello, segundo o modelo que figura como Anexo I a estas Bases, polo que se dispoña participar no presente Plan, aceptar expresamente estas Bases e solicitarlle á deputación a aplicación do importe dos distintos tipos de achegas que se lle asignaron dentro deste Plan para a realización dos posibles obxectos previstos na Base 2, detallando a achega provincial aplicada a cada un deles e, de existir achega provincial, o seu financiamento desagregado así como a cantidade de IVE soportado que sexa deducible nos investimentos relativos ao abastecemento municipal de auga potable e o demais contido previsto no Anexo I.

Non obstante, os municipios de gran poboación, formalmente acollidos ao réxime previsto na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, poderán adoptar o acordo de participación neste Plan polo órgano municipal que teña atribuída a competencia.

O concello deberá adoptar o compromiso firme de incluír no orzamento municipal crédito dabondo para o financiamento da achega municipal ás actuacións solicitadas no Plan se voluntariamente existe achega do concello.

- Memoria do Plan asinada pola Alcaldía (ANEXO II)

A Memoria deberá conter como mínimo os seguintes aspectos:

- Descrición dos obxectivos que se pretende alcanzar durante o período do Plan, tendo en conta, moi especialmente, os déficits en servizos e equipamentos detectados na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local.

- Criterios de selección dos distintos obxectos do Plan.

- Análise das actuacións practicadas ou previstas sobre xestión de residuos urbanos.

- Financiamento. Tamén se analizará e xustificará o plan financeiro previsto, no que se deberá reflectir, se algún investimento consiste, en todo ou en parte, en actuacións relativas ao abastecemento municipal de auga potable, o importe de IVE soportado deducible, que non terá carácter de gasto subvencionable e polo tanto non consumirá achega provincial.

- Se é necesario, outras cuestións de interese que complementen a información anterior.

5.B.- DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA SEGUNDO OS DISTINTOS OBXECTOS

5.B.1.- Gasto corrente (ANEXO IV)

- Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención de previsión de gastos correntes 2022

No suposto de que o concello opte por destinar, en todo ou en parte, a "achega provincial 2022", ou excepcionalmente a "achega provincial 2021" no suposto previsto no último parágrafo da Base 2.1, ao financiamento dos gastos correntes do concello, a Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá elaborar un informe segundo o modelo que figura como Anexo IV a estas Bases, no que se conteña a previsión orzamentaria para o exercicio 2022 dos gastos correntes que se devenguen nesta anualidade e que estean directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios en cada concello segundo o establecido na lexislación vixente, referidos aos conceptos de gasto que se detallan na Base 2.1.

No dito Anexo IV deberá detallarse a cantidade que efectivamente financia o concello, excluíndose polo tanto o importe das taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados asociados á prestación do correspondente servizo, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

O concello deberá cubrir no Anexo unicamente os datos dos servizos aos que desexe aplicar o financiamento con cargo ao Plan, sempre que como mínimo acaden o importe da achega provincial que o concello vai aplicar a esta finalidade, non sendo preciso cubrir os datos de todos os servizos que figuran no Anexo.

No suposto excepcional previsto no último parágrafo da Base 2.1, a Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello deberá engadir ao final do modelo Anexo IV que o concello está en situación de "risco financeiro", por ter unha débeda viva con entidades financeiras superior ao 175% dos seus ingresos correntes segundo os datos da última liquidación aprobada, o que xustifica que o concello solicite destinar ao financiamento dos seus gastos correntes, tanto a cantidade que reciben en concepto de achega provincial 2022, como a que reciben polo concepto achega provincial 2021, coa finalidade de compatibilizar o cumprimento das súas obrigas ineludibles coa prestación dos servizos municipais básicos, de acordo co previsto no artigo 36 da Lei 7/1985 de bases de réxime local e no artigo 109 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia.

5.B.2.- Obras e subministracións

5.B.2.1.- Proxectos técnicos ou pregos de prescricións técnicas

Proxecto técnico das obras ou prego de prescricións técnicas das subministracións, tanto dos investimentos do Plan Base como do Plan Complementario, co contido establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE nº 272 do 9 de novembro de 2017).

Para o caso de que un investimento conteña prestacións correspondentes en parte a obra e en parte a subministración, atenderase ao carácter da prestación principal, de acordo co disposto no artigo 18 da citada norma.

Obras

No caso das obras, os **proxectos técnicos** deberán presentarse nun só documento e comprender, polo menos, os documentos que se indican no artigo 233 da Lei 9/2017, que en síntese son os seguintes:

a) Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e a situación previa ás mesmas, as necesidades a satisfacer, e a xustificación da solución adoptada, detallándose os factores de todo orden que deban terse en conta. Non se admiten obras cuxo único obxecto sexa a demolición. No caso de incluír varias obras deberán ter carácter homoxéneo.

b) Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, de ser o caso, e servizos afectados pola súa execución.

c) O prego de prescricións técnicas particulares, onde se fará a descrición das obras e se regulamentará a súa execución, con expresión da forma na que esta se levará a cabo, as obrigas de orde técnico que lle correspondan ao contratista, e a maneira na que se levará a cabo a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.

d) Un orzamento, integrado ou non por varios parciais, con expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, de ser o caso, estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración. Non se admiten obras con financiamento plurianual.

Todas as cantidades deberán expresarse con dous decimais e redondearse, por exceso ou por defecto segundo corresponda.

Todas as partidas do orzamento deberán ser subvencionables, non admitíndose partidas de natureza administrativa como legalizacións, homologacións, licenzas, estudos, etc, nin honorarios de profesionais dentro do orzamento do proxecto.

Tampouco poderá incluírse o custo do cartel da obra, por ser a cargo do adxudicatario, o custo do control de calidade externo por ser de conta da Administración promotora do investimento nin o control de calidade interno por constituír un gasto imputable ao adxudicatario. Polo tanto, o control de calidade (interno e externo) non pode figurar como partida independente no orzamento do proxecto.

Todos os equipamentos que se integren no orzamento do proxecto deberán contar coa acreditación "Etiqueta CE".

No caso de incluír "partidas alzadas", o seu importe total non poderá superar o 5% do orzamento de execución material do proxecto. Consideraranse partidas alzadas as correspondentes á xestión de residuos e á seguridade e saúde a menos que teñan prezos descompostos.

e) Un programa de desenvolvemento dos traballos cuantificado ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, de ser o caso, do tempo e custo.

f) O estudo de seguridade e saúde ou, de ser o caso, o estudio básico de seguridade e saúde, nos termos previstos nas normas de seguridade e saúde nas obras.

g) O estudo de xestión de residuos de construción e demolición, no que se faga unha estimación da cantidade dos residuos xerados, e unha valoración do custe previsto para a súa xestión, o que debe figurar en capítulo independente do orzamento, así como o resto do contido esixido no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro (BOE núm. 38 do 13 de febreiro de 2008).

h) O estudo xeotécnico dos terreos sobre os que se vai executar a obra, salvo que resulte incompatible coa súa natureza.

i) As referencias de todo tipo nas que se fundamentará o replanteo da obra.

j) Canta documentación veña prevista nas normas de carácter legal ou regulamentario.

É importante salientar que non se poden facer referencias a marcas concretas en ningún documento do proxecto, incluso nos relativos a cálculos técnicos ou outras referencias de calquera tipo (lumínicos, hidráulicos, etc). Unicamente se permitirá, excepcionalmente, a referencia a marcas cando non sexa posible facer unha descrición o bastante precisa e intelixible do obxecto do contrato, de acordo co artigo 126.6 da citada Lei 9/2017 e neste caso deberá engadirse a mención «ou equivalente».

Así mesmo para facilitar a supervisión técnica dos proxectos, especialmente os relativos á edificación, recoméndase polo servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación que os proxectos presentados se adapten á estrutura seguinte:

1. Memoria (para os proxectos de edificación co contido e estrutura do Anexo I do CTE)

    1.1. Memoria descritiva
    1.2. Memoria construtiva
    1.3. Xustificación do cumprimento do CTE (só para edificación)

2. Anexos á memoria

    2.1. Anexo administrativo
        - Prazo de execución
        - Declaración de obra completa
        - Proposta de clasificación (ou xustificación de innecesariedade)
        - Proposta de fórmula de revisión prezos (ou xustificación de innecesariedade)
        - Dispoñibilidade dos terreos

    2.2. Programa de desenvolvemento do traballo con previsión de tempo e custo
    2.3. Estudo xeotécnico (ou xustificación de innecesariedade)
    2.4. Estudo de seguranza e saúde ou, de ser o caso, estudo básico
    2.5. Estudo de xestión de refugallos
    2.6. Xustificación da normativa de aplicación
    2.7. Cálculos preceptivos: instalacións, eficiencia enerxética,estruturas,…
    2.8. Plan de control de calidade
    2.9. Expropiacións
    2.10. Servizos afectados

3. Planos

    3.1. Plano de situación
    3.2. Plano de emprazamento
    3.3. Plano de urbanización
    3.4. Planos do edificio existente antes da intervención, no seu caso
    3.5. Plantas xerais, incluída a de cubertas
    3.6. Alzados e cortes

3.7. Planos de estrutura
3.8. Planos de instalacións
3.9. Planos de definición construtiva
3.10. Memorias gráficas

4. Prego de prescricións técnicas particulares

5. Orzamento

5.1. Prezos unitario
5.2. Prezos auxiliares
5.3. Prezos descompostos
5.4. Medicións e orzamento
5.5. Resumo do orzamento (O control de calidade non pode figurar como partida do orzamento)

No caso de engadir un documento non previsto sería recomendable facelo ao final do apartado correspondente (por exemplo con núm 1.4 no caso de querer incorporalo na memoria ou co núm. 6 se debe formar parte da estrutura xeral do proxecto)

Subministracións

No caso de subministracións, os **pregos de prescricións técnicas** deberán incluír, cando menos, os seguintes documentos:

a) Memoria descritiva na que se detallen o obxecto e finalidade da subministración, os antecedentes, as necesidades a satisfacer e a xustificación da solución adoptada. No caso de incluír varias subministracións, estas deberán ter carácter homoxéneo.

b) Un orzamento desagregado, no que se definan con claridade os distintos elementos da subministración, coas súas características técnicas precisas, pero sen facer referencia a marcas, segundo se indica no último parágrafo relativo aos investimentos, con expresión dos prezos de cada elemento e o número de unidades, e desagregando o imposto sobre o valor engadido (IVE).

Todas as partidas do orzamento deberán ser subvencionables, non admitíndose partidas de natureza administrativa como legalizacións, homologacións, licenzas, estudos, etc, nin honorarios de profesionais dentro do orzamento do prego. Non obstante, poderán incluírse os gastos da Inspección técnica de vehículos (ITV) ou cursos de formación do manexo da subministración.

Todos os equipamentos deberán contar coa acreditación "Etiqueta CE".

A descrición dos elementos deberá realizarse utilizando rangos de prestacións, dimensións, características técnicas, etc, para evitar limitar a competencia.

No caso de ser necesario o transporte da subministración ao lugar de destino, no orzamento deberá indicarse que o prezo inclúe o prezo do transporte.

A subministración deberá comprender, de ser o caso, a instalación dos obxectos da subministración, non admitíndose a mera entrega nun almacén. Non obstante, admitirase a colocación das subministracións polo persoal municipal, pero nestes casos deberá indicarse expresamente no prego, e a acta de recepción deberá vir acompañada necesariamente dunha certificación expedida pola dirección do investimento xustificativa de que todos os elementos quedaron instalados nos lugares detallados no prego e entregados ao uso público.

c) Lugar e prazo de entrega

d) Prazo de garantía

e) Documentos gráficos se son necesarios para a correcta definición da subministración. Nos casos de subministración e instalación de mobiliario urbano, xogos, luminarias, marquesiñas, colectores de lixo, sinais de tráfico ou turísticas e similares, será obrigatorio sinalar para cada elemento o lugar exacto da súa instalación no plano.

5.B.2.2.- Informe técnico (ANEXO V)

Informe técnico individual para cada investimento, segundo o modelo Anexo V, co seguinte contido:

- Autorizacións:

O informe deberá indicar expresamente que o investimento non precisa de ningunha autorización ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse, e acreditarse documentalmente que o concello xa conta con elas subindo as correspondentes autorizacións, ou que xa as solicitou, xuntando neste caso as solicitudes presentadas ante os organismos correspondentes. Neste último suposto, estes investimentos aprobaranse condicionados a que o concello xustifique a súa obtención. Cando se acheguen as autorizacións que precisa o investimento, deberá indicarse nun novo informe técnico se o proxecto cumpre coas condicións contidas, de ser o caso, na dita autorización.

No caso de que algún investimento precise autorización desta deputación por afectar a unha estrada provincial, deberá presentar a súa solicitude de autorización a través da Convocatoria específica da plataforma SUBTEL, xuntando a documentación requirida e de acordo co procedemento aprobado por esta deputación e publicado no BOP nº 40 do 26 de febreiro de 2019.

- Supervisión

Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu orzamento ou polo seu contido, de acordo co establecido no artigo 235 da Lei 9/2017. No caso de ser preciso, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado pola conta do concello por persoal técnico independente, remitíndolle unha copia á deputación, ou se lle solicita asistencia a esta deputación para a súa realización ao abeiro da disposición adicional 3, apartado 6, da citada norma.

- Fases, partes ou tramos (obra completa)

No caso de tratarse de fases, tramos, partes etc., neste Anexo V deberá xustificarse que, de acordo co previsto no artigo 13.3 da citada Lei 9/2017, trátase dunha "obra completa", no sentido de ser susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente, e que comprende todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra.

- Lotes

De acordo co previsto na Base 2.2, no informe debe indicarse expresamente que a obra ou subministración "non pode dividirse en lotes" que teñan o carácter de "investimento completo" no sentido de ser susceptible de entrega ao uso público, posto que cada proxecto ou prego debe constituír unha unidade a efectos de contratación, sen posibilidade de división en lotes, coa finalidade de dar cumprimento ao artigo 99.3 da Lei 9/2017, relativo á división e adxudicación en lotes.

Non obstante, no caso de que o concello solicite incluír neste Plan un proxecto de obra ou prego dunha subministración susceptible de división en lotes, e o órgano de contratación acorde motivadamente non dividilo en lotes, este informe deberá pronunciarse sobre se a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico, ou ben se provocaría problemas de coordinación ou doutra índole na execución das diferentes prestacións.

- Estudo xeotécnico

Deberá indicarse expresamente se é necesario realizar o estudo xeotécnico dos terreos sobre os que se vai executar a obra, ou que non é necesario por resultar incompatible coa súa natureza.

- Aptitude urbanística

Deberá indicarse se os terreos afectados polo investimento son aptos urbanisticamente para a súa execución.

- Competencia do redactor do proxecto ou prego

Deberá indicarse se o proxectista conta coa titulación profesional habilítante para a redacción do proxecto ou prego que asina.

- Investimentos de abastecemento municipal de auga potable

Para o caso de investimentos consistentes, en todo ou en parte, en actuacións relativas ao abastecemento municipal de auga potable, de acordo co disposto na Base 2.2 das reguladoras do Plan, o redactor do proxecto/prego ou o técnico do concello, deberá indicar o presuposto de execución material (PEM), e de ser obras, dos gastos xerais e beneficio industrial correspondentes, así como do IVE soportado deducible, referidos soamente ás partidas de abastecemento de auga potable, para os efectos de que a secretaría do concello poida informar o importe do IVE soportado deducible que é aplicable, segundo o sinalado no Anexo X.

5.B.2.3.-Informe técnico-xurídico sobre dispoñibilidade dos terreos (ANEXO VI)

O concello deberá acreditar, mediante o informe que figura como modelo Anexo VI, que conta cos terreos necesarios para a execución dos investimentos, mediante a emisión dun informe conxunto no que o persoal técnico detalle os terreos necesarios para a execución do investimento e a Secretaría do concello informe se o concello conta coa dispoñibilidade deses terreos. Cada asinante unicamente subscribirá as súas declaracións.

5.B.2.4.- Resolución ou acordo do órgano de contratación dispoñendo motivadamente a non división en lotes do investimento (ANEXO IX)

No suposto de que o investimento sexa susceptible de división en lotes, pero o concello opte por non dividilo e incluílo no Plan para a súa adxudicación nun só contrato, o concello deberá presentar xa coa solicitude de participación no Plan a resolución ou acordo do órgano de contratación de non dividilo, debendo detallarse os argumentos técnicos, económicos, xurídicos ou de outra natureza que motiven validamente a súa non división en lotes, de acordo previsto no artigo 99.3 da Lei 9/2017.

5.B.2.5.- Informe sobre investimentos relativos ao ciclo da auga (ANEXO X)

No caso de investimentos asociados ao ciclo da auga, principalmente abastecementos ou saneamentos, deberá achegarse un informe da secretaría do concello no que xustifique que a execución da obra non se atopa entre as obrigas a realizar pola empresa xestora da auga no concello (Anexo X apartado A).

Ademais, de acordo co disposto na Base 2.2, nos proxectos ou pregos que teñan por obxecto, en todo ou en parte, actuacións relativas ao abastecemento municipal de auga potable, a secretaría do concello deberá informar no Anexo X apartado B) o importe concreto de IVE soportado deducible que é aplicable, baseándose no informe que emita no Anexo V o redactor do proxecto/ prego ou o técnico municipal, calculado sobre o orzamento de execución material do citado abastecemento, coa aplicación, no caso de obras, da porcentaxe correspondente de gastos xerais e beneficio industrial.

5.B.2.6.- Xustificación de que os investimentos son financeiramente sostibles (ANEXOS VII e VIII)

Para cada investimento financeiramente sostible deberá presentarse tanto unha Memoria económica específica asinada pola Alcaldía, como un informe da Intervención do concello, segundo se detalla:

- Memoria económica específica da Alcaldía (ANEXO VII)

A Memoria económica específica asinada pola Alcaldía, segundo o modelo Anexo VII, conterá unha previsión dos gastos de mantemento, os posibles ingresos ou a redución de gastos que poida xerar durante a súa vida útil, coa finalidade de acreditar que o investimento permite durante a súa execución, mantemento e liquidación, dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello e do período medio de pago a provedores. Ademais, deberá conter a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte temporal da súa vida útil.

- Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello (ANEXO VIII)

A Intervención ou Secretaría-Intervención do concello emitirá un informe, segundo o modelo Anexo V sobre os seguintes extremos:

- Consistencia e soporte das proxeccións da Memoria económica da Alcaldía
- Análise da consideración de investimento financeiramente sostible, co contido previsto no Anexo VIII, indicando unha única aplicación orzamentaria de imputación de entre as indicadas no apartado correspondente da Base 2.2.
- Se o investimento cumpre ou non os requisitos para ser considerado financeiramente sostible

5.B.3.- Redución de endebedamento do concello con entidades financeiras non procedentes dos "mecanismos de pago a provedores" de carácter estatal

5.B.3.1.- Informe sobre o cumprimento da lexislación sobre préstamos (ANEXO XI)

No modelo Anexo XI, a Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá informar se o acordo de solicitude de préstamo provincial 2022 foi adoptado conforme ás normas de aplicación, e que o concello non necesita autorización preceptiva do órgano competente da Comunidade autónoma de Galicia, ou, de ser necesaria, que se obtivo a dita autorización e que o préstamo a cuxa minoración se destina o préstamo solicitado a esta deputación, non foi concertado ao abeiro dos mecanismos estatais de financiamento de pago a provedores.

5.B.3.2.- Informe con datos da débeda a reducir (ANEXO XII)

A Intervención ou Secretaría–Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá emitir un informe, segundo o modelo Anexo XII, cos datos das débedas con entidades financeiras non procedentes dos "mecanismos de pago a provedores" de carácter estatal ás que se vai aplicar o "préstamo provincial 2022" para a súa amortización anticipada. O informe deberá conter polo menos os seguintes datos: entidade financeira, data do préstamo, código do préstamo, código IBAN da conta bancaria asociada ao préstamo, importe inicial, importe pendente, importe do préstamo provincial que se aplica á súa minoración e outros datos relevantes para a súa identificación.

6.- APROBACIÓN DO PLAN

Á vista da documentación dos concellos, o Pleno desta deputación poderá aprobar o Plan partindo das solicitudes presentadas, estruturado segundo os distintos tipos de achegas provinciais e dos posibles obxectos solicitados, e incluirá un Plan Base, coas actuacións aprobadas definitivamente, así como un Plan Complementario con actuacións supletorias, segundo se describe na Base 4.3.

O Plan poderá aprobarse nunha ou en varias fases, unha vez coñecidas as posibilidades de financiamento da deputación e poderá ser o resultado de axustes ou reprogramacións de importes ou anualidades, aplicándose como "criterio de prioridade" a poboación dos concellos, de xeito que terán prioridade as solicitudes presentadas polos concellos de menor poboación.

Unha vez aprobado o Plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e será remitido a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais e da Subdelegación do Goberno. Ademais, remitirase para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, de acordo co artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia. Transcorridos os 10 días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen que se presentaren alegacións nin se emitira o informe, poderán proseguirse os trámites.

A aprobación definitiva do Plan Adicional que máis adiante se aprobe para a realización de investimentos financeiramente sostibles, no marco do Plan Complementario descrito na Base 4.3, financiado cos incrementos da achega provincial que a deputación poida aprobar posteriormente, realizarase mediante Resolución da Presidencia ou acordo plenario, segundo corresponda, coa finalidade de declarar cumprida a condición de existencia de crédito suficiente e, en consecuencia, se declare definitivamente aprobado o Plan Adicional no que se incluirán as solicitudes dos concellos con indicación do seu financiamento.

Respecto da aprobación do POS+Adicional 1/2022 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022, estarase ao disposto na Base 12.

7.- CONTRATACIÓN DOS INVESTIMENTOS

7. 1.- Procedementos de adxudicación

Os concellos contratarán os investimentos de acordo coa citada Lei 9/2917 de contratos do sector público mediante procedemento "aberto", procedemento "aberto simplificado", ou procedemento "aberto simplificadísimo", utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente por esta deputación. O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato. O incumprimento das condicións da delegación da contratación implicará a perda da achega da deputación ao investimento correspondente, aínda que a achega provincial poderá reinvestirse a través dun Plan dun exercicio posterior.

Excepcionalmente, as obras poderán executarse pola propia Administración de acordo co establecido no artigo 30 da citada Lei 9/ 2017.

O contrato menor só poderá utilizarse para a adxudicación das obras de acordo co previsto no apartado 2 desta Base.

Se no momento da licitación fora outra a lexislación vixente en materia de contratación pública, estarase ao disposto expresamente nela.

En canto ao prazo para adxudicar as actuacións do Plan, os concellos poderán adxudicar as actuación incluídas no Plan **ata o 30 de novembro de 2022.** Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución da Presidencia, de oficio ou previa solicitude motivada dos concellos, cando concorran causas que así o xustifiquen, tendo en conta que o prazo máximo para a execución dos investimentos remata o 30 de novembro de 2025, coa excepción indicada na base 8.

No caso de que a aprobación do Plan se produza por fases ao longo do ano 2022 ou 2023, esta deputación poderá establecer outras datas para a contratación dos investimentos, que tamén serán prorrogables do mesmo xeito e que para facilitar a xestión orzamentaria e o control das mesmas, respectarán igualmente o prazo máximo de execución que se establece na indicada base 8 coa mesma excepción.

Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, entre outra, a seguinte documentación, segundo se require na súa plataforma de tramitación telemática:

- Listaxe cos datos de adxudicación dos investimentos debidamente cubertos no modelo establecido, debendo indicarse nos investimentos de abastecemento de auga potable o IVE deducible que é aplicable a prezo de adxudicación

- Anuncio de adxudicación obtido directamente da Plataforma de Contratos do Estado
- Certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato
- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos
- Relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes e datos avaliables
- Informe xustificativo da aplicación dos criterios de adxudicación e da valoración das ofertas

No caso de que as obras fosen executadas pola propia Administración, debera presentarse o informe da Secretaría do concello no que se indique cal dos supostos do artigo 30 da citada Lei 9/ 2017 é de aplicación ao caso concreto.

As baixas que se produzan na adxudicación dos investimentos destinaranse a minorar a achega municipal se existira ata anular, se fose posible, a dita achega. O resto da baixa destinarase a minorar a achega provincial na correspondente actuación e poderá reinvestirse no concello mediante a realización de novos investimentos financeiramente sostibles a través do POS+ dun exercicio posterior, xunto con outros remanentes que se puideran producir nos outros obxectos incluídos neste Plan.

No caso de investimentos de abastecemento de auga potable, a cuantía do IVE deducible a prezo de adxudicación virá indicada na listaxe de datos de adxudicación que remitirá o concello (informada pola secretaría municipal logo de aplicarlle ao IVE deducible a prezo de contrata a porcentaxe de baixa producida) e o resto da baixa imputarase en primeiro lugar á achega do concello e posteriormente á achega provincial do xeito indicado no apartado anterior.

7. 2.- Utilización do contrato menor na adxudicación das obras

Unicamente poderán adxudicarse utilizando o contrato menor as obras (non as subministracións) incluídas no POS+ 2022, cando o seu valor estimado sexa inferior a 40.000 euros (IVE excluído) o que supón 48.400 € co 21% de IVE incluído, e cun prazo de execución non superior a un ano que non poderá prorrogarse.

A selección do contratista, segundo o orzamento do proxecto das obras, realizarase do seguinte modo:

Valor estimado	Entre 24.794 e 34.000 € (IVE excluído)	Consulta polo menos a 3 empresas / ou Publicación dun anuncio na Plataforma de Contratación
Orzamento de contrata	Entre 30.000 e 41.140 € (21% IVE incluído)	

Valor estimado	Entre 34.000 e 40.000 € (IVE excluído)	Publicación dun anuncio na Plataforma de Contratación
Orzamento de contrata	Entre 41.140 e 48.400 € (21% IVE incluído)	

Procurarase que ningún provedor poida resultar adxudicatario de contratos menores cun importe acumulado superior aos límites establecidos para o contrato menor. No caso de que se supere este límite, deberán motivarse os contratos menores posteriores á superación do límite.

Os concellos deben presentar nesta deputación a seguinte documentación:

- Proposta para realizar a adxudicación da obra mediante contrato menor, autorizada polo alcalde ou concelleiro delegado, de acordo co previsto no artigo 118 da citada Lei 9/2017, na que figuren, entre outros, os seguintes datos:

  . Denominación, orzamento e prazo de execución

  . As tres empresas ás que se vai facer a consulta, ou a indicación de que se vai publicar un anuncio na Plataforma de Contratación

  . Prazo e forma de presentación de ofertas

  . Criterios de adxudicación coa súa ponderación, debendo ser sempre un deles o prezo.

- Certificado de existencia de crédito ou documento contable RC

- Resolución de adxudicación na que motivadamente se recollan os datos da empresa adxudicataria e o prezo de adxudicación.

Nos demais aspectos será de aplicación o previsto nas Bases reguladoras do POS+ 2022, especialmente no relativo á presentación xunto coa solicitude do proxecto técnico e os informes requiridos nas Bases, e á xustificación mediante certificacións de execución das obras aprobadas polo concello.

8.- EXECUCIÓN DOS INVESTIMENTOS

Os investimentos executaranse polos respectivos concellos con arranxo ao proxecto técnico da obra ou prego de prescricións da subministración. A súa dirección e execución realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que esta deputación realice as inspeccións que considere convenientes. Para estes efectos, a deputación poderá realizar controis de calidade dos investimentos incluídos neste Plan a través dos seus propios medios ou de empresas contratadas con financiamento provincial para tal finalidade. Igualmente, os concellos poderán solicitar que esta deputación realice, con financiamento provincial, controis de calidade cando o consideren necesario ou conveniente, de acordo co procedemento que para estes efectos se estableza.

Se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na citada Lei 9/2017, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola deputación. Se o investimento xa está adxudicado, deberá dárselle audiencia ao contratista adxudicatario e realizarse os demais trámites legalmente previstos, debendo achegarse o informe favorable da Secretaría municipal. Se o proxecto modificado experimenta un incremento do seu orzamento, deberá asumilo integramente o concello e achegar un informe favorable da Intervención do concello ou un compromiso do seu financiamento.

Calquera outro incremento que se derive da execución da obra, como liquidacións por excesos de medicións que non requiran un proxecto modificado, deberá tamén ser financiado integramente polo concello e certificarse de forma separada do resto do proxecto, sen que sexa necesaria a súa presentación nesta deputación por corresponderlle ao concello o seu financiamento.

Todos os investimentos deberán estar rematados o 30 de novembro de 2023. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución da Presidencia, de oficio ou previa solicitude motivada dos concellos, cando concorran causas que así o xustifiquen, tendo en conta que **o prazo máximo para a execución dos investimentos remata o 30 de novembro de 2025.** Non obstante, este prazo poderá prorrogarse ata o 30 de novembro de 2026 para o caso daqueles investimentos que o 30 de novembro de 2025 estean aínda pendentes de rematar por causas non imputables ao concello, sempre que estivera iniciada a súa execución.

No caso de que a aprobación do Plan se produza por fases ao longo do ano 2022 ou 2023, esta deputación poderá establecer outras datas para a execución dos investimentos, que tamén serán prorrogables do mesmo xeito e que para facilitar a xestión orzamentaria e o control das mesmas, respectarán igualmente o prazo máximo de execución que remata o 30 de novembro de 2025 coa mesma excepción indicada no apartado anterior.

Non obstante, **cando se trate de obras adxudicadas mediante contrato menor, o prazo de execución será como máximo dun ano e non poderán ser obxecto de prórroga**, o que se controlará tanto desde o concello como por esta deputación, de conformidade co disposto no artigo 29.8 da citada Lei 9/2017.

9 .- PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

O pago da achega da deputación realizase segundo se indica a continuación para os distintos obxectos posibles do Plan, debendo utilizar necesariamente os modelos establecidos. En todos os casos, a deputación verificará previamente de oficio que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa propia deputación.

9. 1 Achega provincial destinada ao financiamento de gastos correntes (ANEXOS IV e XIV)

No suposto de que o concello destinase en todo ou en parte a "achega provincial 2022", ou excepcionalmente a "achega provincial 2021" no suposto previsto no último parágrafo da Base 2.1, ao financiamento dos seus gastos correntes devengados durante o ano 2022, esta deputación, despois da aprobación do Plan, transferiralle ao concello, con carácter prepagable, nun ou dous prazos, a cantidade solicitada para esta finalidade, de acordo coa previsión de gastos emitida pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, segundo o modelo Anexo IV.

Unha vez que o concello realice o pago destes gastos correntes, deberá presentar telematicamente nesta deputación, ata o 31 de marzo de 2023, un informe xustificativo dos pagos realizados, asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención, ou por quen corresponda nos municipios de gran poboación, no que se detallen, por unha banda, os pagos realizados e por outra, os dereitos recoñecidos por ingresos vinculados á prestación do servizo correspondente (taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados), coa finalidade de cuantificar o gasto realmente asumido polo concello financiado con cargo ao POS+ 2022, segundo o modelo que figura como Anexo XIV. Excepcionalmente, e á solicitude do concello, poderá ampliarse o dito prazo de xustificación mediante Resolución da Presidencia.

O importe dos pagos xustificados deberá acadar como mínimo o da subvención da deputación ou, no caso de que se tiveran outras subvencións, deberá acadar a suma da totalidade das subvencións.

No caso de que o importe dos pagos xustificados sexa inferior ao importe da achega da deputación transferida ao concello, ou no suposto de que o concello non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, iniciarase un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda, segundo o procedemento previsto no citado artigo 70.3 do Real decreto 887/2006.

9. 2 Achega provincial destinada ao financiamento de obras e subministracións

O pago ao concello do importe da achega provincial realizarase á vista das certificacións de execución das obras ou facturas das subministracións aprobadas polo órgano municipal competente, que o concello presente nesta deputación, xunto co resto da documentación que se require na plataforma de tramitación telemática provincial, empregando os modelos establecidos. Procurarase que as certificacións de execución de obras sexan por un orzamento superior aos 6.000,00 €.

Desde o inicio das obras ata a súa recepción deberase colocar o cartel oficial debidamente cuberto, o que se acreditará mediante o envío de dúas fotografías, unha do propio cartel e o outra do cartel da obra e a súa contorna, sendo este requisito indispensable para que esta deputación lle transfira ao concello o importe da achega provincial ao Plan. Esta documentación acompañarase á primeira certificación de execución das obras.

Xunto coa primeira certificación deberá tamén achegarse a "acta de comprobación do replanteo" e coa derradeira certificación de execución, deberá achegarse a correspondente "acta de recepción".

Para as subministracións, deberá achegarse a factura co detalle da subministración, segundo figura no prego de prescricións técnicas, aprobada polo órgano municipal competente xunto coa acta de recepción. Para o caso de que a subministración fora instalada polo persoal do concello, a acta de recepción deberá vir acompañada necesariamente dunha certificación expedida pola dirección do investimento xustificativa de que todos os elementos quedaron instalados nos lugares detallados no prego e entregados ao uso público.

Así mesmo, e de conformidade co establecido nos artigos 19.3, 34.3, 37.1 e) e 37.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deberá acompañarse unha certificación ou informe relativo á percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais co fin de verificar que a concorrencia non supera o custo da actuación subvencionada.

Todos os investimentos deberán estar terminados dentro do prazo concedido para a súa execución de acordo co disposto na base 8.

9. 3 Préstamo provincial destinado ao financiamento de débedas do concello con entidades financeiras

No suposto de que o concello destinase o préstamo provincial ao financiamento de débedas do concello con entidades financeiras, a deputación, despois da aprobación do Plan, transferiralle, con carácter prepagable, directamente á entidade financeira na que o concello teña concertado o préstamo municipal que se vai amortizar co importe do préstamo provincial, o que se lle comunicará oportunamente ao concello para o seu coñecemento.

10.- DEVOLUCIÓN DO PRÉSTAMO PROVINCIAL

Os concellos deberán devolverlle á deputación en dez anualidades o importe do préstamo provincial que se lles transfira, devolución que se realizará sen xuros e con dous anos de carencia, a partir do ano 2024 ata o 2033, prazo prorrogable mediante Resolución da Presidencia. O importe anual a devolver será a décima parte do importe total transferido, realizándose no último ano o axuste exacto da cantidade a devolver. Non obstante, o concello poderá anticipar a devolución do préstamo pendente, comunicándoo previamente á deputación.

A devolución realizarase mediante o ingreso na conta da deputación que se lles indicará aos concellos, a metade do importe anual ata o 30 xuño e a outra metade ata o 30 de novembro de cada ano.

No caso de que o concello non realice os ingresos que correspondan nos prazos establecidos, esta deputación poderá aplicar aos concellos usuarios do servizo de recadación a compensación coas entregas a conta, e aos demais concellos, con calquera outro pago que a deputación deba realizarlle ao concello.

11.- RÉXIME SANCIONADOR

O incumprimento do disposto nalgunha destas Bases poderá dar lugar ao inicio de oficio dun expediente sancionador, segundo se indica nesta Base e de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

De acordo co disposto na Base 7, o incumprimento das **condicións da delegación da contratación** dos investimentos implicará a perda da achega da deputación ao investimento correspondente, aínda que a achega provincial poderá reinvestirse a través dun Plan dun exercicio posterior.

No caso de pagos realizados ao concello **con carácter prepagable**, de acordo co disposto na Base 9.1 cando o concello non xustifique correctamente no prazo sinalado a aplicación da achega provincial recibida, poderá iniciarse un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda, segundo o procedemento previsto no artigo 70.3 e 91 e seguintes do Real decreto 887/2006, para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

Os importes a reintegrar poderán ser obxecto de compensación con calquera obriga recoñecida pola deputación a favor do concello.

Para o caso de **pagos realizados ao concello previa certificación de execución de obra ou factura da subministración** aprobada polo órgano competente do concello, de non terse rematada e certificada a execución dun investimento o 30 de novembro de 2025, prazo máximo establecido na base 8, e de ser o caso, no prazo excepcional concedido que expira de xeito improrrogable o 30 de novembro de 2026, procederase a anulación do financiamento do investimento e o concello terá que restituír a cantidade percibida pola execución parcial do mesmo, salvo que segundo o director do investimento a parte executada poida ser considerada obra completa susceptible de ser entregada ao uso público, en cuxo caso a parte non executada terá a consideración de economía.

En canto ao procedemento administrativo a seguir aplicarase supletoriamente o previsto nas citadas leis e regulamentos de subvencións.

Base 12.- POS+ Adicional 1/2022 Gasto social

Esta Base regula a elaboración, aprobación e execución do POS+ADICIONAL 1/2022 para **gastos sociais extraordinarios** do exercicio 2022 que se financia con cargo a unha achega provincial extraordinaria que se vai consignar no Orzamento provincial 2022, por importe de 5.000.000,00 €, na partida 0611/23126/46201, e de 2.000.000,00 €, na partida 0611/23126/76201, para facer fronte ao impacto económico e social en materia de servizos sociais.

As consecuencias socioeconómicas da actual crise distribúense de forma desigual na poboación, producindo un impacto social elevadísimo, aumentando os niveis de pobreza e exclusión social de aqueles colectivos máis vulnerables: persoas soas ou familias, menores, persoas maiores e/ou dependentes, persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adiccións, mulleres vítimas de violencia de xénero, e aquelas persoas en risco de exclusión social que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas.

O POS+1 adicional 2022 para gastos sociais extraordinarios, xurde co fin de apoiar os servizos sociais municipais, e incrementar o gasto social extraordinario e a tramitación urxente das prestacións sociais necesarias en situacións de risco para as persoas vulnerables.

A xestión deste POS+ Adicional 1/2022 realizarase a través da Sección de Servizos Sociais do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes desta deputación.

12.1.- OBXECTO

O POS+Adicional 1/2022 destínase ao financiamento dos seguintes **gastos sociais extraordinarios** do exercicio 2022:

a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.

O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.

b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.

As axudas en especie para alimentación e educación, considerararanse gasto corrente sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.

c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.

O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS.

Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.

d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.

e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.

f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.

g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, **cando carezan de medios económicos suficientes** para asegurar a cobertura destas necesidades.

h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, **cando carezan de medios económicos suficientes** para asegurar a cobertura destas necesidades.

A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.

i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc).

A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.

12.2.- FINANCIAMENTO

O POS+Adicional 1/2022 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022 finánciase con cargo a unha achega provincial extraordinaria que se vai consignar no Orzamento provincial 2022, por importe de 5.000.000,00 €, na partida 0611/23126/46201, e de 2.000.000,00 €, na partida 0611/23126/76201, para facer fronte ao impacto económico e social en materia de servizos sociais, que se distribúe entre os 93 concellos da provincia mediante a aplicación das variables ponderadas que tradicionalmente se utilizan para realizar as asignacións de fondos do POS, que son as que se indican na Base 4.1.

12.3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste Plan son os 93 concellos da provincia.

12.4.- SOLICITUDE

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da Plataforma SUBTEL desta deputación, iniciarase o **luns 13 de decembro de 2021 e rematará ás 15.00 horas do venres 11 de febreiro de 2022** mediante a presentación da seguinte documentación:

-Certificación do acordo de solicitude (ANEXO XV)

Certificación do acordo do Pleno do concello, segundo o modelo Anexo XV, polo que se dispoña participar no POS+ Adicional 1/2022, aceptar expresamente as súas Bases reguladoras e solicitarlle á deputación a aplicación da achega provincial extraordinaria asignada para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

-Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención da previsión de gastos sociais extraordinarios 2022 (ANEXO XVI)

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, segundo o modelo que figura como Anexo XVI a estas Bases, no que se conteñan os gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022.

Neste Anexo XVI deberá detallarse a cantidade que efectivamente financia o concello, excluíndose polo tanto o importe doutros ingresos públicos ou privados asociados á realización deses gastos, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

Non se incluirán os gastos xa financiados a través doutras convocatorias de subvencións desta deputación para a mesma finalidade.

O concello deberá cubrir neste Anexo unicamente os datos dos gastos sociais extraordinarios aos que desexe aplicar a achega provincial extraordinaria deste Plan, sempre que como mínimo acaden o importe da achega provincial asignada, non sendo preciso cubrir os datos de todos os gastos que figuran no Anexo.

-Informe técnico dos Servizos Sociais Comunitarios no que se acredite o cumprimento dos requisitos recollidos nos distintos apartados da base 12.1 (ANEXO XVII)

* Valoración técnica de que o gasto solicitado é necesario e vai destinado a situacións de risco para persoas vulnerables o en risco de exclusión social e que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.

* No caso do apartado h) os servizos sociais municipais deberán valorar no citado informe a necesidade dos investimentos para as persoas usuarias dos programas de servizos sociais.

* No caso do apartado i) os servizos sociais municipais deberán valorar no citado informe a necesidade dos investimentos para o uso dos departamentos técnicos de servizos sociais municipais.

- Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención da previsión de gastos sociais en equipamentos (ANEXO XVIII)

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, segundo o modelo que figura como Anexo XVIII a estas Bases, no que se conteña a descrición dos equipamentos referidos nos apartados 12.1.h) e i).

12.5.- APROBACIÓN DO PLAN E PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

O Pleno desta deputación poderá aprobar o POS+Adicional 1/2022 partindo das solicitudes presentadas polos concellos, para o que realizará os mesmos trámites previstos na Base 6, e, posteriormente transferiralles aos concellos, con carácter prepagable, a achega provincial solicitada para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios de carácter corrente, de acordo coas previsións contidas no informe emitido segundo o modelo Anexo XVI.

Os gastos de investimento dos apartados h) e i) tramitaranse de acordo co establecido nas bases 5.B.2, 7, 8 e 9.2.

Non obstante, os concellos poderán utilizar para estes fins o procedemento de contrato menor, de tal modo que a selección do contratista realizarase do seguinte xeito:

Valor estimado	Inferior a 8.000 € IVE excluído	Presentación de factura
Valor estimado	De 8.000 a 14.999,99 € IVE excluído	Consulta polo menos a tres empresas ou publicación dun anuncio na Plataforma de Contratación

Os gastos de investimento aboaranse logo da súa xustificación de acordo co establecido na base 12.6 do POS+2022.

Tendo en conta a natureza e as características deste POS+Adicional 1/2022, destinado a gastos sociais extraordinarios, a súa aprobación poderá realizarse antes da aprobación do POS+2022 Base.

12.6.- XUSTIFICACIÓN DA APLICACIÓN ACHEGA PROVINCIAL

Unha vez que o concello realice o pago destes gastos, deberá presentar telematicamente na deputación, ata o 31 de marzo de 2023:

- Informe xustificativo dos pagos realizados, asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello (ANEXO XIX)

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación no que se detallen, por unha banda, os pagos realizados e por outra, os dereitos recoñecidos por ingresos públicos ou privados vinculados ao gasto, coa finalidade de cuantificar o gasto realmente asumido polo concello financiado con cargo ao POS+ Adicional 1/ 2022, segundo o modelo que figura como Anexo XIX.

- Certificación dos datos da adxudicación e execución dos investimentos realizados, asinado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención e pola Alcaldía do concello (ANEXO XX)

Certificación expedida pola Intervención ou a Secretaría-Intervención e pola Alcaldía do concello relativa á adxudicación e execución dos investimentos, segundo modelo que figura como Anexo XX.

- Informe técnico dos Servizos Sociais municipais xustificativo da execución dos programas financiados polo POS+Adicional 1/2022 (ANEXO XXI)

Informe no que se avalíen os programas executados e reflicta as incidencias da execución do previsto, programas finalmente realizados, cambios de programa, motivación dos cambios, avaliación, resultados obtidos, poboación e colectivo beneficiario, propostas e calquera outra incidencia que se considere salientar, segundo o modelo que figura como Anexo XXI.

O importe dos pagos xustificados deberá acadar como mínimo o da achega transferida da deputación ou, no caso de que se tiveran outras subvencións, deberá acadar a suma da totalidade das subvencións. No caso de que o importe dos pagos xustificados sexa inferior ao importe da achega da deputación transferida ao concello, ou no suposto de que o concello non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, iniciarase un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda, segundo o procedemento previsto no Real decreto 887/2006. O importe do reintegro poderá ser obxecto de compensación cos importes vencidos, líquidos e esixibles a favor do concello, e en particular coas entregas a conta derivadas da xestión recaudatoria que a deputación realice por delegación do concello.

Excepcionalmente, e en virtude da correspondente solicitude do concello, poderá ampliarse o dito prazo de xustificación mediante Resolución da Presidencia.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

1.- A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas Bases serán resoltas pola Presidencia desta deputación, previos os informes da Secretaría e da Intervención.

2.- Para o non disposto expresamente nas presentes Bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento e o sinalado na Ordenanza Xeral de subvencións e transferencias desta deputación, aprobada polo Pleno na sesión realizada ao 1 de febreiro de 2019 e publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 72 do 15 de abril de 2019

A N E X O I
CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL
(PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2022"

D. / Dna. _____
secretario/a do Concello de _____

C E R T I F I C A : Que o Pleno deste concello, na sesión realizada o día__/__/202__, adoptou o seguinte acordo:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2022","achega provincial 2021" e "préstamo provincial 2022":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	
Subtotal gasto corrente	

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	**FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO**				
Denominación da obra ou subministración	**Deputación**	**Concello**			**Orzamento total**
		Achega municipal	**IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)**	**Total Concello**	
Subtotal investimentos achega provincial 2022					

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	**FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO**				
Denominación da obra ou subministración	**Deputación**	**Concello**			**Orzamento total**
		Achega municipal	**IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)**	**Total Concello**	
Subtotal investimentos achega provincial 2021					

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

1

C) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

D) Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022					
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2022					
	Achega 2021					
C- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022					
	Achega 2022					
	Achega 2021					
	Préstamo 2022					
	TOTAL					

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)
TOTAIS			

2

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2022"

ANEXO II

MEMORIA DO PLAN

CONCELLO	
DATA	
NOME DA PERSOA QUE ASINA A MEMORIA	
CARGO DA PERSOA QUE ASINA A MEMORIA	

De acordo co esixido na Base 5.A das reguladoras do Plan, emítese esta Memoria relativa á súa elaboración:

OBXECTIVOS DO PLAN
(Deberanse describir os obxectivos que se pretende alcanzar durante o período do Plan, tendo en conta, moi especialmente os déficits en servizos e equipamentos detectados na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local)

CRITERIOS DE SELECCIÓN
(Deberanse fixar con carácter obxectivo os criterios de selección dos distintos obxectos do Plan)

ANÁLISE DAS ACTUACIONS PRACTICADAS OU PREVISTAS POLO CONCELLO PARA A XESTIÓN DOS RESIDUOS URBANOS DENTRO DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA VIXENTE (FINANCIADAS CON CARGO AO POS+ OU POR OUTROS MEDIOS)
(En cumprimento dunha suxestión da Valedora do Pobo)

FINANCIAMENTO
(Analizarase e xustificarase o plan financeiro previsto, no que se deberá ter en conta que se algún investimento consiste, en todo ou en parte, no abastecemento municipal de auga potable, terá que concretarse o importe de IVE soportado deducible, que non será subvencionado por esta deputación e polo tanto non consumirá achega provincial ninguna).

OUTRAS CUESTIÓNS (Deberanse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior)

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2022"

ANEXO IV

INFORME SOBRE A PREVISIÓN DE GASTOS CORRENTES PARA O EXERCICIO 2022

CONCELLO	
DATA	
NOME DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	

De acordo co esixido na Base 5.B.1 das reguladoras do Plan, emítese este informe coa previsión orzamentaria para o exercicio 2022 dos gastos correntes que se devenguen nesta anualidade e que estean directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios neste concello segundo a lexislación vixente, referidos aos conceptos que se detallan:

(só cubrir os datos dos servizos aos que o concello aplique o financiamento con cargo ao Plan)

SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO	**CONCEPTO**	**PREVISIÓN DE GASTOS ORZAMENTO 2022 (Que se devenguen durante o exercicio 2022) (A)**	**ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (Taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación) (B)**	**ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado no acordo plenario) (A-B)**
Subministración de auga potable	- Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Rede de sumidoiros	- Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Limpeza viaria	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Recollida domiciliaria de lixo	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			

1

SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO	CONCEPTO	PREVISIÓN DE GASTOS ORZAMENTO 2022 (Que se devenguen durante o exercicio 2022) (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (Taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación) (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado no acordo plenario) (A-B)
Alumeado público	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Mantemento dos accesos aos núcleos de poboación	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outro servizo obrigatorio (Especificar o servizo e a normativa)	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outro servizo obrigatorio (Especificar o servizo e a normativa)	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
T O T A L				

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2022"

ANEXO V

INFORME TÉCNICO SOBRE O INVESTIMENTO

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DE CONTRATA DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na Base 5.B.2.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico individual para o investimento indicado:

AUTORIZACIÓNS
(O informe deberá indicar expresamente que o investimento non precisa de ningunha autorización ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse, e acreditarse documentalmente que o concello xa conta con elas subindo as correspondentes autorizacións, ou que xa as solicitou, xuntando neste caso as solicitudes presentadas ante os organismos correspondentes.
Cando se acheguen as autorizacións que precisa o investimento, deberá indicarse nun novo informe técnico se o proxecto cumpre coas condicións contidas, no seu caso, na dita autorización.)

SUPERVISIÓN TÉCNICA
(Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu orzamento ou o seu contido, de acordo co establecido no artigo 235 da Lei 9/2017 de contratos do sector público. No caso de ser precisa, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado por conta do concello por persoal técnico independente, remitíndolle unha copia á deputación, ou se solicita a asistencia a esta deputación para a súa realización, ao abeiro da disposición adicional 3.6 da citada norma.)

FASES, PARTES OU TRAMOS (OBRA COMPLETA)
(No caso de tratarse de fases, tramos, partes, etc., deberá xustificarse que se trata dunha obra completa, no sentido de ser susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente, e que comprende todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra, de acordo co establecido no artigo 13.3 da Lei 9/2017, de contratos do sector público.)

LOTES (marcar o que proceda)

☐ Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.

☐ Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:

- ☐ Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
- ☐ Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
- ☐ Outros motivos técnicos (especificar)

ESTUDO XEOTÉCNICO
(Deberá indicarse expresamente se é necesario realizar o estudo xeotécnico dos terreos sobre os que se vai executar a obra, ou que non é necesario por resultar incompatible coa súa natureza).

APTITUDE URBANÍSTICA
(Deberá indicarse se os terreos afectados polo investimento son aptos urbanisticamente para a súa execución)

COMPETENCIA DO REDACTOR DO PROXECTO OU PREGO
(Deberá indicarse se o proxectista conta coa titulación profesional habilitante para a redacción do proxecto ou prego que asina)

INVESTIMENTOS DE ABASTECEMENTO DE AUGA POTABLE

(Encher este apartado só para o caso de investimentos consistentes, en todo ou en parte, en actuacións relativas ao abastecemento de auga potable)

De acordo co disposto na Base 2.2 das reguladoras do Plan, o redactor do proxecto/prego ou o técnico do concello, deberá indicar o presuposto de execución material (PEM), e de ser obras, dos gastos xerais e beneficio industrial que sexan aplicables, así como do IVE deducible, referidos soamente ás partidas de abastecemento de auga potable, para os efectos de que a secretaría do concello poida informar o importe do IVE soportado deducible que é aplicable, segundo o sinalado no Anexo X.

ORZAMENTO DE CONTRATA RELATIVO SOAMENTE A ACTUACIÓNS DE ABASTECEMENTO DE AUGA POTABLE				
PEM (Só Abastecemento) (A)	GASTOS XERAIS (Só Abastecemento) (B)	BENEFICIO INDUSTRIAL (Só Abastecemento) (C)	IVE DEDUCIBLE (Só Abastecemento) (D)	TOTAL (Orzamento contrata só obras de abastecemento) (A+B+C+D)

OUTRAS CUESTIÓNS
(Debéranse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior)

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2022"

ANEXO VI

INFORME TÉCNICO-XURÍDICO SOBRE A DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DAS PERSOAS QUE EMITEN O INFORME	
CARGO DAS PERSOAS QUE EMITEN O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DE CONTRATA DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na Base 5.B.2.3 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico xurídico para o investimento indicado, subscribindo cada un dos asinantes unicamente as súas declaracións:

INFORME TÉCNICO
(o persoal técnico detallará os terreos necesarios para a execución do investimento, podendo xuntar para estes efectos a documentación precisa.)

INFORME XURÍDICO
(A Secretaría do concello informará acerca de se o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento.)

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2022"

ANEXO VII

MEMORIA ECONÓMICA DA ALCALDÍA
ESPECÍFICA DE CADA INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE SOLICITADO

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DE CONTRATA DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na Base 5.B.2.6 das reguladoras do Plan, emítese esta Memoria económica en relación co investimento financeiramente sostible indicado:

1.- PREVISIÓN DE GASTOS E INGRESOS

- (Previsión dos gastos de mantemento, dos posibles ingresos ou a redución de gastos que poida xerar durante a súa vida útil, coa finalidade de acreditar que o investimento permite durante a súa execución, mantemento e liquidación dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello e do período medio de pago a provedores)

- Breve descrición do gasto a realizar e da súa natureza

- Vida útil estimada

- Previsión de ingresos

- Previsión de gastos

- Conclusión relativa á acreditación de que este investimento permite o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello e do período medio de pago a provedores

2.- PROXECCIÓN DOS EFECTOS ORZAMENTARIOS E ECONÓMICOS

(Proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte temporal da súa vida útil)

Opción A) se non ten consecuencias orzamentarias ou económicas relevantes

"Sen consecuencias relevantes en canto aos seus efectos orzamentarios e económicos para os ingresos e gastos de exercicios futuros"

Opción B) no suposto de que se considere que vai ter consecuencias orzamentarias ou económicas relevantes:

"Na seguinte táboa detállanse as previsión dos efectos deste investimento sobre o orzamento de ingresos, sobre o orzamento de gastos e o resultado previsible durante os anos da súa vida útil."

	2022	2023	2024	…….	Ano final da súa vida útil
Efectos sobre Orzamento de ingresos (+ -)					
Efectos sobre Orzamento de gastos (+ -)					
Resultado previsible (+ -)					

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2022"

ANEXO VIII

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN ESPECÍFICO DE CADA INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE SOLICITADO

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DE CONTRATA DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na Base 5.B.2.6 das reguladoras do Plan, emítese este informe en relación co investimento financeiramente sostible indicado:

1.- CONSISTENCIA E SOPORTE DAS PROXECCIÓNS DA MEMORIA ECONÓMICA DA ALCALDÍA

Breve análise da Memoria especifica da Alcaldía sobre este investimento e a súa consistencia e fundamentación, con especial referencia ás conclusións sobre se este investimento permitirá durante a súa execución, mantemento e liquidación dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello, e do período medio de pago a provedores.

2.- ANÁLISE DA CONSIDERACIÓN DE INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE
(Análise sobre se o investimento solicitado reúne os requisitos para ser considerado financeiramente sostible, indicando a partida orzamentaria de imputación)

- Competencia municipal

- Indicación sobre se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

- Indicación da súa imputación orzamentaria: clasificación económica, grupo de programa (un único grupo de programa dos previstos nas Bases) e aplicación orzamentaria

- Indicación de se o investimento supera ou non os 10 millóns de euros e si supón ou non incremento do capítulo 1 e 2 do orzamento de gastos

- Indicación da súa vida útil (non debe ser inferior a cinco anos)

- Previsión sobre o prazo de execución e xustificación

- Indicación de que consta no expediente Memoria económica da Alcaldía sobre a proxección dos efectos orzamentarios e económicos da súa vida útil

Conclusión:
O proxecto arriba indicado, **cumpre / non cumpre** os requisitos para ser considerado financeiramente sostible

A N E X O IX

CERTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA OU DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2022"

D. / Dna. _____

secretario/a do Concello de _____

De acordo co disposto no na Base 5.B.2.4 das Reguladoras do Plan, **C E R T I F I C A :**

Que a Alcaldía deste concello / a Xunta de Goberno Local, no día__/ /202_, ditou / adoptou a / o seguinte Resolución / Acordo:

1.- Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto/prego que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 cos datos que se indican:

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DE CONTRATA DO INVESTIMENTO	

2.- Esta decisión de non dividir en lotes o obxecto do proxecto/prego indicado está xustificada pola concorrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación: (indicar as causas técnicas, económicas, xurídicas ou de outra natureza que motiven validamente a súa non división en lotes. No modelo recóllense algúns dos motivos citados no dito artigo a modo de exemplo)

-A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde un punto de vista técnico

-O risco para a correcta execución do contrato procede da natureza obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e a execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

- (…)

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía, en _____, ____de_____de dous mil_____.

V. pr.
A Alcaldía

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2022"

ANEXO X

INFORME DA SECRETARÍA DO CONCELLO SOBRE O INVESTIMENTO RELATIVO AO CICLO DA AUGA

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DE CONTRATA DO INVESTIMENTO	

A.- De acordo co esixido na Base 5.B.2.5 das reguladoras do Plan, a Secretaría do concello emite o seguinte informe en relación con este investimento asociado ao ciclo da auga:

Consultado o expediente correspondente, compróbase que a execución deste investimento que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 non se atopa entre as obrigas a realizar pola empresa xestora da auga no concello.

B.- (Encher este apartado só para o caso dun proxecto ou prego que, en todo ou en parte, teña por obxecto actuacións de abastecemento municipal de auga potable)

De acordo co disposto na Base 2.2 das reguladoras do Plan, a Secretaría do concello informa que, á vista do indicado no informe técnico (Anexo V) o IVE soportado deste investimento é deducible polo seguinte importe a prezo de contrata:

ORZAMENTO DE CONTRATA RELATIVO SOAMENTE A ACTUACIÓNS DE ABASTECEMENTO DE AUGA POTABLE		
Presuposto de execución material + gastos xerais + beneficio industrial (só obras de abastecemento) (A)	IVE soportado deducible (B)	Total orzamento contrata (só obras de abastecemento) (A+B)

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2022"

ANEXO XI

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN SOBRE PRÉSTAMOS

CONCELLO DE	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	

CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN SOBRE PRÉSTAMOS

De acordo co esixido na Base 5.B.3.1 das reguladoras do Plan, e no marco do previsto no artigo 53 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora de facendas locais (TRLFL), e na disposición adicional 14ª do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, emítese o seguinte informe:

- O concello adoptou o acordo de solicitude de préstamo segundo as normas de aplicación

- O concello ten aforro neto positivo no exercicio inmediato anterior

- O nivel de endebedamento do concello non excede do 75% dos ingresos correntes liquidados ou devengados, ou, e excedendo deste límite pero non superando o límite previsto no artigo 53 do TRLRFL (110%), conta coa autorización do órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia

- O préstamo a cuxa minoración se destina o préstamo solicitado a esta deputación, de acordo coas Bases reguladoras do Plan provincial de obras e servivios de competencia municipal POS+ 2022, non foi concertado ao abeiro dos mecanismos estatais de financiamento de pago a provedores

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2022"

ANEXO XII

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO COS DATOS DAS DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS A REDUCIR

CONCELLO DE	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	

De acordo co esixido na base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe cos datos das débedas con entidades financeiras a reducir:

(Deberá cubrirse unha táboa por cada préstamo, pero debe presentarse un único documento Anexo XII que englobe todas as táboas e subirse na Convocatoria POS+Amortización)

Entidade financeira	
Data do préstamo	
Número ou código do préstamo	
Código IBAN da conta bancaria asociada ao préstamo	
Importe inicial do préstamo	
Importe pendente do préstamo	
Importe do préstamo provincial que se aplica á súa Minoración	
Este préstamo non está relacionado co mecanismo de pago a provedores (Base 4.1 final)	
Outros datos	

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2022"

ANEXO XIV

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO XUSTIFICATIVO DOS PAGOS DE GASTOS CORRENTES DEVENGADOS NO 2022

CONCELLO	
DATA	
NOME DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	

De acordo co esixido na Base 9.1 das reguladoras do Plan, emítese este informe xustificativo dos pagos realizados e os dereitos recoñecidos por ingresos finalistas para a mesma finalidade, dos gastos correntes devengados na anualidade 2022 que estean directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios neste concello segundo a lexislación vixente, referidos aos conceptos que se detallan:

SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO	**CONCEPTO**	**PAGOS REALIZADOS POR GASTOS CORRENTES DEVENGADOS NO ANO 2022 (A)**	**DEREITOS RECOÑECIDOS POR INGRESOS VINCULADOS (taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación) (B)**	**GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO (A-B) (Pode ser superior ao importe solicitado e aprobado no Plan)**
Subministración de auga potable	- Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Rede de sumidoiros	- Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Limpeza viaria	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Recollida domiciliaria de lixo	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			

1

SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO	CONCEPTO	PAGOS REALIZADOS POR GASTOS CORRENTES DEVENGADOS NO ANO 2022 (A)	DEREITOS RECOÑECIDOS POR INGRESOS VINCULADOS (taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación) (B)	GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado e aprobado no Plan) (A-B)
Alumeado público	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Mantemento dos accesos aos núcleos de poboación	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outro servizo obrigatorio (Especificar o servizo e a normativa)	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outro servizo obrigatorio (Especificar o servizo e a normativa)	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
	TOTAL			

1

ANEXO XV

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)

POS+ ADICIONAL 1/ 2022

CERTIFICACIÓN DE APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2022 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS

D. / Dna. _____

Secretario/a do Concello de _____

C E R T I F I C A : Que o pleno deste concello, na sesión realizada o día __/__/202_ adoptou o seguinte acordo:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ Adicional 1/2022"** da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+Adicional 1/2022	
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	**PREVISIÓN DE GASTOS 2022** **(A)**	**ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS** **(B)**	**ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)**
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.			
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de			

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais. As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.			
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.			
d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.			
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.			
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren			

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.			
g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, **cando carezan de medios económicos suficientes** para asegurar a cobertura destas necesidades.			
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES			
h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, **cando carezan de medios económicos suficientes** para asegurar a cobertura destas necesidades. A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.			
i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc). A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.			

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTOS			
TOTAL			

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía, en _____, ___ de _____ de dous mil vinte e dous.

V. pr.
A Alcaldía

ANEXO XVI

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)

POS+ ADICIONAL 1/ 2022

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2022

CONCELLO	
DATA	
NOME DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	

De acordo co esixido na Base 12 das reguladoras deste Plan, emítese este informe relativo aos gastos sociais extraordinarios previstos nas Bases reguladoras do POS+Adicional 1/2022 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022.

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	**PREVISIÓN DE GASTOS 2022** **(A)**	**ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS** **(B)**	**ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)**
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación).			
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de			

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais. As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.			
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.			
d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.			
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.			
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas			

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.			
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES			
EDUCADOR/A Interinado 1.1.169.5 A2	ENCARGADO/A DE PORTERÍA Vacante 1.1.399.3 AP	EDUCADOR/A INFANTIL Interinado 1.1.412.9 B	AUXILIAR EDUCADOR/A 1.1.173.17 C2	AUXILIAR EDUCADOR/A Interinado 1.1.173.51 C2	AUXILIAR EDUCADOR/A NOCTURNO/A Interinado 1.1.174.5 C2	CELADOR/A Interinado 1.1.120.9 AP
EDUCADOR/A Interinado 1.1.169.6 A2	TITOR/A DE GARDA Interinado 1.1.150.1 C1/B	EDUCADOR/A INFANTIL Interinado 1.1.412.10 B	AUXILIAR EDUCADOR/A 1.1.173.22 C2	AUXILIAR EDUCADOR/A 1.1.173.36 C2	AUXILIAR EDUCADOR/A NOCTURNO/A Interinado 1.1.174.7 C2	CELADOR/A Interinado 1.1.120.50 AP
EDUCADOR/A Interinado 1.1.169.7 A2	TITOR/A DE GARDA Interinado 1.1.150.3 C1/B	AUXILIAR EDUCADOR/A 1.1.173.23 C2	AUXILIAR EDUCADOR/A 1.1.173.40 C2	AUXILIAR EDUCADOR/A Interinado 1.1.173.47 C2	AUXILIAR EDUCADOR/A NOCTURNO/A Inteirnado 1.1.174.8 C2	CELADOR/A 1.1.120.33 AP
TITOR/A 1.1.151.10 C1/B	TITOR/A DE GARDA Interinado 1.1.150.4 C1/B	AUXILIAR EDUCADOR/A Interinado 1.1.173.9 C2	EDUCADOR/A INFANTIL Interinado B 1.1.412.3	AUXILIAR EDUCADOR/A Interinado 1.1.173.49 C2	COCIÑEIRO/A Interinado c /reserva 1.1.125.1 C1/ C2	CELADOR/A Interinado 1.1.120.54 AP
TITOR/A Interinado 1.1.151.2 C1/B	TITOR/A DE GARDA Interinado 1.1.150.2 C1/B	AUXILIAR EDUCADOR/A 1.1.173.20 C2	EDUCADOR/A INFANTIL Interinado B 1.1.412.4	AUXILIAR EDUCADOR/A Interinado 1.1.173.3 C2	COCIÑEIRO/A 1.1.125.3 C1/ C2	OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS Interinado 1.1.133.2 AP
TITOR/A Interinado 1.1.151.4 C1/B	TITOR/A DE GARDA Interinado 1.1.150.5 C1/B	EDUCADOR/A INFANTIL Interinado 1.1.412.11 B	EDUCADOR/A INFANTIL Interinado B 1.1.412.5	AUXILIAR EDUCADOR/A Interinado 1.1.173.5 C2	COCIÑEIRO/A Interinado 1.1.125.7 C1/ C2	OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS Interinado 1.1.133.5 AP
TITOR/A Interinado 1.1.151.1 C1/B	TITOR/A Interinado 1.1.151.3 C1/B	EDUCADOR/A INFANTIL B	EDUCADOR/A INFANTIL Interinado 1.1.412.1 B	AUXILIAR EDUCADOR/A Interinado 1.1.173.50 C2	AXUDANTE DE COCIÑA 1.1.128.2 AP	OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS Interinado 1.1..133.4 AP
TITOR/A DE GARDA Vacante 1.1.150.7 C1/B	EDUCADOR/A INFANTIL Interinado 1.1.412.12 B	EDUCADOR/A INFANTIL Interinado 1.1.412.6 B	EDUCADOR/A INFANTIL Interinado 1.1.412.2 B	EDUCADOR/A INFANTIL Interinado 1.1.412.7 B	EDUCADOR/A INFANTIL Interinado 1.1.412.8 B	

Deputación DA CORUÑA

CENTRO DE DÍA DE MENORES DE FERROL



33

Deputación DA CORUÑA

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA



Deputación DA CORUÑA

BIBLIOTECA PROVINCIAL



Deputación DA CORUÑA

SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS



Deputación DA CORUÑA

SERVIZO DE ORGANIZACIÓN



37

Deputación DA CORUÑA

SERVIZO DE INFORMÁTICA E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA



Deputación DA CORUÑA

SERVIZO DE SISTEMAS E SOPORTE



32.- Aprobación inicial do Orzamento Xeral da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio económico 2022 e das súas bases de execución.

INTERVENCIÓNS

Sr. Leira Piñeiro

Ola, bo día a todos e a todas.

Pois nada, unha vez máis comezo esta exposición expresando en primeiro lugar o agradecemento a todos os traballadores da institución polo esforzo realizado durante este ano e o ano pasado, momentos moi especiais e, sobre todo, unha mención especial, por suposto, ao Departamento de Orzamentos e Intervención, que estiveron máis a carón para traer estes orzamentos hoxe aquí a esta Cámara.

É unha realidade o grande apoio que segue a proporcionar a Deputación provincial a todos os concellos da provincia, iso é obvio, por iso, antes, para empezar, quixera previamente facer unhas referencias, en primeiro lugar ao expediente modificativo número 6, que levamos no mes pasado, e que nos permitiu xa adiantar cantidades e anticipalas a distintos servizos. Tamén deste mesmo xeito, nesta mesma sesión plenaria, acabamos de someter a aprobación un expediente de modificación, neste caso o número 7, que nos vai permitir neste caso anticipar 17,4 millóns de euros ao Plan único.

Un ano máis o Plan único, o POS 2022, que conta cunha achega orzamentaria inicial de 45,9 millóns de euros, é unha dotación orzamentaria inicial, repito, que incrementaremos como todos os anos o fixemos progresivamente coa incorporación de remanentes ao longo do exercicio 2022, como vimos facendo desde o ano 2017. Reforzamos neste caso a protección iniciada deste exercicio a través deste POS social 2022 destinado ao financiamento de gastos sociais extraordinarios, cunha partida de 7.000.000 € adaptándoo ás novas necesidades dos concellos e introducindo neste caso a posibilidade de financiar investimentos, como xa comentaba na Comisión, que nos van permitir aluguer de camas, cadeiras, guindastres e incluso pois equipos informáticos para os propios servizos.

Uns servizos sociais comunitarios que incrementan de novo a súa partida nun 2,5% e que vai permitir contratar arredor de 180 profesionais dos servizos sociais e financiar máis de 370.000 horas de axuda no fogar nos concellos da provincia durante este ano, 77.000 horas máis que no ano 2020.

A Deputación mantén unha partida de 720.000 € para financiar o Servizo de Teleasistencia, do que xa se benefician na provincia máis de 2.900 persoas. Incrementaremos tamén ata 3.192.000 €, é dicir, un 5% máis, a partida destinada ás subvencións e entidades sociais sen ánimo de lucro de toda a provincia e, por suposto, no que é o Plan de emprego, o PEL, experimentamos neste caso un incremento dun 12%.

Vanme permitir que pare aquí para comentar a creación dunha oficina de apoio á asistencia técnica na planificación e xestión de programas europeos que ha desenvolver a Deputación nos concellos dentro do marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia do Goberno do Estado, é dicir, aproximadamente uns 900.000 €.

Un PEL concellos de apoio á contratación aos concellos cunha dotación próxima aos 3.300.000 euros; un PEL de autónomos e PEME de apoio a contratacións no sector privado e, por suposto, á subvención da cota de autónomos, que aproximadamente é dunha contía de 5.500.000 €. Un PEL emprende, un PEL emprende de apoio ao emprendemento, cunha contía de máis de 2.700.000 €, e que inclúe neste caso 500.000 euros para unha nova liña de axudas ao sector primario destinada á transición ambiental dixital e de procesos.

Por suposto que non nos podemos esquecer do Plan de estradas, ou sexa, un Plan de estradas que, o mesmo que o Plan único, a medida que vai aumentando, o próximo ano aumentaremos tamén en dotación presupostaria, e que neste caso experimenta un incremento dun 20% con respecto ao exercicio pasado, ao inicial, superando en máis de 2.000.000 € ata chegar neste caso inicialmente aos 10.200.000 euros. E xa centrándome no capítulo 2, dentro do Servizo de Vías e Obras, aumentamos máis dun 15% para obras urxentes, alcanzando neste caso unha cifra que supera os 3.500.000 €.

Por mencionar a área de Promoción Económica, ten un orzamento de máis de 8.300.000 euros, o que supón un aumento dun 14,8%. A Deputación contempla unha achega de 4.300.000 euros ao Consorcio Contraincendios e Salvamento. Neste caso, saben vostedes, queda financiado o 50%, tamén o outro 50% fai unha achega a Xunta de Galicia. Ben, pois un consorcio que é para o funcionamento dos 10 parques, dos 10 parques que temos en toda a provincia e que vai servir a contribuír, como todos saben, a esa loita que temos tan devastadora que é a loita contra os incendios. A este importe temos que engadirlle unha contía de máis de 500.000 €, concretamente 571.000 €, para a futura comarcalización do parque de bombeiros de Santiago de Compostela e mellorar os recursos desa comarca, tal como se fixo no seu momento coa comarca de Ferrolterra.

Por parte dos Grupos de Emerxencia Municipais, os, GES, aumentaremos tamén unha dotación este ano cun 26%, mentres que tamén aumentaremos a dotación ás axudas de Protección Civil, que soben máis dun 10%, e por suposto que se manterán tamén as achegas e subvencións que se refiren a confrarías de pescadores, tanto ao sector e ao fomento do sector agrícola e gandeiro e, por suposto, tamén á contratación de socorristas.

Non me quero esquecer nun momento como o que estamos vivindo da área de Turismo, unha área que vai levar unha consignación moi cerca dos 5 millóns de euros e que supón unha subida de máis do 22%. Unha área na que inclúen un apoio claro e rotundo cara aos concellos, os consorcios, as mancomunidades para a promoción turística, o cal ten unha dotación de 2,1 millóns de euros.

Pero tampouco me quero esquecer das axudas a asociacións para a mellora da calidade competitiva turística, que está tamén nunha contía próxima aos 700.000 €, porque entendemos que, vindo dunha pandemia como a que estamos vivindo, como isto é unha mostra e é unha aposta polo turismo, pola hostalaría pero tamén pola reactivación económica dentro dun ano tan importante como o que estamos a vivir e o ano que se nos vén diante, como é este Xacobeo no que estamos todos involucrados.

Manteremos, por outra banda, os créditos necesarios para seguir prestando, por suposto do mellor xeito posible, a asistencia xurídica, económica, técnica e

urbanística a todos os concellos.

Destacar tamén por outro lado o incremento no orzamento da área de Informática e Administración Electrónica para dar cobertura de servizos a todos os concellos da provincia, na súa maioría ademais son medidas propostas polos propios concellos. Estamos falando da elaboración da Estratexia dixital provincial 2021-2024, e aquí quero resaltar o proxecto Concello Dixital, que amplía o alcance do servizo que viñamos dando aos concellos ata agora dentro do que é a administración electrónica. Así como tamén o soporte de mantemento de aplicacións informáticas que se usan a entidades locais directamente: falamos do Servizo de Asistencia Económica e Financeira, que aquí tamén implica unha dotación para unha nova aplicación de contabilidade, a xestión económica, a xestión patrimonial, a tramitación de facturas, etcétera; ou tamén, por que non dicilo, o servizo de asistencia a departamentos de persoal no que se inclúen as nóminas, control horario, xestión de taxas municipais, etcétera.

É preciso resaltar un ano máis, un exercicio máis, que máis dun 5% deste orzamento da Deputación Provincial da Coruña, estamos falando de aproximadamente 10 millóns de euros, serán destinados a seguir mantendo os centros educativos. Estamos falando do IES Puga Ramón, do IES Rosalía Mera ou dos fogares infantís da Coruña e de Ferrol, que seguen sendo de titularidade provincial pese a que a educación e os servizos de protección aos menores son competencia da Xunta de Galicia, e aquí poderiamos incluír tamén a propia Biblioteca provincial.

É sabido, por outro lado, que o proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia non inclúe un ano máis ás deputacións entre os destinatarios do Fondo Galego de Cooperación Local. Non obstante, como comentei anteriormente, as diferentes normas autonómicas séguennos atribuíndo competencias sen cuantificación e sen dotación orzamentaria.

Xa no apartado concreto de subvencións a entidades sen fins de lucro, xuntamente cos programas para actividades culturais, deportivas, sociais e de promoción económica dos distintos sectores produtivos, consideramos prioritario seguir dando resposta ás novas demandas das entidades neste contexto de crise, así como favorecer a igualdade, por suposto loitar contra a violencia de xénero e fomentar o noso maior valor cultural, que non é outro que a nosa lingua galega. Pois ben, todas estas actuacións dispoñen de técnicos deportivos, culturais, de igualdade, de servizos sociais que levan o selo, a sinatura e a colaboración da Deputación Provincial da Coruña.

Comentar tamén, hai que recordalo, que manteremos por suposto conxeladas as tarifas das taxas e prezos públicos no vindeiro ano 2022, e que non haberá operacións de débeda no exercicio 2021, co cal manteremos en consecuencia a situación de débeda cero. Está claro, por suposto que si, por suposto que si, que é un labor de todos, non é un labor deste Goberno, é un labor de todos.

En definitiva, presentamos un orzamento equilibrado, que novamente prioriza o ámbito social e o emprego e, por suposto que a reactivación económica, e que agora máis que nunca precisa do respaldo de toda a Corporación, sendo un punto de partida, pois vostedes son conscientes, e sábeno perfectamente, que será dotado e

mellorado ao longo do ano 2022 e por iso que pido o apoio de toda esta Cámara para a súa aprobación.

Moitísimas grazas.

Sr. Lema Suárez

Bo día, moitas grazas.

Segundo consta no informe de Intervención ao expediente modificativo de crédito aprobado hoxe, o sétimo desta anualidade 2021, a Deputación da Coruña conta con 319 millóns de euros dispoñibles en remanentes de crédito, reservas por valor de 255 millóns e un remanente de Tesouraría de 64 millóns de euros. Son todas elas reservas de crédito excesivas para unha entidade que contou cun orzamento inicial este ano de 185 millóns de euros e que, tendo en conta o nivel de execución do orzamento, probablemente veremos aumentar aínda máis nos vindeiros exercicios, se temos en conta que o orzamento final de ingresos deste 2021, perdón de 2020, 2021, foi de 510 millóns de euros e que nos últimos anos se vén gastando aproximadamente o 40% do orzamento final.

Permanece, pois, intacto un dos males endémicos desta institución, como é a escasa magnitude do orzamento inicial respecto do final e, o que é máis grave, das obrigas recoñecidas finalmente, que se vai vendo aumentado en sucesivos expedientes de modificación de crédito ao longo do ano. Hoxe vimos de aprobar o sétimo, multiplicando así de xeito innecesario o esforzo burocrático na propia tramitación e xestión de fondos públicos, ralentizando o que debería ser o maior obxectivo desta institución: poñer á disposición dos concellos, sobre todo dos máis pequenos, asistencia na súa xestión e a maior cantidade posible de fondos públicos.

O paradoxo desta entidade é que semella ter máis crédito, moito máis crédito e máis recursos financeiros dos que é capaz de gastar anualmente nun momento no que, debido ao efecto combinado da gran recesión de 2008 e da pandemia de 2020, estes recursos son máis necesarios que nunca para reactivar a economía da nosa provincia e das nosas familias.

Semella ademais que esta doenza, lonxe de verse corrixida ou aliviada co paso do tempo, vaise agravando cada vez máis, e é que a tal hora a Deputación da Coruña non é capaz de devolverlles aos coruñeses e coruñesas mediante servizos públicos e infraestruturas nin tan sequera a metade do que recada pola vía dos impostos. Este segue sendo o maior desafío desta institución, que para sermos xustos sabemos que en parte foi provocado polas restricións impostas pola regra de gasto e outras medidas de control fiscal en anos anteriores e en instancias superiores, así como polo efecto en cadea da inexecución dos fondos transferidos aos concellos da nosa provincia. Pero sobre todo é froito da enorme cantidade de crédito sen executar na última década, tamén cando se trata de crédito xestionado directamente pola propia Deputación. Remítome á execución orzamentaria por exemplo do Departamento de Vías e Obras ou tamén do propio Plan de emprego local.

Como vimos este ano, esta falta de dilixencia no investimento de fondos públicos estivo a punto de custarnos un serio desgusto aos coruñeses e coruñesas cando o Estado central tivo a pretensión de botar man do remanente de crédito das

entidades locais para financiar os gastos correntes do Estado, unha resolución que afortunadamente non se levou a cabo en último termo, pero que tería penalizado aquelas institucións menos eficientes no investimento dos seus fondos públicos, como sen dúbida era o caso da Deputación da Coruña.

Así, no exercicio 2020, o último ano do que dispoñemos de contas definitivas, a execución do orzamento do capítulo catro de transferencias, dotado con 62 millóns de euros, foi dun 52%. O capítulo 6, de investimentos reais, dotado con 18 millóns de euros, ficou nun mediocre 31%. E o capítulo 7, de transferencias de capital, só deu gastado un 24% dos case 43 millóns de euros cos que contaba inicialmente.

É dicir, a Deputación gastou durante 2020 o 43% do seu orzamento, deixando no caixón 192 millóns de euros dos 444 millóns dispoñibles finalmente. A execución a 31 de setembro do orzamento deste exercicio, segundo consta no informe de Intervención do modificativo de crédito que vimos de aprobar, non convida tampouco ao optimismo, sendo o máis probable que de novo a cifra total de gasto volva roldar ese baixo 40% escaso do orzamento final. A proliferación de pequenas obras de reparación de estradas ou o cada vez maior número de convocatorias abertas —iso hai que recoñecelo— de subvencións non semellan ser desde logo a mellor maneira de devolverlle á cidadanía o froito dos seus impostos. Precísase máis ambición e máis visión estratéxica para converter esta institución nun actor esencial no desenvolvemento da nosa provincia. Velaí o seu gran desafío, presidente, mobilizar a enorme cantidade de recursos públicos dos que dispón.

No que atinxe ao orzamento do ano que vén, vemos que este aumenta un 2,5% e que, porén, a cantidade destinada aos concellos a través de transferencias diminúe de xeito considerable. Chama a atención que o Plan de obras e servizos, que tivo unha dotación no orzamento definitivo deste ano de 166 millóns de euros, conte unicamente con 21 millóns de euros e medio no orzamento inicial do ano que vén, sen dúbida a partida máis infradotada das contas iniciais do ano que vén, menos da metade das obrigas recoñecidas a 31 de setembro deste ano, que foi de 48 millóns de euros.

Coas estradas provinciais acontece xusto o contrario: o seu orzamento inicial, de 19 millóns de euros, é practicamente o dobre do gasto efectivo a final de ano, que foi de 10 millóns de euros. É dicir, a Deputación da Coruña consigna no seu orzamento inicial do ano que vén menos da metade do que executou este ano en transferencias a concellos mediante o Plan único de obras e servizos, mentres que, pola contra, reserva o dobre do que acabou gastando en reparación de estradas.

Sen dúbida o PEL, o Plan de emprego local, foi un dos programas estrela da Deputación da Coruña ao longo deste ano, ao que acabou destinando 64 millóns de euros para unha execución de 20, dos cales practicamente 12 millóns de euros foron destinados a subvencións directas a empresas. Non dubidamos de que este ano era necesario acudir en socorro do sector privado, pero cómpre manter a cautela e ir regresando paulatinamente á normalidade, é dicir, a evitar a subvención discriminada a entidades privadas e facelo, pola contra, de xeito selectivo por aquelas que, por exemplo, amosen maior capacidade para xerar emprego ou valor engadido.

Vemos que o ano que vén o PEL aumenta en case tres millóns de euros a súa consignación inicial, así que auguramos que a Deputación seguirá por unha senda

que, ao noso parecer, deberá rectificar no futuro para regresar ao seu fin inicial: o de dotar de recursos técnicos e financeiros os concellos da nosa provincia.

Tamén lamentamos a rebaixa dunha partida, a do POS social, que desde o noso punto de vista non se xustifica pola situación de crise que estamos a padecer e que non vai remitir a curto prazo.

En definitiva, a nós gustaríanos un orzamento inicial moi distinto a este, que mobilizase a maior cantidade posible de recursos e que os destinase aos concellos aproveitando ademais o contexto actual no que se levantaron parte das regras de austeridade fiscal no que pensamos que era posible probablemente ir a un orzamento inicial máis ambicioso, maior que este.

En todo caso, pensamos que deberían destinarse máis cantidade en convocatorias abertas aos concellos, respectando o principio de autonomía local, a través de programas como o Plan de obras e servizos, e tamén pensamos que cómpre reforzar o investimento en gasto social nun momento tan complicado como o que estamos a vivir agora mesmo.

En todo caso, recoñecemos o labor desenvolto por esta institución ata o de agora, hai cuestións a subliñar na documentación que se nos reportou, como por exemplo que progresivamente se vai controlando o gasto en subvencións nominativas e vaise aumentando en convocatorias abertas, pensamos que é unha forma de gobernar que nós aprobamos. E en todo caso, polas razóns expostas, o noso grupo anuncia a súa abstención neste punto.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Buenos días, presidente.

Señores y señoras diputados y diputadas, voy a comenzar, primero voy a pedir paciencia y disculpadme igual por la extensión en la intervención, pero no es una cuestión menor y debemos darle la importancia que tiene al presupuesto de la Diputación. Y voy a comenzar dándole tres titulares respecto a estos presupuestos: son unos presupuestos que no hacen crecer a la provincia, unos presupuestos que son el reconocimiento expreso de una gestión nefasta y unos presupuestos que son la constatación de un presidente ausente.

Señor presidente, hoy trae aquí los peores presupuestos posibles, que nacen muertos, ya que las previsiones contenidas en ellos no se van a ejecutar, lo mismo que ha sucedido en años anteriores.

El señor Formoso vuelve a castigar a los vecinos y vecinas de la provincia volviendo a intercambiar privilegios con sus socios, tanto los que están en el Gobierno, como con los que, con su actitud cómplice y silente, son corresponsables de la inacción terrible que sufre esta institución. Castiga de nuevo a los vecinos de la provincia por un puñado de votos para permanecer en esta institución.

Con este proyecto se consolida el maltrato a los ayuntamientos de la provincia

que menos recursos tienen, por tanto, nunca con un Gobierno bipartito de la izquierda socialista y nacionalista se conseguirá converger con los ayuntamientos que más recursos tienen, castigando, por lo tanto, una vez más, a los vecinos de la provincia que viven en municipios más pequeños.

Los presupuestos provinciales para el 22 incumplen promesas y dejan en el tintero infraestructuras de la provincia, como le hemos venido recordando a través de distintos ruegos en los plenos, salvo, eso sí, las concesiones del presidente de la Diputación a su diputado 16, el alcalde de Oleiros, que es el Ayuntamiento con mayor renta per cápita de la provincia, siendo además el municipio que menos aporta en términos de ingresos a esta institución, un político que predica desde sus púlpitos mediáticos defender a los que menos tienen, pero al que jamás le hemos oído defender una iniciativa en esa institución a favor de uno de los municipios pequeños de nuestra provincia.

Por lo tanto, en clave local, sus presupuestos una vez más no equilibran el territorio, quedan dotaciones e infraestructuras en el limbo, en algunos casos el estado actual de muchas de las vías provinciales ponen en riesgo a la población de nuestros ayuntamientos, como así se lo hemos indicado a lo largo del tiempo. No obstante, comprobamos y como así se lo hemos solicitado en reiteradas ocasiones, que va a iniciar las transferencias de las carreteras provinciales, y le aplaudimos por ello; esperamos, señor Formoso, que la cesión de la titularidad de las carreteras provinciales a favor de los ayuntamientos en los tramos que así lo soliciten se haga en perfecto estado de uso, es decir, una vez realice las obras correspondientes de reparación, conservación y adaptación a la normativa de accesibilidad y circulación. Pero una vez más se incumplen sus promesas, y he de insistir que en muchos casos, como le hemos insistido en el grupo provincial, reitero que se presenta un grave riesgo evidente para la circulación, así como para transitar por las mismas nuestros vecinos y vecinas de la provincia en las vías provinciales.

En lo que se refiere al anexo de inversiones, ya hizo mención el diputado Lema, a realizar en el ejercicio y que se acompaña en el presupuesto general, no se identifican las inversiones del Plan de vías provinciales, del Plan de conservación, Plan de sendas, Plan de travesías, etc., con arreglo a lo que dispone la normativa de haciendas locales, como pone de manifiesto oportunamente la Intervención Provincial. Esta es la transparencia del bipartito provincial. Es más, señor Presidente, y según los documentos que acompañan al presupuesto que hoy aquí trae usted a aprobación, el Plan de inversiones en vías provinciales se reduce un 51,57%; el Plan de travesías se reduce un 31,52%; el Plan de sendas se reduce un 31,52% también; pero es que el Plan de seguridad viaria integral se reduce el 100%, queda sin ningún tipo de actuación presupuestaria. Señor Presidente, me parece lamentable e irresponsable que usted priorice acumular los fondos de tesorería en menoscabo de la inversión en seguridad para nuestros vecinos y vecinas que circulan diariamente por las vías provinciales.

Por lo tanto, le pido, señor Formoso, que deje a un lado la rivalidad entre partidos y mire por los intereses de la ciudadanía de nuestra provincia, que es lo que siempre hemos perseguido desde nuestro grupo. Elabore usted un Plan anual de inversiones para la mejora de esas infraestructuras, como así se lo ha demandado el PP y que posteriormente así lo reflejan de forma continua los informes de la Intervención Provincial, pero que sea transparente y claro, porque esta institución está

al servicio de los 93 ayuntamientos de la provincia, no solo de aquellos que tienen alcaldes pertenecientes a las siglas del Gobierno bipartito.

Pero a usted esto, señor Formoso, le da igual mientras siga con el título de Presidente de esta Diputación, aunque por lo general por aquí no esté y, lo que es peor, tampoco se le espere.

Señor Presidente, estos presupuestos son antiprovincia y anticoncellos. Como le exponía anteriormente, este Gobierno provincial fomenta el desequilibrio entre concellos grandes, que por lo general cuentan con numerosos recursos económicos, con los que firma convenios por cuantiosos importes, y los pequeños y medianos que solo tienen el Plan único, que es el que le sirve a usted para ejecutar una pequeña parte del presupuesto provincial.

Un año más debemos poner de manifiesto que los presupuestos se redactaron sin contar y sin informar a los grupos provinciales, o por lo menos al Grupo Popular. Por lo tanto, solo puedo calificar como decepcionante la actitud del equipo de Gobierno, que no ha mantenido reuniones, ni ha contado con el resto de formaciones, simplemente se limitaron a suministrar información y escasa.

Señor Formoso, estos presupuestos evidencian el abandono de los municipios del rural. Señor Presidente, una vez más vemos su falta de políticas para frenar las desigualdades municipales. El rural para ustedes, para el bipartito, no existe, tal vez porque no tienen representación en todos los municipios de la provincia y desconocen muchas de estas zonas. Es lamentable que la Diputación no aborde de una vez por todas los proyectos necesarios y básicos para el medio rural, como son la depuración, el abastecimiento y el saneamiento. Por lo tanto, tengo que decir que la Diputación da Coruña está incrementando el desequilibrio territorial en favor de las grandes ciudades, por eso debo denunciar esa discriminación que cada año se acentúa más y más para los municipios de la zona rural de la provincia, evidenciando no solo una renuncia a asumir una competencia que por ley es de esta casa, sino que se renuncia a una responsabilidad moral.

Señor Formoso, vemos como ustedes, que tanto presumen del Plan único, lo reducen año tras año. Es decir, entre el año 2020 y el año 2022 casi 11 millones de euros. Nos llama también la atención que incrementen el ámbito de actuaciones subvencionables en materia de gastos sociales, cosa que le hemos solicitado en el ejercicio anterior, pero reducen a la mitad la aportación provincial del POS social, pasando de 14 a 7 millones.

Señor Presidente, esto no tiene sentido ni lógica, sobre todo en estos momentos en los que, por responsabilidad, debemos estar al lado de las personas que peor lo están pasando. Señor Presidente, desde aquí le hago una llamada de atención porque parece que no se ha enterado de que esta crisis nos está dejando un impacto desolador y muy preocupante. Esta crisis deja tras de sí una profunda huella con importantes consecuencias en las condiciones de vida y niveles de integración social de personas y familias, cuyas consecuencias seguirán agravándose mientras continúe la pandemia y mucho me temo que posiblemente más allá.

Por lo tanto, hoy le solicito que en el próximo modificativo de crédito incrementen las aportaciones del POS social de forma que estos recursos vayan

destinados a nuestros vecinos y vecinas que se encuentran en una situación de mayor precariedad.

Señor Formoso, en cuanto a la ejecución del presupuesto de gastos provincial, ¿qué le voy a decir? Según las cifras aprobadas en el Pleno de septiembre del año 2021, es decir, hace un mes, a tenor de los datos suministrados por la Intervención Provincial, era del 31,7%, menos incluso que en el año 2020, que según los citados datos y en la misma fecha fue del 31,83. Es decir, casi el 70% del presupuesto de gasto sin ejecutar, lo que supone un claro ejemplo de mala gestión económica de la coalición PSOE-BNG, es decir, la constatación de un fracaso de un modelo de gestión inoperante e ineficaz. Es decir, de cada 1.000 € —para que lo entiendan todos aquellos que puedan estar viéndonos—, de cada 1.000 € del presupuesto de gastos, 700 seguirán en caja sin realizar actuaciones que mejoren la calidad de vida de los vecinos y vecinas de la provincia.

Repito, para nosotros los presupuestos son continuistas y tóxicos para la provincia, realizados unilateralmente sin ninguna reunión previa con los grupos. Son incluso peores que los del año pasado, lo cual evidencia en primer lugar que los presupuestos de este año no se han ejecutado y, por lo tanto, necesitan un año más como mínimo para llevarlos a cabo. Por ello hoy ya le anuncio que tampoco van a ser ustedes capaces de ejecutar los que hoy van a aprobar. La falta de diligencia, la ineficacia, un presidente ausente de forma reiterada y continua de esta Diputación, unido a la propia ejecución presupuestaria, nos indica que trae usted aquí unos presupuestos ficticios, es decir, un papel empapado de promesas que un año más caerá en saco roto, porque no se ejecutan y lo poco que se gestiona se hace mal. Y a modo de ejemplo le digo: se han retirado de forma reiterada expedientes de este Pleno cuando así se lo hemos advertido desde el Grupo Popular, continuos modificados de proyectos mal dimensionados, como advierte de forma reiterada la Intervención Provincial.

En fin, ¿le parece a usted que esta es forma de gestionar y presidir esta institución que ha sido modélica? A nuestro juicio es simple y llanamente inaceptable. Y qué decir de su política de anuncios que posteriormente no se concretan en nada o que se quedan durmiendo el sueño de los justos. Anteriormente el compromiso de un presidente de la Diputación cuando recibía o visitaba a un alcalde de la provincia era sinónimo de una inversión; hoy en día tan solo se llevan un anuncio que no se materializa, tan solo se llevan una palabra que poco o nada vale según se ha venido viendo en estos últimos años.

Señor Formoso, mientras el Gobierno de Pedro Sánchez nos fríe a impuestos a todos los españoles con una obsesión clara contra la agricultura y la pesca de Galicia, las subidas de combustibles y especialmente el gasoil, subidas del precio de la luz tan importantes para la industria, se ve cómo la provincia de A Coruña paso a paso es cada vez más olvidada por el Partido Socialista y por usted, señor Formoso, que está al frente de la Diputación Provincial, porque estos presupuestos dejan fuera muchas de las necesidades para nuestra provincia y muestran la poca ambición y ganas de defender a nuestro territorio o de abordar las necesidades actuales a consecuencia de la pandemia, como nosotros le hemos venido recordando a través de la presentación de distintas iniciativas que han sido rechazadas, dando así la espalda a las vecinas y a los vecinos de nuestra provincia y demostrando una vez más que la Diputación no está trabajando a la altura de las difíciles circunstancias que

estamos viviendo.

Yo le planteo hoy aquí un reto, señor Formoso: dígame usted una actuación que se recoja en los presupuestos de este año que se inicie, que se vaya a iniciar y que se vaya a finalizar en el año 2022; sencillamente le va a costar trabajo decirme una, por lo menos una actuación que sea ambiciosa, una actuación que vea que todos nosotros nos podemos sentir orgullosos de la misma. Pero a usted todo esto le da igual, ya ha conseguido lo que quería. Nunca como hasta ahora esta institución ha sido un instrumento, un medio para cuitas partidistas, siendo el Gobierno y la gestión de la misma la última de las prioridades para quien dice presidirla.

Señor Formoso, la pandemia se ha cebado con las clases sociales más desfavorecidas, con aquellos que no tenían recursos para adoptar las medidas sanitarias o de protección más elementales. Por lo tanto, debemos potenciar los servicios públicos con un sistema de protección social que atienda de manera suficiente a las necesidades fundamentales de todas las personas de nuestra provincia, cosa que usted no hace, ya que vemos que reduce los fondos destinados a Acción Social de la Diputación en más de 6.000.000 €, repito 7.000.000 € menos en el POS social y 6.000.000 menos en acción social.

Señor Formoso, echamos de menos un plan de impulso provincial para ayudar a salir de la crisis económica provocada por la Covid-19 y contribuir a que la provincia en este momento supere las consecuencias de la pandemia, planificando previamente su destino y no andar a salto de mata, como ha resultado probado a través de sus convocatorias excesivamente complejas desde el punto de vista de tramitación donde para cobrar sus ayudas, además de llegar tarde y mal, como así se lo hicimos saber en numerosas ocasiones pidiendo que simplificase el procedimiento y se ganase celeridad en la tramitación y en el pago, atendiendo siempre a las reclamaciones de los futuros beneficiarios que veían imposible la percepción de los fondos.

Señor Presidente, estos presupuestos deberían ser unos presupuestos claves para plantar cara a la pandemia y una vez más se olvidan de los ayuntamientos y de las personas que más lo necesitan, porque no contienen un plan de reactivación frente a la crisis.

Señor Presidente, hoy y por responsabilidad de todos y todas los que hemos sido elegidos para representarlos en esta institución, le pido que centre las prioridades de la Diputación en ayudar a los ayuntamientos y a los colectivos y sectores que más lo necesitan, pero mucho me temo que usted ya ha elaborado su plan de prioridades. Hoy nos iremos de aquí con buenas palabras, eso sí tengo que reconocérselo, pero también nos iremos de aquí sabiendo que no empezará a hacer ahora lo que no ha hecho en los 6 años anteriores. Hemos leído en prensa que ahora mismo su prioridad es ganarle al señor Feijóo, pero es que aquí a usted se le paga su salario para presidir esta institución y, en todo caso, le diré al respecto de esto que yo me conformaría con intentar ganarle a la señora Pontón, que trabajo le va a costar a usted.

Señor Presidente, tengo que decirle que se ha contagiado del estilo de gestión de Pedro Sánchez. La estrategia es calcada: jugar con las palabras y dar solemnidad a los anuncios para finalmente presentar un presupuesto con todo el dinero que han sido incapaces de invertir por el atasco que sufre el Gobierno de esta Diputación. Es triste que haya tanto remanente y expedientes modificativos que vienen a este Pleno,

todo ello motivado por la inejecución de actuaciones inicialmente presupuestadas.

Por lo tanto, decirle que en realidad estamos ante uno de los más grandes fracasos de la gestión de la Diputación en los últimos años, sobre los que se ven incapaces de actuar, y lo que es peor es que ya llevamos demasiados años así con municipios a los que se les aprobaron obras y otras actuaciones en tiempo y todavía no se ha movido, permítanme la expresión, ni una piedra, como así lo hemos hecho saber desde nuestro grupo en numerosas ocasiones en este Pleno. Por lo tanto, otra tomadura de pelo, que ante la presión que estamos ejerciendo desde la oposición del Grupo Popular se nos quiere engañar con juegos de palabras y anunciar más actuaciones sin dar solución al tremendo atasco que tiene paralizadas multitud de inversiones en la provincia.

Señor Presidente, le recuerdo que el Grupo Provincial Popular no ha cesado de pedir un plan de choque para desatascar la gestión de las obras e inversiones. Hacen falta más medios para romper el cuello de botella, para que las inversiones pasen de ser anuncios a ser hechos que mejoren la vida en los municipios y revitalicen la economía.

En resumen, un presupuesto que ignora las necesidades derivadas de la pandemia sanitaria del Covid, un presupuesto que no aborda las necesidades de desarrollo económico de la provincia para luchar contra las desigualdades entre ayuntamientos, unas cuentas que no aportan novedades ni ofrecen soluciones a los principales problemas que está sufriendo nuestra provincia ante la grave crisis en la que estamos inmersos, unos presupuestos que reducen el importe dedicado a la acción social, unos presupuestos que reducen la inversión provincial, un papel mojado que no se va a ejecutar, una nueva aportación a la banca como consecuencia del pago de grandes comisiones repercutidas contra esta Diputación, 700.000 euros, señores, 700.000 euros por los más de 189 millones de euros depositados en cuentas bancarias debido a su incapacidad para ejecutar proyectos de gasto, privando por lo tanto a nuestros vecinos y vecinas de más actuaciones a nivel provincial.

Por lo tanto, son el reconocimiento expreso y explícito del fracaso de la gestión del presidente Valentín González Formoso. Señor Presidente, lo que me pide el corazón es votar que no, pero nosotros no estamos aquí para lo que nos apetece hacer. Nosotros por responsabilidad para con nuestros vecinos y vecinas de la provincia y que así los pueda aprobar sin el claro peaje de alguno de sus socios, el Grupo Popular se va a abstener, pero lo que sí le vuelvo a pedir, señor Presidente, es que trabaje con todos nosotros para dotar de mayores recursos a los ayuntamientos que tienen menos posibilidades para ayudarlos a converger con los demás porque es nuestra obligación legal y es nuestra obligación moral, todo ello con el objetivo de incrementar la cohesión territorial, siendo ésta una prioridad con lo que aspira a devolver a los municipios rurales su capacidad de generar prosperidad y oportunidades. Mejorar las infraestructuras viarias y provinciales para adaptarlas a las nuevas necesidades y garantizar la seguridad vial; apostar por la cohesión social, incrementando el apoyo a los más vulnerables, cerrando brechas de pobreza, de dependencia y de desigualdad; aumentar las transferencias a nuestros municipios, dotándolos de más recursos económicos, contribuyendo así a que se incremente la inversión municipal; consolidar el crecimiento económico y avanzar en el camino de la modernización de nuestra provincia mediante políticas expansivas que apoyen el tejido productivo y sirvan de palanca para las inversiones y fomenten el crecimiento

justo de todos los ayuntamientos; dinamizar la economía local con el empleo y un aumento en el compromiso con las entidades locales como medidas para paliar una posible recesión económica.

Y ya para finalizar quiero dirigirme a ti, Presidente: te pido que nos escuches a todos los grupos. Por parte de los 14 diputados del Grupo Popular solo traemos aportaciones con la intención de aportar, con la intención de mejorar, independientemente de que a veces podamos estar equivocados, nuestra intención es la de acertar. Sea cual sea la postura que adoptes, nosotros seguiremos trabajando para aportar y sumar, para estar a la altura de la confianza que los votantes depositaron en nuestro partido en mayo de 2019, con el fin último de que las propuestas que traigamos a los plenos hagan un poco mejor la vida de los ciudadanos de la provincia.

Nada más y muchas gracias.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día a todos e a todas. Se mo permitides, vou facer unha paréntese, se se pode dicir así, na rolda de intervencións.

Quería comezar por facer tamén extensivo dende o grupo do BNG ese agradecemento e recoñecemento expreso ao esforzo e rigor por parte de todas as persoas profesionais da Deputación que fan posible que esteamos a esta altura presentando o orzamento da Deputación, cuestión que, sen dúbida ningunha, non é menor xa que, polo contido dos orzamentos, permite que tamén os concellos da provincia poidan coñecer con suficiente anticipación, lles permita incorporar a planificación dos seus orzamentos e planificar os seus investimentos en relación ás cifras que recollen os plans provinciais.

Realmente a miña intervención inicial ía no sentido de que estamos falando dun orzamento que recolle e se adapta con sensibilidade ao momento no que estamos. Efectivamente estamos no ano anterior, tivemos que artellar un documento de orzamentos que estivese á altura da situación da dureza da pandemia e do elevadísimo impacto a nivel social e económico. Desta volta non podemos obviar, efectivamente, os datos de vulnerabilidade, de risco de pobreza e os datos sobre o emprego, e deste xeito as cifras do orzamento recollen esa sensibilidade.

Chaman a atención dúas cuestións. Dicir que a Deputación da Coruña dá as costas e fomenta a desigualdade entre os concellos da provincia. Realmente planificar segundo criterios obxectivos, que ademais atenden a cuestións como que non só están centradas na poboación, senón en envellecemento e outros factores, actuar con transparencia e facilitar esa información, pois realmente non creo que sexa dar as costas aos concellos da Coruña, e parece curioso que xurda este matiz cando podemos botar a vista atrás e lembrar aqueles tempos nos que, a través dos plans provinciais, se priorizaban as cidades e se fixo famoso aquel dito de que se financiaban persoas e non ferrados, resulta curioso.

En relación a uns orzamentos con sensibilidade e que estean á altura das necesidades e comprometidos coa vulnerabilidade social, realmente considero que non hai moito que dicir a este nivel. Falamos do POS social, que todos sabemos que

é un plan excepcional orientado no ano pasado a atender situacións de emerxencia e de carácter excepcional vinculados coa pandemia. En ningún momento, e aínda estando en momentos distintos, se decide eliminar esa parte para poder atender aquelas situacións que, froito de todo o vivido aínda permanecen e que, con carácter excepcional e a criterio de cada Concello, cinguíndose á realidade das necesidades da poboación, se poidan necesitar ou activar.

Por outra banda, a atención ás persoas vulnerables efectivamente céntrase a través dos servizos sociais de base, e dese xeito refórzase o compromiso e o financiamento de xeito moi especial coas persoas máis vulnerables por idade: os nosos e as nosas maiores.

Cómpre dicir tamén que se reforza o financiamento, cóntase cun reforzo cara ao financiamento a entidades, sexa dende a área de Igualdade sexa dende Servizos Sociais, e hai que lembrar que moito do traballo de atención a colectivos vulnerables está a día de hoxe en mans de entidades sociais. Nese sentido non parecía xusto deixalo pasar.

Fago eco das palabras do noso deputado de Facenda. A miña intención, como digo, non era estenderme moito máis alá de salientar que as patas nas que se sustenta este orzamento son as necesidades de apoio á dinamización económica e ao emprego, factor fundamental; a atención e apoio social a colectivos vulnerables, e o compromiso cos concellos e co apoio aos concellos e, efectivamente, en relación ao POS, non podemos deixar de lembrar que, efectivamente, é un plan dinámico que sempre ao longo do ano se vai incorporando reforzando o seu financiamento e, polo tanto, o respaldo e cooperación con todos os concellos da provincia atendendo sempre a criterios obxectivos.

E nada, aquí remato a miña intervención.

Sr. García Seoane

Non ía falar, pero xa que me invitaron, pois por que non?

Primeiro preguntar, señor presidente, preguntar se a cámara que está alá arriba está gravándome a min só ou grava alguén máis, porque está enfocando cara min desde que se empezou. Que estaba, a ver se me cachaba sen a máscara? Pois leva gravándome todo o tempo alí arriba... Non, non, aquela de alí estaba gravando para min desde que empezou o Pleno, e a min non me gusta que me vixíen, porque eu ando a peito libre e son moi claro e diáfano, e non me oculto de nada nin de ninguén. Por tanto, agradezo que desaparecera ao dicilo agora. Estaba gravándome, manda truco, manda truco, toma democracia!

Sr. Regueira

Sr. García Seoane, estaba apuntando a María, é o noso xornalista, o que estaba alí estaba apuntando a María, realmente.

Sr. Presidente

A cámara en automático.

Sr. García Seoane

Como daquela coincide no tiro de María e máis eu crin que era para min. Aclarado.

Sr. Presidente

Vén con carapucha que, se non, é imposible... Enfoca ao que fala.

Sr. García Seoane

Non, non, non é esa cámara, unha que había alá arriba.

Sr. Presidente

Estaba falando María e enfoca cara aí.

Sr. García Seoane

Non, non, unha que estaba alá arriba gravando. Xa está aclarado, xa está aclarado.

Sra. Muíño Filgueira

Si, clarifico que seguramente me estaría enfocando a min e cóllete na dirección...

Sr. García Seoane

Ben, sigo, por favor.

Feita esta aclaración, grazas polo do deputado 16. O deputado 16, o deputado número un de Alternativa dos Veciños na Deputación, votado pola cidadanía da comarca da Coruña, un dos deputados máis votado, por certo; se vostedes miran os votos que tiveron cada un, un dos deputados máis votados pois está aquí para facer política, indubidablemente a política de Alternativa dos Veciños.

Eu non vin nin á Deputación, nin ao Concello de Oleiros, nin a ningún sitio onde estea presente Alternativa a bloquear nin a boicotear que se fagan as cousas, goberne quen goberne. Outra cousa é que sexa crítico, que son ás veces tremendamente crítico con moitas cousas que se fan nos concellos, pero non vou nunca boicotear e a que se desgoberne en vez de gobernar.

Por certo, felicitar o presidente do Goberno da nación, que é un home hábil e que tiñan que aprender moitos del, pola política que está facendo. Manda truco que por segundo ano se lle aproben os orzamentos da nación da forma en que o fixo e para ben do país a pesar de todas as que lle caen encima. Felicitación, señor

presidente do Goberno, Pedro Sánchez.

E, feita esta aclaración, tamén dicirlle, señor portavoz do Partido Popular, que o Concello de Oleiros, xa o dixen noutro Pleno, e infórmese vostede antes de volver dicilo aquí, o Concello de Oleiros achega máis que o 90% dos concellos da provincia da Coruña a esta Deputación; dos fondos que veñen do Estado, o noso Concello máis que ningún deses 93, máis que 90, infórmese e despois veña aquí ao Pleno e dígao. Claro, os recursos de Oleiros cóbraos o Estado e despois revérteos, revérteos nas institucións. Mire vostede a conta e xa verá como lle sae a conta capada.

Respecto aos orzamentos, eu creo que son uns orzamentos escasos. Eu coincido, neste caso non co Partido Popular, si na abstención do Partido Popular en que tiña que investirse máis, aí coincido totalmente e coincido co compañeiro que falou da Marea e creo que hai que investir. Eu lévoo dicíndoo moitas veces, creo que hai que investir moitos máis cartos, non en dárllelos aos concellos, dárllelos aos concellos é mellorarlles as estradas onde vive a xente. A Deputación ten case, sen case, 2.000 quilómetros de estradas e a xente vive ao lado desas estradas nunha situación miserenta, que se sacan o pé ao saír da casa llelo pisan os coches, e o mundo avanzou. Antes había carros e había bestas, pero hoxe hai coches e todo o mundo circula cos coches e hai que investir, hai que mentalizarse dunha vez por todas de que goberne quen goberne hai que mellorar esas estradas galegas. Marcarse prioridades sen lugar a dúbida ningunha; non é igual un núcleo con 100 vivendas que un núcleo con dúas vivendas, pero hai que marcarse prioridades e investir aí. Por tanto, eu creo que esa partida sempre está escasa a pesar de que se aumentase, como se dixo aquí, en 2 millóns de euros. Moi pouco a infraestrutura que ten por toda Galicia a Deputación e ademais, por toda a provincia, e que ademais, xa digo, non vai haber informes negativos de Intervención nese aspecto, porque non é unha dádiva a un concello, é unha obra que ten obrigación de facer a Deputación. E aí é onde hai que investir máis, e eu creo que hai unhas miras políticas erróneas que se cre que non dá votos, si que dá votos, fáganlles a vida máis feliz aos que viven ao lado desas estradas, verán como hai votos, e fáganlles a vida feliz. Eu fágollela e vótanme. Eu as estradas de Oleiros, que non son do concello melloráronse todas dunha e doutra forma, moitas polo Concello, e os cidadáns recoñecen ese labor e por tanto votan; a pesar de que se lles collen os terreos que lindan coas estradas, pero os veciños ao final din: sacoume o terreo pero a miña vida mellorou, a miña, a dos meus fillos, a dos meus netos, etcétera. Por tanto, eu creo que aí hai un investimento escasísimo. No resto non vou entrar e o POS todos sabemos que o ano pasado tamén se fixo dunha forma e logo incrementouse. Eu espero que se incremente porque, se hai cartos, haberá que incrementalo. E, por tanto, non vou entrar para nada no tema do POS.

O que si unha partida das que vai, que eu o mencionei na Comisión, esa partida de sete millóns, xa se me informou pola deputada que leva a área, modificáronse, pero eu creo que hai que escapar a esas políticas de regalar o diñeiro público. Hai que atender servizos sociais, hai que atender, se non ten para arranxar a dentadura unha familia, axudala; se non ten para comer, axudala; se non ten para pagar o aluguer, axudalo. Pero iso de pagar diñeiro para que se vaian tomar tapas aos bares eu opóñome rotundamente, rotundamente. Ou darlles aos salóns de peiteados, que ao final gañan un diñeiral, que o digan as mulleres que están aquí, ou os homes tamén, lavar a cabeza 16 €, pero que pasa neste país, lavar a cabeza un pouco de auga na cabeza 16 €, a que menos, e por tanto cobran a Dios, gañan diñeiro e non lles hai que dar máis diñeiro. Hai que darllo a quen o necesita, aos pobres, aos

necesitados ou aos que sen ser pobres nin necesitados se ven abocados a ir cara ese sitio polas políticas que poidan acontecer a nivel mundial ou a nivel do Estado español. Por tanto, aí é onde temos que estar e cónstame que a maior parte dos que estamos aquí estamos nesa loita, pero non en tirar os diñeiros.

Eu vou votar que si ao orzamento, pero vou votar que si non porque saiba, como o do PP, que xa vía que non ía gañar e abstense e queda ben, abstense. Se o PP soubese que eu votaba hoxe que non e máis a Marea, está claro que o PP hoxe votaba que non, e se di o contrario mente, pero como xa sabía que non contaba cos nosos votos nin cos da Marea, que dixo que se abstiña ou algo parecido, e eu que vou votar que si, por tanto neste caso ou o da Marea ou o meu eran definitivos, pois está claro que os orzamentos se ían aprobar. Por tanto, queren quedar ben sen gastar unha peseta, un euro neste caso.

Por tanto, quedaron ben pero non fai falta o seu voto nin a súa abstención para nada, porque para iso está o deputado 16, para iso está o deputado 16, para que funcione a Administración do Estado en todas as súas competencias.

Por tanto, non sei se me queda algo máis que dicir. Ben, se me queda algo máis xa o direi despois. Eu vou votar que si.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día a todos e a todas. Antes de nada agradecer en primeiro lugar á área de Economía e Facenda, e neste caso na figura do seu deputado, pero que fago extensivo a todo o persoal, traer estes orzamentos para a súa aprobación en tempo e forma, para que entren en vigor cando teñen que entrar, nunha institución na que ademais hai un Goberno que non conta cunha maioría absoluta. É unha mágoa que na Xunta de Galicia, que si que a ten, aínda non teña presentados ou aprobados como temos nós hoxe no Parlamento. Ben, é un exemplo dunha xestión tan pésima que mira que pésima é que os imos aprobar en tempo e forma, cousa que non fai a Xunta de Galicia gobernada polo Partido Popular.

Dito isto, quixera agradecer o traballo de todo o persoal dese departamento, tamén agradecer loxicamente, independentemente das súas intervencións, o posicionamento dos distintos grupos de cara á aprobación deste documento, que, se ben con algunha intervención crítica, anunciaron no peor dos casos a abstención e, polo tanto, iso tamén é de agradecer.

A verdade é que neste caso, Sr. Ben, a intervención, ti mesmo dixeches ao final, non ía acorde coa intención do voto, polo tanto, é de saudar positivamente e a min xerábame algunha dúbida, porque dicía, ben, unha intervención tan dura e pintando un panorama tan negro e nefasto para a provincia, por que finalmente se abstén. Ben, pois ti mesmo o dixeches ao final da intervención, cunha alusión clara á decisión tomada polo meu Partido para elixir un novo secretario xeral, que é o presidente desta Deputación e que nada ten que ver co orzamento, co cal entendo que hai moito de carga política, seguramente pola intranquilidade que poida xerar esa decisión que tomamos os socialistas galegos hai unhas semanas no Partido Popular. Polo tanto, benvida sexa, alégrame escoitalo.

Dito isto, sobre algunhas das afirmacións, sobre todo as primeiras que se

fixeron en canto a que son uns orzamentos que non fan medrar a provincia, que non ofrecen nin solucións aos problemas da provincia e que maltratan os concellos que menos recursos teñen, ben, a verdade é que cada un loxicamente pode opinar o que considere oportuno, pero é importante facer memoria para ver de onde viñamos e onde estamos.

Cando gobernaba o Partido Popular esta administración, falando do maltrato aos concellos que menos recursos teñen, había un plan, un POS, que se dotaba con 25 millóns de euros ao ano, 25 millóns para todos os concellos. O Plan único dende o ano 2017 pon nos concellos arredor duns 90 millóns de euros; é dicir, dende o ano 2018 ata o ano 2021 o Plan único puxo á disposición dos concellos 264,7 millóns de euros en 4 anos. Co POS do Partido Popular levaría 10 anos poñer eses fondos nos petos dos concellos, posto que a 25 millóns por ano, multiplicamos por 10, sae en torno a 250 millóns de euros. Esa é a diferenza: fixemos en 4 anos, falo do 18, non vou sumar o 17, en 4 anos o que faría o Partido Popular co seu POS en 10.

Pero, postos a falar dese maltrato aos concellos rurais e aos concellos pequenos, tamén se me viña á memoria mentres falaba o Sr. Ben do DTC 93, aquel plan de Diego Calvo que primaba e estimaba ou establecía como criterio básico a poboación total do municipio. Iso que implicaba? que a maior parte dos fondos os levaban os concellos grandes, sobre todo as cidades. A cidade da Coruña recibía co plan DTC daquela época un 90% máis de fondos que co POS; a cidade de Ferrol un 60% máis de fondos que co POS; e a cidade de Santiago un 45% máis de fondos que co POS. Había 71 concellos dos 93 da provincia que recibían menos fondos que co POS, algún deles unha minoración dun 36%. Ben, pois esa era a motivación que tiña o Partido Popular para reducir esa brecha entre a provincia urbana e a provincia rural: darlles máis cartos ás cidades. Certo é que hai un pequeno detalle que igual a algún se lle escapa, porque disto xa hai algún tempo, e é que as cidades estaban gobernadas polo Partido Popular, loxicamente. Se estivera outro partido, seguramente ese plan DTC non tería existido, pero estabamos ás portas das eleccións municipais e queríase facer un esforzo para tentar sustentar aqueles gobernos que, por sorte ou por desgraza, non foi así e pasaron á oposición.

Falaba vostede tamén de que, como dixen antes, de que non se fai medrar a provincia e que non se traballa polos cidadáns da provincia. Ben, pois mire, unha das principais preocupacións da cidadanía desta provincia a nivel estatal que se poden extraer de todas as enquisas é o emprego. Esta Deputación, este Goberno, creou o Plan de emprego, o Plan local, que antes non existía. Non é que co Partido Popular o Plan de emprego fora con menos fondos, non, é que non existía. O PEL que creou este Goberno da Deputación provincial, dende o ano 2016 xerou máis de 4.000 empregos en toda a provincia, entregou máis de 12.800 subvencións cun investimento de 65 millóns de euros dende o ano 16. Imos contar 17, 18, 19, 20 e 21, en 5 anos 65 millóns de euros para emprego, para fomentar o emprego na provincia. Saben canto dedicaba o Partido Popular cando gobernaba esta institución a emprego? Un millón de euros anuais en cuadrillas. Polo tanto, tirando do argumento que utilicei inicialmente co POS, terían que pasar 65 anos gobernando o Partido Popular esta institución para igualar o investimento en emprego que leva feito este Goberno no últimos cinco.

Ben, eu non digo que a situación que teñamos agora sexa tan mala como vostede a pinta, pero, se a de agora é mala, como sería a anterior? Unha cousa,

vamos, para botarnos aquí a todos e a todas a patadas.

Falaba vostede tamén dun presidente ausente, dun presidente pois non sei, tendo en conta que estamos a poñer moitísimos máis fondos, case triplicando os fondos anualmente que esta Deputación pon nos petos dos concellos, que estamos multiplicando ao longo dos últimos anos por 65 o investimento que facía o seu Goberno en emprego, pois menos mal que está pouco o presidente por aquí, porque se chega a estar moito...

Non sei, a verdade é que despois de escoitalo a vostede acabo de saber que o señor Feijóo ten un dobre e non o sabía, a verdade, eu pensei que non, que era el o que saía nas imaxes que vemos todos os días, sobre todo na TVG, porque eu non o vexo no despacho ao señor Feijóo traballando. Véxoo en todo tipo de actos institucionais, etc., etc., que entendo que é onde ten que estar, ademais de tamén estar no seu despacho, pero tendo en conta por ese *Telexornal* dunha hora no que o 75% son imaxes do señor Feijóo en distintos sitios, pouco tempo pasará no despacho ou en San Caetano. Iso quere dicir que non estea a gobernar a Xunta? Imaxino que vostede non quere dicir tal cousa, porque é un fiel defensor das políticas da Xunta de Galicia. Polo tanto non entendo por que, se o presidente da Xunta pode traballar e facer ou dar conta e atender as súas obrigas institucionais, non o pode facer o presidente da Deputación. Por certo, por se alguén non o sabe, para ser deputado provincial hai que ser concelleiro. Que pasa?, aquí hai concelleiros que estamos no Goberno porque así o deciden os cidadáns e hai concelleiros que están na oposición porque así o deciden os cidadáns, pero uns e outros atendemos a Deputación Provincial da Coruña como é a nosa obriga, e independentemente de que vostede nos vexa aquí, máis ou menos, neste caso o presidente, que foi a quen citou, é importante deixar claro que os datos reflicten que hai unha boa xestión desta Deputación. Outra cousa é que a vostede non lle guste, o cal, ben, eu podo entendelo, pódollo aceptar, pero dende logo loxicamente non o comparto.

Poñía vostede un exemplo en abastecementos e saneamentos, que era unha das brechas deste Goberno en canto ao apoio aos concellos. Ben, pois mire, desde o ano 2017 esta Deputación financiou 364 obras de abastecemento e saneamento a través do Plan único, cun investimento de máis de 45 millóns de euros, só en 4 anos. Pero é importante tamén salientar que o Plan único, unha das grandezas que ten ese plan é que son os concellos os que deciden, en base aos seus criterios a independencia municipal e aos obxectivos que teñen marcados dentro do seu concello, en que queren investir eses fondos. Investíronse 45 millóns de euros porque os concellos decidiron investilos, non é como pasaba antes, e logo poderían terse investido máis ou menos dependendo do criterio que eles quixeran aplicar.

Falamos do reparto de fondos. Para min o Plan único, que multiplica case por 4 o investimento que achegaba a anterior Deputación para os concellos, cun criterio obxectivo de reparto de fondos, paréceme mellor que facelo a través de criterios tipo DTC ou de nominativas que se repartían no 99% dos casos para concellos gobernados polo Partido Popular.

E falaba vostede tamén dese mantra que veñen repetindo ao longo de moito tempo da execución do orzamento e demais. Teño aquí os datos; desde o ano 2015 ata o ano 2021 dos fondos do Plan único e do POS que están sen executar por parte dos concellos, que entendo que non é culpa da Deputación, e só eses fondos suman 50 millóns de euros, de obra sen executar por distintos motivos; dende logo, culpa da

Deputación non será. Non sei se vostedes queren propoñer no Plan único que establezamos un máximo de tempo, como fan outras administracións, e que o que non ten executado perde os fondos, eu dende logo non estou a favor, pero non sei se o PP quere facer iso e desa maneira poderiamos liberar eses fondos e podelos gastar directamente dende a Deputación. Agora, se loxicamente os concellos non os damos gastado e, repito, por distintos motivos que todos e todas coñecemos, desde a complicación moitas veces para obter informes sectoriais, por certo moitos deles da Xunta de Galicia, que superan amplamente os prazos establecidos pola lexislación de 3 meses, chegando a 8 e a 9, en moitos casos, seguramente sería máis fácil licitar.

Ademais diso temos que ter en conta tamén que hai unha Lei de contratos que mudou con respecto á lei que había anteriormente, que establecía un mecanismo de contratación para os negociados sen publicidade que loxicamente tiñan menos controis pero era moito máis áxil na contratación. Agora non, agora todo o que exceda de 40.000 en obras saben todos vostedes que ten que sacarse a concurso. Polo tanto, iso tamén inflúe nos tempos de licitación dos concellos.

E ademais diso tamén inflúe a actual normativa aprobada en época do Partido Popular e mantida, dende o meu punto de vista inxustamente, polo actual Goberno que nos impide facer ofertas de emprego ás administracións públicas máis alá da taxa de reposición. Polo tanto, tendo en conta que hai unha modificación da lei que require de moitos máis recursos humanos e que non podemos contratar eses recursos, tamén se resente a contratación. E todo isto dígoo en defensa dos concellos, non só para defender a Deputación, pero en todo caso os niveis de execución deste orzamento vense lastrados en gran medida porque os 93 concellos desta provincia non damos licitado todas as obras que temos aprobadas e consignadas con cargo a ese Plan único, repito, 50.000.000 dende o ano 2015.

Podemos sumarlle a isto os convenios que están asinados e que tamén están sen executar, que sumarían tamén un importe bastante importante e que podería explicar en gran medida ese problema que temos á hora de executar parte dese orzamento que, como dixen en moitas ocasións —e facía vostede referencia aos gastos bancarios por ter os cartos alí— non son da Deputación, son dos concellos. O que pasa é que vostede o repite constantemente, a ver se se acaba convertendo nunha verdade, pero todos sabemos que non é así. Eses fondos maioritariamente son dos 93 concellos da provincia, non desta Deputación.

Acabamos de aprobar, sen ir máis lonxe, hoxe un modificativo de crédito que habilita fondos para gastar, e facemos varios ao longo do ano. Polo tanto, hai unha clara vontade investidora por parte deste Goberno da Deputación provincial, que loxicamente contradí a exposición de motivos que vostede fixo.

En todo caso, repito o que dixen inicialmente, non me vou estender máis, simplemente quería contrapoñer dúas formas de xestión desta casa que eu entendo que a deste actual Goberno é mellor que a do anterior, e penso que os datos que acabo de dar, que son obxectivos e se poden comprobar, pois así o reflicten. En todo caso agradezo a todos os grupos o seu ton neste punto e a súa, ou ben abstención, ou apoio directo a estes orzamentos.

Polo tanto, grazas a todos e a todas, moi amables.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. Yo también agradezco el tono, Sr. Fernández. Nosotros cuando hablamos, queréis hablar del pasado, de las circunstancias que sucedieron en esta casa, 95 millones de euros de deuda, 95 millones de euros de deuda, que suponían un gasto anual en intereses, en comisiones bancarias por depósitos o por deuda, equis. Hoy en día 190 millones, no lo digo yo, aquí un informe firmado por el señor Interventor que aprobamos en el Pleno anterior, estado de ejecución, arqueo, etcétera, esto es real, es así, esto se ha remitido al Ministerio de Hacienda, esto es la realidad, la realidad de esta casa es esta: una ejecución del 31%, 190 millones de euros en caja; esta es la realidad, no es otra. En aquel entonces 95 millones de euros de deuda heredadas por gestiones equis de atrás tanto me da, que se pagaron, que se pagaron.

Yo lo que digo es que en esta casa estamos para intentar solucionar problemas. Respecto a Feijóo, si está por fuera o por dentro. Feijóo no sé dónde está pero Feijóo ejecuta el 100% de su presupuesto. A mí me gustaría ver, bueno, iba a decir al señor Caballero, ahora ya no sé a quién en el Parlamento, no sé a quién en el Parlamento, si la ejecución presupuestaria de la Xunta de Galicia, en el presupuesto de Gastos fuera el 31,7% en septiembre, me gustaría ver al Partido Socialista, me gustaría ver al Bloque Nacionalista Galego, me gustaría ver cuál sería la reacción en el Parlamento. Sería furibunda y posiblemente podrían tener razón. Es que no podemos tener recursos y no ponerlos a disposición de los ciudadanos, señor Fernández, simplemente es eso.

En todo caso, ¿qué hubiera pasado si tuviéramos una mayoría alternativa para votar en contra de los presupuestos? Pues mire usted, a mí me daría mucha pena que el día 1 de enero no entraran en vigor estos presupuestos. Porque sean mejores o peores son los presupuestos de esta casa; porque, oiga, trayéndolos en este margen último... —por cierto, los presupuestos de la Xunta han sido probados, que yo sepa, esta semana en el Parlamento— pero, en todo caso, en este periodo de tiempo en el que vamos un poco justos, si alguien presentara una alegación agotando los plazos, a lo mejor podría evitar que entraran en vigor el 1 de enero. Pero nosotros no estamos aquí para esto; no, no, estamos aquí para intentar ayudar. Bueno podría decir alguna cuestión más al respecto, pero no... Le agradezco su tono ciertamente y nada más.

Nosotros vamos a abstenernos por convicción, porque creemos que, siendo unos presupuestos que no son buenos, que son malos, muy malos, son los presupuestos de esta casa y hay que ponerlos a rodar ya inmediatamente el día 1 de enero.

Nada más, gracias.

Sr. Leira Piñeiro

Sí, gracias presidente. Sí quiero hablar porque vamos a ver, yo un poco para desmentir ciertas afirmaciones que en este caso el Sr. Ben hace.

Sr. Ben, tú sabes perfectamente que hablabas antes de información, hablabas de información. Podemos discrepar en moitas cuestións, seguramente calquera dos que estamos aquí fariamos uns orzamentos totalmente distintos, María Muiño xa o apuntou, García Seoane o apuntou, o Partido Popular apuntou e ti, unha das cuestións polas que non podo pasar é que fales de falta de información cando, practicamente non sei se cada dous días ou tres nos viamos ti e máis eu. E nesas reunións falamos de moitísimas cuestións, de concellos, de moitos temas e eu paseiche uns orzamentos dos cales eu percibín e recibín achegas de Alberto Lema, recibín achegas de García Seoane e curiosamente non recibín ningunha achega do Partido Popular en canto a orzamentos se refire.

Polo tanto, home, dicir que falta de información, quero desmentilo totalmente, porque, imos ver, teño moitísimas carencias, pero se algunha cuestión teño é precisamente de ser cooperativo, de ser dialogante e de transmitir información. Polo tanto, quero, digamos, romper esa afirmación porque non é así. E non vou entrar a afondar porque antes o Sr. Fernández xa dixo, non é que me pisara o discurso, senón que dixo cuestións que son obvias e que están aí e que, mirar agora polo retrovisor, como era un DTC antes, como se facía unha serie de repartición antes, etcétera, non sei se ten moito sentido, pero creo que somos intelixentes para sacar as nosas propias conclusións. E o que si digo é que os concellos, mal, ben ou regular van saber dunha forma bastante exacta o que lles vai tocar por parte da Deputación inicialmente o ano 2022, en tempo e forma, algo que, por exemplo, non pasa na Xunta de Galicia. O meu Concello recibiu da Xunta de Galicia 110.000 € o ano pasado e non o soubo ata de final deste ano 2021.

Polo tanto, repito, non vou afondar máis nese sentido porque xa Bernardo tamén atinou bastante coa súa intervención e, cando se fala tamén de facer uns orzamentos distintos, que respecto totalmente, porque ademais seguramente todos teriamos o noso propio orzamento, vimos dun momento no que estamos, é dicir, vimos dunha pandemia e seguimos nunha pandemia, e creo que este Goberno e esta Deputación puxo en marcha moitas iniciativas pensadas e presentadas precisamente nese marco.

Quero dicir que nese sentido tamén hai que ter un pouquiño de respecto, digamos a ese tipo de cuestións e non esquecer onde estamos, porque creo que é xusto tamén recoñecer que pode ser moita ou pequena a contía no POS social do que se falou agora aquí, pero o que é unha realidade é que este Goberno puxo un POS social, puxo un POS social e iso é unha realidade. Pode ser moita ou pouca cantidade, e pode ser mellorable, e seguramente sexa mellorable, pero a realidade é que a puxo este Goberno. E, polo tanto, creo que nese sentido tamén se merece un respecto esa iniciativa porque vou recordar unha cuestión que dixen tamén na Comisión: eu recordo cando se puxo o Plan único, que tamén foi moi cuestionado, incluso con manifestacións diante da porta e noutros lugares, naquel momento tamén se cuestionou, incluso por parte dalgúns alcaldes do Partido Popular, que o Plan único lles retiraba os animadores deportivos e os animadores culturais, e acabo de dar

unhas cifras agora na miña intervención dos orzamentos onde pon ás claras a cantidade neste caso de técnicos que se puxeron ao longo da lexislatura pasada e desta. Pois concretamente vénme agora á memoria, á parte de sumar os que xa había, sumáronse unhas novas liñas, como poden ser as de turismo, as de igualdade, etcétera. E o POS social neste caso tamén permitiu incluso que máis persoal e máis persoas á parte de ter emprego dedicaran tamén o seu tempo a un labor como o que estamos vendo.

Polo tanto, de verdade que me parece inxusta esa apreciación e, repito, pódese mellorar e seguramente será mellorable, o mesmo que o grao de execución, claro que é mellorable o grao de execución, non cabe dúbida, pero todos sabemos que nós dependemos nesta administración, e todos traballamos e estamos nos concellos que dependemos doutras administracións, entre elas Augas de Galicia por poñer un exemplo, ou Patrimonio.

Pero como non vou entrar nunha guerra nese sentido, paréceme que, creo que é xusto tamén poñer en valor o esforzo que se está facendo. E na túa intervención de verdade soamente faltou pedir a dimisión do presidente. Soamente faltou pedir a dimisión do presidente e non falar dos orzamentos. Home, o presidente é unha peza importante nesta Deputación, non cabe dúbida, pero incluso por riba das persoas precisamente son os orzamentos que poñen hoxe ao servizo dos cidadáns.

Moitas grazas.

Sr. Presidente

Simplemente, para rematar este punto tan importante, agradecer o labor dos servizos técnicos municipais, o labor liderado por Antonio Leira, sempre calada e responsable, e sobre todo a actitude responsable de todos os grupos, aqueles que votan a favor e tamén aqueles que se absteñen construtivamente. Polo tanto, que se aproben os orzamentos en tempo e forma é unha característica propia desta institución e que caracteriza tamén a responsabilidade de todos e cada un dos grupos que teñen representación nesta Corporación.

Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: 14 deputados/as (13 do PP e 1 de Marea Atlántica)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP e Marea Atlántica, acorda:

"1º.- Aprobar o ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

para o exercicio 2022 por importe de 189.235.000,00 euros e cuxo detalle é o seguinte:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	**IMPORTE**	**CAPÍTULOS**	**IMPORTE**
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	21.197.022,80	I.- GASTOS DE PERSOAL	52.141.915,40
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	15.498.712,31	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	32.787.511,57
III.- TAXAS, P.P. E OUTROS INGRESOS	11.479.425,55	III.- GASTOS FINANCEIROS	761.000,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	140.657.821,34	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	65.352.195,05
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	13.600,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA	3.780.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	**188.846.582,00**	**TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES**	**154.822.622,02**
VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	38.418,00	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	17.417.606,98
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	14.964.000,00
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	350.000,00	VIII. - ACTIVOS FINANCEIROS	2.030.771,00
IX. PASIVOS FINANCEIROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	**388.418,00**	**TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL**	**34.412.377,98**
TOTAL ORZAMENTO	**189.235.000,00**	**TOTAL ORZAMENTO**	**189.235.000,00**

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:

ÁREA DE GASTO	ORZAMENTO
1.- SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS	3.330.671,98
2.- ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL	52.774.680,32
3.- PRODUCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE	28.063.245,82
4.- ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO	54.080.903,50
9.- ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL	50.985.498,38
0.- DÉBEDA PÚBLICA	0,00
TOTAL ORZAMENTO XERAL	**189.235.000,00**

2º.- Aprobar igualmente as Bases de execución para o seu desenvolvemento.

3º.- Incorporar ao expediente orzamentario o orzamento inicialmente formado polo CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

para o exercicio 2022, para dar cumprimento ao establecido no artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, que presenta o seguinte resumo por capítulo:

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	**IMPORTE**	**CAPÍTULOS**	**IMPORTE**
I.- IMPOSTOS DIRECTOS		I.- GASTOS DE PERSOAL	7.627.179,73
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS		II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	1.809.901,74
III.- TAXAS, P.P. E OUTROS INGRESOS	2.613.949,00	III.- GASTOS FINANCEIROS	10.000,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	8.032.287,02	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.083.756,59
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS		V.- FONDO DE CONTINXENCIA	60.397,96
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	**10.646.236,02**	**TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES**	**10.591.236,02**
VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS		VI.- INVESTIMENTOS REAIS	55.000,00
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL		VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS		VIII. - ACTIVOS FINANCEIROS	
IX. PASIVOS FINANCEIROS		IX.- PASIVOS FINANCEIROS	
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	0,00	**TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL**	**55.000,00**
TOTAL ORZAMENTO	**10.646.236,02**	**TOTAL ORZAMENTO**	**10.646.236,02**

4º.- Incorporar ao expediente orzamentario o orzamento/plan de actuación inicialmente formado pola FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC) para o exercicio 2022, para dar cumprimento ao establecido no artigo 132 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, que presenta o seguinte resumo por capítulo:

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	**IMPORTE**	**CAPÍTULOS**	**IMPORTE**
I.- IMPOSTOS DIRECTOS		I.- GASTOS DE PERSOAL	170.476,67
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS		II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	82.860,27
III.- TAXAS, P.P. E OUTROS INGRESOS	13.549,48	III.- GASTOS FINANCEIROS	
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	239.787,46	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS		V.- FONDO DE CONTINXENCIA	
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	**253.336,94**	**TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES**	**253.336,94**
VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS		VI.- INVESTIMENTOS REAIS	
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL		VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS		VIII. - ACTIVOS FINANCEIROS	
IX. PASIVOS FINANCEIROS		IX.- PASIVOS FINANCEIROS	

TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	**0,00**	**TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL**	**0,00**
TOTAL ORZAMENTO	**253.336,94**	**TOTAL ORZAMENTO**	**253.336,94**

5º.- Aprobar o estado consolidado do Orzamento Provincial, co orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e co orzamento/plan de actuación da FAEPAC para o exercicio 2022, que presenta o seguinte resumo por capítulo:

INGRESOS		**GASTOS**	
CAPÍTULOS	**CONSOLIDADO**	**CAPÍTULOS**	**CONSOLIDADO**
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	21.197.022,80	I.- GASTOS DE PERSOAL	59.939.571,80
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	15.498.712,31	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERV.	34.680.273,58
III.- TAXAS, P.P. E OUTROS INGRESOS	14.106.924,03	III.- GASTOS FINANCEIROS	771.000,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	144.419.750,77	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	61.925.806,59
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	13.600,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA	3.840.397,96
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	**195.236.009,91**	**TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES**	**161.157.049,93**
VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	38.418,00	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	17.472.606,98
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	14.964.000,00
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	350.000,00	VIII. - ACTIVOS FINANCEIROS	2.030.771,00
IX. PASIVOS FINANCEIROS	**0,00**	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	**388.418,00**	**TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL**	**34.467.377,98**
TOTAL ORZAMENTO	**195.624.427,91**	**TOTAL ORZAMENTO**	**195.624.427,91**

6º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme ao disposto no art. 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se tiveran presentado reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, publicándose, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o art. 169.3 do citado Texto refundido, consonte co art. 20.3 do R.D. 500/1990, do 20 de abril.

7º.- Unha vez aprobado o orzamento remitiranse copias do expediente á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente.

8º.- O expediente orzamentario permanecerá a disposición pública no Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, na páxina de internet da

Deputación e no Portal de Transparencia, en cumprimento do disposto na normativa estatal e autonómica de transparencia, bo goberno e acceso a información pública."

33.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo coa Asociación Vento Noso, para cofinanciar o "Programa de asesoramento a propietarios afectados, e poboación xeral, nos concellos rurais da provincia da Coruña na implantación de parques eólicos"

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: 13 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"·1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdad e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa ASOCIACIÓN VENTO NOSO, CIF: G70081609, para regular a achega de 64.387,20 € para cofinanciar o proxecto “Programa de asesoramento a propietarios afectados, e poboación xeral, nos concellos rurais da provincia de A Coruña na implantación de parques eólicos”, cun orzamento subvencionado de 80.484,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 80,00 %.

4. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220210048339, da aplicación orzamentaria 0520/92052/481, do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2022 tendo en conta que a vixencia do convenio exténdese ate o 31 de xullo de 2022, así como ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento.

6. Incluír esta subvención nominativa no Plan estratéxico de subvencións da Deputación da Coruña.

7. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN VENTO NOSO PARA FINANCIAR O "PROGRAMA DE ASESORAMENTO A PROPIETARIOS AFECTADOS, E POBOACIÓN XERAL, NOS CONCELLOS RURAIS DA PROVINCIA DE A CORUÑA NA IMPLANTACIÓN DE PARQUES EÓLICOS "

Na Coruña a … de ….... de 2021

REUNIDOS

Dunha parte,_____, en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Doutra parte, _____, en representación da Asociación Vento Noso

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Asociación Vento Noso consideran de gran interese para a provincia impulsar a transferencia de coñecemento solvente e transparente á cidadanía en xeral e, en particular, aos propietarios afectados polo desenvolvemento de parques eólicos na provincia para aproveitar os impactos positivos que poden xerar sobre as economías locais como factor de desenvolvemento e loita contra a despoboación e o envellecemento que ameazan os nosos pobos e vilas así como mellorar a sostenibilidade e a protección do medio ambiente.

Que os fins da Asociación Vento Noso son a promoción e fomento de Enerxías Renovables, e a conservación, promoción e defensa dos recursos naturais e do medio ambiente, así como a defensa dos intereses e dereitos das persoas propietarias de terreos afectados por plans ou proxectos de instalacións de Enerxías Renovables, tanto en propiedades particulares como en Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (MVMC)

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento do desenvolvemento económico e social e a protección do medio ambiente, recoñece a importancia do labor que a Asociación Vento Noso desenvolve, sobre todo no que se refire á problemática da implantación de novos parques eólicos, informando e asesorando sobre os impactos paisaxístico-ambientais que se xeran sobre a súa

contorna e os conflitos no terreo cos usos existentes ou futuros.

Que o apoio da Deputación da Coruña ao “Programa de asesoramento a propietarios afectados, e poboación en xeral, nos concellos rurais da provincia de A Coruña na implantación de parques eólicos” que a Asociación Vento Noso desenvolve, permite beneficiar a un maior número de colectivos da provincia , polo que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e a Asociación Vento Noso acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Vento Noso (NIF: G70081609) para financiar o “Programa de asesoramento a propietarios afectados, e poboación en xeral, nos concellos rurais da provincia de A Coruña na implantación de parques eólicos” , no que se integran as actividades de información e asesoramento á cidadanía en xeral, e en particular, a propietarios afectados polo desenvolvemento de parques eólicos na Provincia da Coruña.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Asociación Vento Noso desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACCIÓNS A DESENVOLVER	Nº ACCIÓNS		GASTO PERSOAL-organización, coordinación	SERVICIOS PROFESIONAIS: ponentes, desenvolvemento contidos	MATERIAL INFORMATIVO: guía, folleto	DIVULGACIÓN: trípticos, carteis, mailing	ALUGUER EQUIPOS	TOTAL
charlas informativas poboación xeral	10	Edicións	2.240,00	3.600,00	3.000,00	3.980,00	600,00	13.420,00
charlas informativas propietarios afectados	10	Edicións	2.240,00	3.600,00	3.000,00	3.980,00	600,00	13.420,00
asesoramento en revisión de exposicións públicas	4	Meses	1.120,00	8.000,00	5.950,00	1.592,00	-	16.662,00
asesoramento técnico-xurídico afectados por instalacións de parques	4	Meses	1.120,00	8.000,00	5.950,00	1.592,00	-	16.662,00
redacción documentos de alegacións tipo	1	Documentos	280,00	1.500,00	-	-	-	1.780,00
elaboración material divulgativo	1	Documentos	-	1.500,00	-	-	-	1.500,00
xestión documental e informativa en páxina web	1	Web	1.120,00	2.500,00	-	-	-	3.620,00

reunións formativas - informativas con colectivos veciñais	10	Edicións	2.240,00	3.600,00	3.000,00	3.980,00	600,00	13.420,00
		TOTAL	**10.360,00**	**32.300,00**	**20.900,00**	**15.124,00**	**1.800,00**	**80.484,00**

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **64.387,20 €**, o que representa unha porcentaxe do **80%**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/92052/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Vento Noso obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes

emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audivisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

c. Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.

d. Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

e. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios

ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

h. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 01 de setembro de 2021 e o 31 de decembro de 2021.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Vento Noso deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Vento Noso para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Vento Noso da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Vento Noso na documentación presentada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Vento Noso terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A Asociación Vento Noso deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Asociación Vento Noso destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuizo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Vento Noso deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Vento Noso poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Vento Noso queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimiento también poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei

9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de xullo de 2022 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 01 de setembro de 2021.

2. Para o caso de que a Asociación Vento Noso non poda presentar a xustificación antes do 31 de xullo 2022, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2022. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de

xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña Pola Asociación Vento Noso

Asdo: **Asdo"**

34.- Aprobación da prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de A Coruña e o concello de Vedra para financiar o proxecto "Posta en marcha e dinamización do Centro de Emprendemento A Estación"

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º APROBAR a prórroga do convenio 64/2021, de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vedra, para financiar o proxecto “Posta en marcha e dinamización do Centro de Emprendemento A Estación”, dentro do PEL 2021, nos seguintes termos:

• Período de vixencia, ata o 30 de xuño de 2023.
• Data límite para a execución de actividades, o 31 de decembro de 2022.
• Presentación da xustificación, antes do 31 de maio de 2023.

2º MODIFICAR as cláusulas VII e XIII do convenio, que quedarán redactadas do seguinte xeito:

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o ***1 de agosto de 2021*** *e o* ***31 de decembro de 2022.***

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Vedra deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Vedra para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Vedra da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Vedra na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concelllo de Vedra terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o inicio das actividades, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día ***30 de xuño de 2023****.*

2. Para o caso de que o Concello de Vedra non poida ter rematadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación antes do día ***31 de maio de 2023****, deberá solicitar antes desta data, a* ***prórroga*** *do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder mediante resolución a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 30 de novembro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Vedra perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.*

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

3º CONDICIONAR o presente convenio ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento. "

35.- Aprobación da prórroga do convenio de colaboración entre a Diputación provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o proxecto "Eixos 2 e 4 do Plan Marco de Reactivación económica e social do Concello de Santiago de Compostela", no marco do PEL 2021

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º APROBAR a prórroga do convenio 13/2021, de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela, para financiar o proxecto “Eixos 2 e 4 do Plan Marco de Reactivación Económica e Social do concello de Santiago de Compostela”, dentro do PEL 2021, nos seguintes termos:

• Período de vixencia, ata o 31 de marzo de 2022.
• Data límite para a execución de actividades, o 31 de decembro de 2021.
• Presentación da xustificación, antes do 28 de febreiro de 2022.

2º MODIFICAR as cláusulas VII e XIII do convenio, que quedarán redactadas do seguinte xeito:

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

*1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o **1 de abril de 2020** e o **31 de decembro de 2021.***

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Santiago na documentación achegada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos polo beneficiario sen que se lle abonase o importe da subvención provincial que lle corresponda, o beneficiario terá dereito ao abono dos xuros legal do diñeiro, computado dende a finalización do prazo de catro meses antes do indicado ata a data do pago efectivo. Se a xustificación documental fose incompleta ou insuficiente o prazo de cómputo dos xuros iniciarase cando o beneficiario emendase as deficiencias detectadas perante a Administración provincial.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende ***1 de abril de 2020 ata o 31 de decembro de 2021,*** *sen que en ningún caso xexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o* ***31 de marzo de 2022*** *sempre e cando exista crédito para tal fin.*

2. Para o caso de que o Concello de Santiago non poida ter rematadas as actuacións e presentada a xustificación antes do día ***28 de febreiro de 2022****, deberá solicitar antes desta data, a* ***prórroga*** *do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder mediante resolución a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do* ***30 de abril de 2022****. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Santiago perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.*

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

3º CONDICIONAR o presente convenio ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento. "

(Abandona a sesión a Sra. Gallego Neira).

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS

Sr. Presidente

Pasamos a actuacións de control. A primeira moción, presentada polo Grupo Provincial de Marea Atlántica para a rexeneración do río Portapego.

1. Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica para a rexeneración do Río Portapego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 1 de outubro aprobouse neste pleno unha moción que alertaba sobre a situación da Mina de Touro e instaba á Xunta de Galicia, ao Concello de Touro, ao Concello do Pino e á empresa "Explotaciones Gallegas S.L." a realizar traballos de inspección e rexeneración das augas e terras afectadas procedentes das escorreduras da antiga mina. Instábase ademais á empresa "Explotaciones Gallegas, S.L." a executar a depuración parcial xa aprobada para reducir as verteduras, requeríndose aos concellos citados e á Xunta de Galicia a que exerceran todas as accións que corresponderan para que se presentara un plan de restauración actualizado e se executara para poñer fin a eses 30 anos de irregularidades dende o seu peche.

Xa se relatou nesa moción a situación da Mina de Touro, pero por lembrar o máis importante, a mina a ceo aberto de cobre, activa entre 1973 e 1988, e explotada pola empresa Riotinto Patiño, deixou unha alta pegada medioambiental derivada do deficiente traballo da rexeneración da área. Os ríos e regos da contorna (Portapego, Brandelos, Lañas, Ameneiro-Lamas, etc.) ofrecen actualmente unha cor laranxa e baixos niveis de pH. Estes ríos e regos ademais rematan deitando as súas augas no bacía do Ulla e polo tanto na Ría de Arousa cos riscos que iso ten para un dos ecosistema máis produtivos do mundo. Esta situación de falta de rexeneración viuse agravada nos últimos anos pola cubrición dunha das canles de evacuación das augas procedentes das escorreduras da antiga mina.

Doutra banda, existe a ameaza da reapertura da mina a través das tentativas das empresas Atalaya Mining e Explotaciones Gallegas, e a súa filial galega, Cobre San Rafael. Está máis que acreditado pola Sociedade Galega de Historia Natural no seu informe do 2 de Novembro de 2017 os riscos e efectos que a actividade mineira causaría na zona.

O 30 de setembro deste ano publicábase no Boletín Oficial da Provincia o anuncio do Servizo Territorial de Augas de Galicia de que Explotaciones Gallegas S.L. solicitaba autorización para as obras do "Proxecto de drenaxe da concesión de explotación SanRafael n.º 2.946", na parroquia de Touro (San Xoán), nos T.M. de Touro e O Pino (A Coruña).

Entendemos que este anuncio é froito da presión da veciñanza para que se executen os traballos de saneamento requeridos. Aínda así, é insuficiente xa que non pon o foco no tramo medio do río Portapego onde se alberga unha das paraxes máis contaminadas a nivel galego cun cúmulo de toneladas de depósitos de sedimentación

de lodos tóxicos da mina de varios metros de grosor. Puidemos comprobar a situación na visita realizada o 16 de setembro. O anuncio polo tanto, ademais de ser considerado unha "cortina de fume para sacar adiante o seu plan extractivo" non fai fronte á dramática situación do Lugar do Portaguzo, nese tramo medio do río Portapego.

Entendemos que ten que poñerse solución urxente a este foco de sedimentación sen deixar de darlle solución a toda a rexeneración e drenaxe derivada dos traballos da mina en tódalas outras canles fluviais afectadas en quilómetros á redonda.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Instar a empresa "Explotaciones Gallegas, S.L." e á Xunta de Galicia a que realicen a rexeneracion ambiental da zona media e baixa do río Portapego (dende o remate da súa canalización no núcleo de Fonte Díaz até a súa desembocadura no río Lañas), retirando os depósitos de sedimentos derivados dos terreos da mina e rexenerando a dramática situación do Lugar do Portaguzo.

2. Dar traslado deste acordo ao Concello de Touro, ao Concello do Pino, á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia e á empresa "Explotaciones Gallegas, S.L.".

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas, presidente.

Antes de pasar a defender a moción, quero lembrar, dicir que no relacionado co contido desta moción houbo unha xuntanza en Vilagarcía de Arousa, o pasado 15 de novembro, de 60 entidades vinculadas economicamente á explotación do recurso mariño, asombrosamente rico e fértil da ría de Arousa, solicitando basicamente o que tamén se reclama nesta moción, que é a rexeneración total e completa do río Portapego onde, como xa denunciamos nunha moción que foi aprobada tamén neste Pleno o pasado 1 de outubro, a empresa Río Tinto Patiño que explotou o cobre que alí había entre os anos 1973 e 1988, non se ocupou da súa drenaxe e rexeneración completa e agora as verteduras, as filtracións desta mina a ceo aberto nunha zona riquísima no que ten que ver cos acuíferos, están pasando directamente a este río, ao Portapego e a outros menores, regatos como Granderos, Laña, Ameneiro, que son todos eles afluentes do Ulla que, como todos sabemos, é o río que máis abaixo acaba conformando a ría de Arousa.

E creo que, recomendo a visita á zona porque é, digamos, un manual de malas prácticas no que se refire á explotación dun recurso como a minería. Evidentemente, nós non estamos en contra da minería en abstracto, senón en contra de que despois da actividade mineira non se faga o esforzo de rexeneración necesario, sobre todo cando se empregaron distintos materiais que presentan unha elevada toxicidade.

Esta moción completa unha que xa presentamos o primeiro de outubro, que foi

aquí aprobada, na que se viña solicitar que se fixese unha rexeneración das verteduras máis próximas á situación da mina. Agora o que pedimos é que sexa o río máis abaixo, onde insistimos que presenta un aspecto realmente preocupante, é unha zona que ten unha presenza evidente de elementos tóxicos nas súas augas, pois pedimos que se efectúe alí unha drenaxe absoluta e completa.

Dicimos, sabemos tamén que o 30 de setembro deste ano se publicaba no *Boletín Oficial de Galicia* o anuncio de Augas de Galicia de que Explotaciones Gallegas, S.L., solicitaba autorización para as obras do obxecto de drenaxe da Concesión Cobre Riotinto explotada por San Rafael. Nós entendemos que esta é unha acción que dalgunha maneira responde á mobilización e ás demandas veciñais, pero que é incompleta. Insistimos, a actuación de drenaxe e rexeneración ten que ser completa e debería ser a propia concesionaria da mina a que se encargase dela, como é lóxico, logo de que durante case 20 anos tirase uns proveitos a súa propiedade, Francisco Gómez, uns proveitos moi relevantes da explotación deste recurso que é o cobre.

Así mesmo, consideramos que esta actuación require dunha urxencia, tal como se pon de manifesto non unicamente pola inquedanza social, senón tamén polo anuncio da vontade da antiga explotadora de volver abrir esta mina. Quere volver a abrir esta explotación cando aínda ten pendentes os traballos de rexeneración da antiga explotación, que, como indicamos, representa un perigo para o ecosistema fluvial tan rico que é non só o do río Portapego, senón o do Ulla, e por tanto tamén a actividade marisqueira que se fai na ría de Arousa máis abaixo.

A nivel de resolución, propoñemos os seguintes acordos; aceptamos tamén unha que nos achegaron os compañeiros do Partido Socialista, porque entendemos que completa a que nós presentamos, que insta aos seguintes acordos:

En primeiro lugar instar a empresa Explotaciones Gallegas, S.L., e a Xunta de Galicia a que realicen a rexeneración ambiental da zona media e baixa do río Portapego, dende o remate da súa canalización no núcleo de Fonte Díaz ata a súa desembocadura no río Lañas, retirando os depósitos de sedimentos derivados dos terreos da mina e rexenerando a dramática situación do lugar de Portaguzo.

En segundo lugar, dar traslado deste acordo ao Concello de Touro, ao Concello do Pino, á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia e á empresa Explotaciones Gallegas, S.L.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día de novo.

Nós en relación ao contido desta moción, anunciamos o noso voto favorable. Hai datos obxectivos da existencia dos residuos, hai datos obxectivos sobre o perigo medioambiental e para a saúde que supoñen, e tamén dese outro aspecto que implica a necesidade da intervención tamén a prol da prevención de posibles impactos ambientais aínda máis graves no caso de, efectivamente, como ben dicía o Sr. Lema,,

pois de que estes residuos chegaran a outros ríos e mesmo á ría polo impacto negativo que terían, así que o noso voto é favorable.

Sr. Fernández Piñeiro

Nós, como xa se falou na Xunta de Voceiros, presentamos unha emenda que foi aceptada polo grupo propoñente, que simplemente vou dar lectura para aqueles que, sobre todo, nos escoitan, que sería: Proponse modificar o punto 1 dos acordos polo seguinte texto que ten un engadido: "Instar a empresa Explotaciones Gallegas, S.L., e a Xunta de Galicia a que comecen a realizar a rexeneración ambiental da zona media e baixa do río Portapego dende o remate da súa canalización no núcleo de Fonte Díaz ata a súa desembocadura no río Lañas, retirando os actuais depósitos de sedimentos dos terreos da mina no lugar de Portaguzo, labores de rexeneración que terán que finalizar unha vez se corrixa o problema de orixe a través da execución dun proxecto de drenaxe integral serio e contrastado cientificamente".

Esa é a nosa emenda, que foi aceptada polo grupo que propón esta moción, ao que queremos agradecer e, polo tanto, nós votaremos favorablemente esta moción.

Sr. Rodríguez Martínez

Bo día a todos.

Nós imos absternos nesta moción que presenta o grupo de Marea Atlántica. Vou dedicar os breves minutos desta intervención, que confío en que sexa a única, a explicar o porqué dese sentido do noso voto.

Evidentemente partimos todos da base de que estamos absolutamente de acordo da necesidade desa rexeneración. Pero eu penso que aquí hai que distinguir tres aspectos que habitualmente quizais non se pon o empeño necesario en distinguir.

Por un lado temos, efectivamente, un proxecto de explotación, que xa foi denegado pola Xunta de Galicia en febreiro deste ano, concretamente xa o segundo dos últimos anos que denega a Xunta respecto da concesión para a explotación desta mina, como consecuencia dunha declaración de impacto medioambiental desfavorable apoiada en distintos informes, principalmente nos informes da Dirección Xeral de Patrimonio Natural e de Augas de Galicia. Faise referencia aí efectivamente a afeccións directas a 8 cursos fluviais, a profundos cambios morfolóxicos dos usos do solo que, como consecuencia, alteran os balances de auga aportada e devolta ao medio natural, alteración de concas e escorregamentos de terras con importantes variacións no comportamento hidrolóxico.

En definitiva, que o proxecto presentado, tanto este como o anterior, non garante que non se produza un impacto negativo sobre o ciclo hídrico. Pero estou facendo exclusivamente referencia, por centrarnos, como fai a moción na situación do Portapego, en Augas de Galicia, pero hai informes de Patrimonio Natural, de Gandaría, de Saúde Pública, de Ordenación Forestal, do Instituto de Estudos do Territorio, dos dous concellos afectados, Touro e O Pino, e tamén do Instituto Geológico y Minero de España.

Polo tanto, a Xunta xa se ten pronunciado, xa estableceu e deixou claro por dúas veces que denegará calquera proxecto que non contemple os requisitos esixidos dende o punto de vista legal, técnico ou ambiental, e que isto é compatible coa defensa por tanto dunha minaría sustentable, comprometida co coidado do medio ambiente e co uso respectuoso dos recursos naturais. En tanto non exista un proxecto que se adecúe a estes requisitos, evidentemente vaise denegar. Pero isto é unha cuestión que non ten por que mesturarse a día de hoxe co que estamos a falar. Xa está efectivamente denegado. Se hai intención de presentar un novo proxecto, pois o camiño xa está marcado nestas dúas resolucións.

En segundo lugar, temos o que é o Plan de restauración e o proxecto de drenaxe. E aquí, tendo en conta a lexislación vixente, tras a denegación desa autorización para explotar a mina, a Xunta o que fixo foi requirir á empresa a corrección do Plan de restauración e tamén o dun proxecto de drenaxe. Non foi como consecuencia, señor Lema, da presión veciñal, senón que foi como consecuencia simplemente da lexislación vixente, é así.

Neste aspecto xa presentou a empresa, actualmente está en tramitación, xa foi requirida para corrixir as deficiencias afectadas e, por suposto, toda esta tramitación será, como non pode ser doutro xeito, obxecto de información pública.

E temos o terceiro aspecto, que é o que ten que ver coa urxencia tamén na que todos estamos de acordo en que hai que abordar esta cuestión, que é o relativo ao proxecto de recollida temporal das augas. Á vista desta situación, é dicir, denegación da explotación, tramitación actual do Plan de restauración e do proxecto de drenaxe, o que si fixo a Xunta foi, como medida cautelar, aprobar un proxecto para recoller as augas que manan de forma natural e bombealas ao oco da antiga mina. A día de hoxe esta cuestión está pendente de resolución de recurso de alzada porque houbo un recurso que é o que está a día de hoxe a impedir que xa se estea a desenvolver esta drenaxe temporal, que consistiría precisamente na rexeneración da zona media e baixa do Portapego e que bombearía as augas ao oco viveiro da mina en tanto non se leven a cabo as plantas de tratamento que tamén foron obxecto de solicitude.

Pois a día de hoxe iso está simplemente pendente da resolución do recurso de alzada e non se está a executar porque se pediu a suspensión dese proxecto por parte dos colectivos, entre os cales está o seu Grupo no Concello de Touro, para evitar efectivamente que iso se desenvolvese. Preséntanse unhas alegacións, preséntase un recurso e pídese a suspensión. En tanto non se resolva esa suspensión, pois non está. Se non, xa se estaría a día de hoxe facendo esa drenaxe temporal, que é o máis urxente que corresponde facer.

Polo tanto, á vista destas cuestións hai que deducir determinados aspectos, que son as conclusións polas cales nós, estando de acordo en que evidentemente hai que seguir adiantando nestes pasos para rexenerar esa situación, pensamos que non se adecúa o que se pide á situación actual.

O primeiro, a Xunta non é a que ten que realizar eses labores de rexeneración. Eu quero pensar que vostede se refire a unha posible execución subsidiaria, efectivamente, en caso de que a empresa responsable de desenvolver eses traballos

non o faga, pero non ten sentido falar hoxe aquí dunha execución subsidiaria cando estamos vendo que, ao final, atendendo ao procedemento sancionador, aos requirimentos que se fixeron, a empresa presentou un proxecto de drenaxe temporal que, a día de hoxe, non se está desenvolvendo precisamente porque os colectivos ecolóxicos da zona e, insisto, o seu grupo no Concello de Touro presentaron un recurso pedindo expresamente esa paralización. Polo tanto, haberá que esperar a que iso se resolva, pero entendemos que a día de hoxe a responsabilidade todos temos claro de quen é, e ademais estase intentando desenvolver e veremos obviamente se logo iso é así ou non. Entón falariamos, de ser o caso, dunha posible execución subsidiaria por parte da administración autonómica.

En segundo lugar, tampouco podemos estar de acordo porque as medidas que teñan que conterse, tanto no que se refire á drenaxe temporal como no que se refire ao Plan de restauración e ao Plan de drenaxe, ao definitivo, teranas que establecer os técnicos dos órganos competentes, que son os expertos na materia. Poden ser ou consistir, temos moitos casos nos que ás veces non é o que os técnicos deciden, poden consistir en ter que extraer eses sedimentos que existen aí ou non, ou pode haber outras solucións.

E insisto, en terceiro lugar, pensamos que non procede polo que acabo de expoñer de que precisamente hai unha drenaxe temporal que está paralizada por un recurso no que se pide expresamente a suspensión.

Polo tanto, eses son os motivos polos que, estando de acordo no fondo, imos absternos para non frustrar que poida saír adiante esta moción, pero si deixando constancia destas cuestións.

(Abandona a sesión o Sr. Pequeño Castro)

E termino, porque si que me teño que referir á emenda que presenta o Grupo Socialista. Eu a verdade é que a tiven que ler dúas veces, porque que se emende para pedir a execución dun proxecto de drenaxe integral, serio e contrastado cientificamente, imos ver, eu penso que aquí isto se fai con certa lixeireza, esta emenda, e logo como son os informes que emite Augas de Galicia a través do Servizo da Área de Calidade das Augas, da Área de Vertido do Servizo de Planificación Hidrolóxica? Eu penso que aquí o que pasa é que non tiveron vostedes ocasión de ler, non xa os informes que emitiu neses dous expedientes que terminaron coa denegación da explotación do servizo Augas de Galicia, é que con ler só a resolución vostedes poden apreciar ata que punto de rigor, de exhaustividade, se analizan todo ese tipo de proxectos, e polo tanto eu, que ademais disto podo falar, como vostedes moitos dos que estades aquí sabedes en primeira persoa, porque estiven nesa casa, pero, ben, como todas as casas teñen as súas cousas, pero dende logo do rigor técnico que teñen os funcionarios, os membros deses servizos, que dependen da Subdirección Xeral do Dominio Público Hidráulico de Augas de Galicia, vanme permitir que eu o poña en valor e diga que de aí non vai saír ningunha autorización que non sexa o que di a emenda: integral, seria e contrastada cientificamente.

E por último, e agora si que remato, hai unha cousa que teño que mencionar. É dicir, vostedes cando están no Goberno, vémolo todos os días no Goberno do Estado, solicitan, piden da oposición un comportamento con certa lealdade

institucional, verdade? Ben, a min gustaríame ver en determinados temas medioambientais unha parte, unha pequena parte desa lealdade que vostedes piden para vostedes. E explícome: a día de hoxe non existe ningún tipo de afección por parte da situación destes dous regatos que son hoxe obxecto, principalmente o Portapego, dunha situación evidentemente que moi lonxe da idónea, no que fai referencia aos seus niveis de ferro ou ao seu pH, ao seu nivel de acidez, pero non hai ningunha afectación, nin a máis mínima á actividade pesqueira-marisqueira na ría de Arousa. E isto, se non lle queren facer caso á Xunta, se dubidan da, penso que equivocadamente, calidade técnica dos traballos de Auga de Galicia, é que isto o di o CSIC, dío o CSIC, díxoo hai nin un ano, enténdenme?

Entón, eu penso que aquí está moi ben facer ese labor preventivo, pero eu nunca lles escoitei dicir a vostedes cando saen este tipo de circunstancias: hai que esperar a ver que resolve a Xunta, hai que esperar a ver que di Augas de Galicia; non, vostedes xa directamente danlle ao botón do catastrofismo e dan pulo, dan certo aire a teorías alarmistas que non teñen nin unha base nin política nin científica. A Xunta ten que tramitar todo o que lle entra, e estao a facer. En concreto neste tema tramitou dúas veces e as dúas veces denegouno, e como isto poderiamos poñer moitos exemplos que tamén foron obxecto de debate neste salón de plenos.

Polo tanto, totalmente de acordo co que expós na túa moción sobre a necesidade de rexenerar, de que haxa un proceso de restauración, un proxecto de restauración e de drenaxe deses ríos para evitar que polo menos, aínda que sexa por medios naturais, sigan dando esas augas. Totalmente de acordo, e aquí os que non estades de acordo sodes vós, que tedes pedida a paralización desa drenaxe temporal en tanto non se acada a drenaxe definitiva, pero non podemos votar a favor por estes matices que acabo de expoñer na miña intervención.

Máis nada e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Moi brevemente, agradezo a intervención do señor Rodríguez. Un par de cuestións: a mina rematou a explotación no 88, e eu creo que a Xunta de Galicia non viu paralizada a súa vontade de rexeneración da contorna da antiga mina por culpa dun recurso de alzada que presentaron os compañeiros de Touro haberá uns meses. Entendo que son 33 anos de tempo que tivo a Xunta de Galicia para obrigar a empresa a rexenerar o impacto da súa actividade económica na zona; penso que, desde logo, sospeito que non foi por culpa dos compañeiros que presentaron o recurso de alzada para mellorar ese proxecto que non se fixo antes.

E, en último lugar, en canto ao alarmismo, a ver, eu modestamente creo que a simple vista se detecta que aquel río, alí abaixo de Fonte Díaz non presenta un aspecto saudable. Eu non son do CSIC, evidentemente, non teño capacidade para medir o pH facendo unha cata do río, pero aquilo non é un río normal. Entón, eu non sei cales serían os efectos que terían cando chegasen máis abaixo á ría de Arousa, pero o que está claro é que os marisqueiros e mariñeiros están preocupados por iso.

Sr. Rodríguez Martínez

Só unha precisión. Efectivamente, é que ninguén discute cal é o estado do Portapego e por iso efectivamente a urxencia en actuar, a urxencia en actuar. Pero dende o Portapego ata o Ulla, e do Ulla á súa desembocadura na ría hai unha intensa rede de aforamentos e de control da calidade das augas por parte de Augas de Galicia. É dicir, evidentemente é que hai afortunadamente un recorrido fluvial importante que é obxecto de control diario por parte de Augas de Galicia. Eu penso que hai que poñer en valor ese traballo que se fai para a defensa da calidade das augas, partindo da base de que, efectivamente, a situación de Portapego ninguén a está a discutir. Non é, afortunadamente, tampouco a de todos os regatos da contorna, que non están como teñen estado hai anos; pero, efectivamente, insisto, a día de hoxe podo entender unha preocupación que se esperta nos colectivos marisqueiros, e eu o que digo é que ás veces hai que ser un pouco, ou intentar ser un pouco máis prudentes e ter constancia de que, efectivamente, non hai ningún tipo de afección, non porque o diga nin a Xunta de Galicia, nin este deputado provincial, porque o din todos os controis que fan os técnicos e entidades independentes, insisto, como o propio CSIC.

Máis nada.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados/as (9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 13 deputados/as (12 do PP e 1 do PSOE - en virtude do artigo 74.1 do Regulamento Orgánico).

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica para a rexeneración do Río Portapego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 1 de outubro aprobouse neste pleno unha moción que alertaba sobre a situación da Mina de Touro e instaba á Xunta de Galicia, ao Concello de Touro, ao Concello do Pino e á empresa “Explotaciones Gallegas S.L.” a realizar traballos de inspección e rexeneración das augas e terras afectadas procedentes das escorreduras da antiga mina. Instábase ademais á empresa “Explotaciones Gallegas, S.L.” a executar a depuración parcial xa aprobada para reducir as verteduras, requeríndose aos concellos citados e á Xunta de Galicia a que exerceran todas as accións que corresponderan para que se presentara un plan de restauración actualizado e se executara para poñer fin a eses 30 anos de irregularidades dende o seu peche.

Xa se relatou nesa moción a situación da Mina de Touro, pero por lembrar o máis importante, a mina a ceo aberto de cobre, activa entre 1973 e 1988, e explotada pola empresa Riotinto Patiño, deixou unha alta pegada medioambiental derivada do deficiente traballo da rexeneración da área. Os ríos e regos da contorna (Portapego,

Brandelos, Lañas, Ameneiro-Lamas, etc.) ofrecen actualmente unha cor laranxa e baixos niveis de pH. Estes ríos e regos ademais rematan deitando as súas augas no bacía do Ulla e polo tanto na Ría de Arousa cos riscos que iso ten para un dos ecosistema máis produtivos do mundo. Esta situación de falta de rexeneración viuse agravada nos últimos anos pola cubrición dunha das canles de evacuación das augas procedentes das escorreduras da antiga mina.

Doutra banda, existe a ameaza da reapertura da mina a través das tentativas das empresas Atalaya Mining e Explotaciones Gallegas, e a súa filial galega, Cobre San Rafael. Está máis que acreditado pola Sociedade Galega de Historia Natural no seu informe do 2 de Novembro de 2017 os riscos e efectos que a actividade mineira causaría na zona.

O 30 de setembro deste ano publicábase no Boletín Oficial da Provincia o anuncio do Servizo Territorial de Augas de Galicia de que Explotaciones Gallegas S.L. solicitaba autorización para as obras do “Proxecto de drenaxe da concesión de explotación SanRafael n.º 2.946”, na parroquia de Touro (San Xoán), nos T.M. de Touro e O Pino (A Coruña).

Entendemos que este anuncio é froito da presión da veciñanza para que se executen os traballos de saneamento requeridos. Aínda así, é insuficiente xa que non pon o foco no tramo medio do río Portapego onde se alberga unha das paraxes máis contaminadas a nivel galego cun cúmulo de toneladas de depósitos de sedimentación de lodos tóxicos da mina de varios metros de grosor. Puidemos comprobar a situación na visita realizada o 16 de setembro. O anuncio polo tanto, ademais de ser considerado unha “cortina de fume para sacar adiante o seu plan extractivo” non fai fronte á dramática situación do Lugar do Portaguzo, nese tramo medio do río Portapego.

Entendemos que ten que poñerse solución urxente a este foco de sedimentación sen deixar de darlle solución a toda a rexeneración e drenaxe derivada dos traballos da mina en tódalas outras canles fluviais afectadas en quilómetros á redonda.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Instar á empresa "Explotacións Gallegas, S.L." e a Xunta de Galicia a que comecen a realizar a rexeneración ambiental da zona media e baixa do río Portapego (dende o remate da súa canalización no núcleo de Fonte Díaz até a súa desembocadura no río Lañas), retirando os actuais depósitos de sedimentos dos terreos da mina no lugar do Portaguzo. Labores, de rexeneración, que terán que finalizar unha vez se corrixa o problema de orixe a través da execución dun proxecto de drenaxe integral serio e contrastado científicamente.

2. Dar traslado deste acordo ao Concello de Touro, ao Concello do Pino, á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia e á empresa “Explotaciones Gallegas, S.L.”.

Sr. Presidente

A seguinte moción, presentada tamén polo Grupo Provincial Marea Atlántica en defensa do galego.

2.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en defensa do galego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de outubro, a Real Academia Galega facía público o seu Mapa sociolingüístico do concello de Ames, na Coruña, no que amosaba, con claridade, o retroceso no uso do galego ao longo das distintas etapas do proceso educativo: Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria (ESO).

Cómpre lembrar que, coa restauración da democracia no estado español, a lingua galega, logo de estar completamente proscrita nas aulas de ensino, comezou a gozar dunha certa protección e mesmo promoción na Educación e na Administración públicas. Unha progresión que culminou coa Lei de Normalización Lingüística de 1983, aprobada por unanimidade no Parlamento galego, así como nos sucesivos Decretos 135/1983, 247/1995 e 124/2007. Estas normas partían da consideración de que era posible unha convivencia pacífica entre dúas linguas en conflito, o chamado bilingüismo harmónico, o cal, malia a contradicir toda a literatura científica ao respecto que sinala a necesidade de promover políticas de discriminación positiva que garantan a transmisión da chamada Lingua B, supuña un avance importante en termos comparativos coa etapa anterior, na que a lingua galega simplemente non existía nas aulas de ensino e na vida pública. Este conxunto de normas e leis viuse, ademais, reforzada polo Plan Xeral de Normalización Lingüística, de 2007, que, entre outras medidas, incrementaba deica o 50% o emprego do galego nas materias científicas do ensino medio, que naquela altura se reducía á sinatura de Coñecemento do Medio.

O Decreto de Plurilingüismo de 2010 veu alterar radicalmente este consenso sobre a necesidade de ir dotando progresivamente de maior protección ao galego no sistema educativo e na Administración, reducindo o seu emprego como lingua vehicular a un terzo das sinaturas impartidas, é dicir, á situación anterior a 1995. Once anos despois da súa entrada en vigor, non podemos máis que cualificar como desoladores os seus efectos entre o alumnado galego, tal e como expón no seu recente informe a Real Academia, no que ilustra como se vai producindo o proceso de perda do galego ao longo do proceso educativo.

Así, antes de se producir o ingreso na educación infantil, un 32.4% do alumnado é considerado galegofalante, dos cales un terzo renuncia a seguir empregando o galego no seu primeiro contacto coas aulas, reducíndose a súa porcentaxe a un 21.1%. Coa entrada en Primaria, esta taxa redúcese aínda máis, ata un 15.6%, e xa en Secundaria, só un 11.4% do alumnado pode ser considerado galegofalante. En resumo, a etapa educativa supón a perda de dous terzos dos falantes de galegos, que pasan de ser tres de cada dez a un de cada dez.

O informe da RAG denuncia “que o medio escolar é hostil para o galego, non proporciona aos rapaces e rapazas galegofalantes o ambiente adecuado para desenvolveren as súas competencias e capacidades comunicativas na súa propia

lingua". E engade: "a diminución das cifras de galegofalantes, especialmente entre a poboación máis nova e nos contextos urbanos e periurbanos, xunto cunha erosión dos procesos de transmisión interxeracional, debuxan unha paisaxe cada vez máis sombría para o galego no medio e no longo prazo". Unhas conclusións que actualizan e corroboran a tendencia xa sinalada polo Instituto Galego de Estadística que sinalaba que, mentres en 1992, un 70% da poboación galega maior de 16 anos podía ser considerada galegofalante, vinte seis anos máis tarde, en 2018, esa porcentaxe descendera deica o 55%.

O informe sinala, ademais, a necesidade deseñar e pór en práctica liñas de intervención eficaces para reverter o efecto desgaleguizador do ensino público en Galicia como serían:

1. Reforzar a presenza do galego na Educación Infantil e primeiros anos de Primaria.
2. Fomentar a aprendizaxe da lectura e da escritura en lingua galega.
3. Afianzar o galego nos contextos escolares galegófonos e abrir espazos significativos para este idioma nos máis castelanófonos.
4. Establecer sinerxías entre a escola, as familias, a administración local e outras institucións relacionadas coa infancia e a mocidade.
5. Reforzar as estruturas administrativas e escolares encargadas da dinamización da lingua.

O traballo da Academia vén certificar, en suma, os efectos desgaleguizadores no ensino do Decreto de Plurilingüísmo aprobado de xeito unilateral polo goberno do Partido Popular en 2010 e que xa foran, así mesmo, denunciados polo Consello de Europa no seu informe, publicado en abril de 2021, no que sinalaba que o Decreto é contrario aos compromisos asumidos polo estado español cando subscribiu a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, na que aconsella ofrecer unha educación na que o galego sexa o medio preferente de instrución.

Tanto as devanditas autoridades citadas, como as distintas fontes empíricas dispoñibles informan da aceleración do devalar do galego desde a entrada en vigor do Decreto de Plurilingüísmo, unha norma imposta, ademais e por vez primeira, de xeito unilateral e sen procurar ningún consenso nunha cuestión tan sensible como é a da política lingüística e o ensino público.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Instar ao Parlamento de Galicia e á Xunta de Galicia á derrogación inmediata do Decreto de Plurilingüísmo.
2. Instar ao Parlamento de Galicia e á Xunta de Galicia á elaboración dunha lei que garanta unha especial protección ao galego no ensino e na administración pública co fin de iniciar a recuperación no número de falantes da lingua propia de Galicia.
3. Dar traslado do seguinte acordo ao Parlamento de Galicia e á Xunta de Galicia.

Sr. Lema Suárez

Imos quitar a máscara entón en solidariedade co compañeiro García Seoane, a ver se non nos pasa nada.

Teño que comezar a miña intervención facendo un pequeno labor de contexto. Creo que debemos agradecerlles aos compañeiros que representan os grupos vascos e cataláns no Congreso dos Deputados, que nas súas emendas ao proxecto de orzamentos aprobado recentemente engadiron unha que subsidiariamente vai ter efectos positivos para o galego, que é que se obrigue ás plataformas, a Netflix e a outras, a emitir as súas series tamén nunha versión en galego. Hai que dicir que isto non estamos falando unicamente dunha cuestión de dereitos lingüísticos e de igualdade, senón tamén dunha cuestión económica, hai toda unha industria arredor desta cuestión, da dobraxe neste caso. Entón, empezar celebrando que os compañeiros cataláns e vascos incluísen o galego tamén nas súas emendas aos orzamentos xerais do Estado. Lamentar que teñan que ser eles os que o fagan, os que acudan en defensa da nosa lingua, da lingua propia de Galicia, ante unha Xunta que vai xusto en dirección contraria, e agora imos acudir á empírica, aos datos que o demostran.

Os primeiros datos aos que podemos facer referencia son os que achega o Instituto Galego de Estatística, que creo que non é sospeitoso de non ser unha institución oficial da Xunta, que se ocupa de medir a realidade social e económica do seu país. Os datos do IGAE ofrecen a seguinte lectura: en 1992 podíase considerar que un 70% da poboación de Galicia era falante do galego, e en 2018 esta cifra baixaba ata un 50%. Estes son datos coñecidos desde hai tempo, pero hai un máis recente, que é o que basicamente motivou esta moción e que está exposto e resumido nela, que é un estudo que vén de facer a Real Academia Galega no concello de Ames, presidido con gran bo labor polo compañeiro Blas García, aquí á nosa beira, este estudo estudaba a evolución dos falantes de galego nas tres etapas educativas obrigatorias, obrigatorias non, na infantil, na secundaria e na primaria. Entón as conclusións ás que chegan son a verdade que moi contundentes.

Entran no proceso educativo de escolarización un 30% de cativos, de rapazada que se poden considerar falantes de galego, e saen do colexio educativo anos máis tarde unicamente un 10% de persoas que se poden considerar galegofalantes. O concello de Ames ademais é interesante porque pensamos que representa un dos poucos casos, son estes concellos periurbanos onde está aumentando a poboación, polo tanto, podemos pensar que o futuro do noso país se vai parecer máis á realidade que agora mesmo xa amosan este tipo de concellos, como hai outros alcaldes aquí de concellos semellantes, que basicamente son os que van achegar ese crecemento vexetativo.

Polo tanto, estamos indo a unha situación de perda de falantes, de perda de falantes e os efectos, ou as causas, perdón, mellor dito, hai que buscalas, entendemos nós, no Decreto de plurilingüismo. Eu creo que nos estamos retrotraendo ao momento, ao 2010, no que á calor daquela campaña electoral púxose en xogo, eu creo que de maneira irresponsable, unha materia complexa, unha materia delicada, que esixe consensos, como é a cuestión da defensa do galego.

Penso que aí se actuou movido polo fragor daquela batalla electoral, asumindo teses completamente antigalegas de grupos que hoxe podiamos describir sen exaxeración como de ultradereita, ou que xa forman parte do que vén sendo a nova dereita organizada, a ultradereita deste país e que son afíns a elas, naquel momento o Partido Popular de Feijóo asumía as súas teses e impuxo unha norma, o Decreto de plurilingüismo cuxos efectos estamos a ver hoxe, que son unha perda alarmante e acelerada de falantes de galego novos, que vai ser por tanto a situación que teñamos no futuro.

Hai moitísimas cuestións que poñer de relevo nesta diagnose que fai a Real Academia Galega, unha delas é o capítulo tamén de, non só de diagnose, senón de prognose, de tratamento, no que fala de que por suposto hai que ir a unha situación na que o galego sexa a lingua vehicular no ensino obrigatorio. Isto non o di unicamente a Real Academia Galega. O Consello de Europa, nunha carta remitida ao presidente da Xunta de Galicia hai escasos meses, denunciaba tamén este feito, denunciaba que en Galicia non se estaban dando os supostos recollidos na Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, subscrita polo Goberno de José María Aznar no seu momento, no que dicía que este tipo de linguas deben gozar dunha protección especial e deben ser, por tanto, as linguas vehiculares do ensino.

En definitiva, pensamos que cómpre actuar con urxencia na cuestión da lingua, cómpre garantir a súa reprodución, a súa transmisión, e estamos agora mesmo nunha situación realmente pésima, e a política lingüística seguida polo Goberno Feijóo e pola Xunta de Galicia desde logo forman parte dos responsables desta situación. Polo tanto, propoñemos os seguintes acordos:

Instar o Parlamento de Galicia e a Xunta de Galicia á derrogación inmediata Decreto de plurilingüismo.

Segundo, instar o Parlamento de Galicia e a Xunta de Galicia á elaboración dunha lei que garanta unha especial protección ao galego no ensino e na Administración pública co fin de iniciar a recuperación do número de falantes da lingua propia de Galicia.

Por último, dar traslado do seguinte acordo ao Parlamento de Galicia e á Xunta de Galicia.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día de novo.

En relación a esta moción, coincidimos co sentir e igualmente coa parte resolutiva e o que demanda. Efectivamente, o decreto dende logo o obxectivo que non cumpre é o do coidado e promoción da lingua galega. Como ben dicía o compañeiro da Marea, se facemos un repaso dos datos dende o proceso de nenos e nenas, voume referir ás franxas de menor idade porque realmente son ás que maioritariamente atinxe o contido da moción, o que podemos observar é unha continua redución na porcentaxe de nenos e nenas, rapaces e rapazas que se

expresan sempre en galego. E se falamos, por poñer un exemplo, entre o tramo de 5 e 14 anos, alá polo 2003 había un 27,10% de persoas, nenos neste caso, que falaban sempre en galego. A cifra en 2018 é dun 14,27. Se imos ao tramo de 15 a 29 anos, había un 28,49% que aseguraban que falaban sempre en galego e na altura de 2018 o dato é de 18,94%.

Esta tendencia á baixa repítese tamén nese tramo que analiza aqueles que falan máis galego que castelán, pero logo nos seguintes tramos da enquisa, naqueles nos que temos que analizar, aqueles que falan sempre en castelán ou que empregan de xeito máis habitual o castelán fronte ao galego, a tendencia é totalmente a oposta, unha tendencia de incremento, sempre gañando falantes que deixan atrás o galego.

Se hai unha serie de cuestións que deberiamos cumprir, é dicir, que se temos que considerar que a lingua galega é un patrimonio cultural que sexa obxecto de especial respecto e protección, se o galego é a lingua propia de Galicia, se a Lei de normalización lingüística obriga a favorecer un cambio de tendencia na consideración social do galego e a súa incorporación a novas esferas da vida social, dende logo os datos que amosan as estatísticas, realmente o que nos fan pensar é que o decreto é un rotundo fracaso no avance da normalización lingüística que ademais, segundo indican os datos, non só non fai gañar falantes, senón que fai que aqueles nenos que entran na escola sendo galego falantes, a medida que avanzan na etapa educativa, abandonan o idioma e cambian ao castelán para adaptarse ás súas contornas sociais, evidentemente o decreto é un rotundo fracaso e en todo caso o que podemos denominar é que é un decreto completamente antigalego.

Evidentemente, ante estes datos e ante o compromiso que debe de gardar a Xunta de Galicia en velar pola promoción e coidado da lingua, é de responsabilidade a derrogación deste decreto e de implementar cantas medidas sexan necesarias para que se respecte o dereito das persoas galegofalantes e ademais se impulse o seu coñecemento, uso e competencia entre o alumnado.

Hai que lembrar así para rematar que, evidentemente, ante un dato tamén constatado e obxectivo no que o proceso de transmisión no fogar da lingua galega tamén diminúe, cada vez son menos as familias que no entorno familiar utilizan como primeira lingua o galego, evidentemente o papel da escola para o avance do galego é un piar fundamental. Polo tanto, entendemos que é urxente e necesario implementar medidas partindo da derrogación deste decreto que podemos tirar como un completo fracaso.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi brevemente, nós compartimos o fondo e a forma desta moción tal e como fixemos saber na Xunta de Voceiros e, polo tanto, o voto do noso grupo vai ser favorable.

Sr. Alfonsín Somoza

Ola, bos días a todos. Moitas grazas, señor presidente.

Quixeramos dicir que vaia por diante, antes de nada, que o noso maior

respecto ao estudo e á función da Real Academia Galega, como non podía ser doutro xeito. Entendemos que este estudo seguramente será un estudo útil e que sen dúbida achegará moitas cousas para o deseño das medidas da política lingüística da Xunta de Galicia. Pero temos que dicir que neste caso o noso voto será en contra, e tratarei de argumentalo.

En primeiro lugar, quixera dicir que extraer as conclusións dun estudo sobre un concello tan singular como o de Ames para aplicalo a toda Galicia, cando menos require un mínimo de prudencia, é dicir, todos sabemos que o concello de Ames, e aquí está o seu alcalde, non quixera equivocarme, pero tivo un gran crecemento demográfico nos últimos anos, cunha grande incorporación, cunha importante incorporación de xente inmigrante, que non ten vínculos co galego e tamén con persoas inmigrantes doutras provincias de España que tamén descoñecen e non tiñan vínculos co galego.

Se fixeramos un estudo similar económico no concello de Arteixo, pois ao mellor a política industrial sería outra distinta. E se fixeramos un estudo demográfico, mesmo no concello de Ames, ao mellor resultaría que Galicia non ten un problema de demografía. Pero non é así. A verdade é que o concello de Ames é un concello onde se está crecendo moito, onde urxe a construción incluso de institutos, mentres noutros concellos estamos cheos coas prazas baleiras nos colexios. Pero levamos dez anos, dez anos cun modelo lingüístico propio, un modelo lingüístico que respecta o marco normativo, un modelo lingüístico que atende ao sentir da maioría dos galegos e un modelo lingüístico que aposta por garantir o futuro do galego en todos os ámbitos.

Nestes dez anos podemos dicir que a sociedade galega amosou a súa conformidade con este sistema, un sistema baseado na tolerancia e no respecto. Tamén o Informe PISA corrobora un pouco estes datos. Así, Galicia é a comunidade onde os alumnos falan as dúas linguas con máis facilidade, é a comunidade en que os alumnos se declaran en maior medida ser competentes cando menos en dúas linguas, por riba do País Vasco e de Cataluña. E tamén facía vostede relación aos datos que manexa a Unión Europea, e isto non o dicimos nós, senón que xustamente desde a Real Academia de Galicia se apunta a que o galego é a lingua minorizada con maior porcentaxe de falantes en Europa.

E non podemos esquecer os éxitos da política lingüística e implantación dunha lingua estranxeira e que permitiu adquirir a moitos galegos novas competencias lingüísticas cada vez máis necesarias e imprescindibles.

Como todos sabemos, hai tres piares básicos nos que se fundamenta a igualdade de oportunidades: a sanidade, a xustiza e a educación. Agora mesmo levamos uns anos, coa evolución da sociedade tal e como vén, en que é absolutamente necesario o coñecemento e a competencia funcional noutros idiomas. Agora ben, o feito de que en certos ámbitos fóra do ensino os máis mozos non utilicen en maior medida o galego é algo xa coñecido, e isto acontece sobre todo en concellos urbanos e periurbanos, como pode ser o caso de Ames. O ensino proporciona competencia e aptitude, pero unha persoa non fala galego ou castelán porque no colexio lle falen unha lingua ou outra. Son as contornas nas que unha persoa se socializa os que inflúen na lingua que un escolle para falar.

Sendo conscientes desta influencia, a Xunta leva anos traballando pola dinamización do galego e así xa ten feito o Plan de dinamización do galego no tecido económico entre o período 2016-2020, que está a punto de renovarse por catro anos máis; o Plan de dinamización do galego da mocidade para o período 2019-2022, con 10 millóns de euros de orzamento; e o Plan de dinamización do deporte. Así mesmo, tamén está en vigor o proxecto Nós para o período 2021-2025, co que se pretende interactuar en galego nos medios dixitais, cun investimento de 15,5 millóns co que se pretende ademais que teña un efecto multiplicativo ata os 45 millóns xerados.

En definitiva, non perdemos de vista a evolución do galego e o seu uso pola sociedade, e o Partido Popular segue a traballar a prol da nosa lingua, como non pode ser doutro xeito. Pero desde o ano 2010 as portas da Xunta de Galicia seguen abertas e seguen abertas para a colaboración con todas as entidades a prol do galego, iso si, desde a tolerancia e o respecto, e estamos convencidos de que unha maior colaboración por parte de todas as administracións sen dúbida terá efectos positivos para o galego e para Galicia. Intentar revivir debates que os galegos xa pecharon, amosando unha sa e libre disposición á convivencia lingüística non axuda nin ao galego nin a Galicia.

Máis nada polo momento.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados/as (9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 12 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte mocion:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en defensa do galego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de outubro, a Real Academia Galega facía público o seu Mapa sociolingüístico do concello de Ames, na Coruña, no que amosaba, con claridade, o retroceso no uso do galego ao longo das distintas etapas do proceso educativo: Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria (ESO).

Cómpre lembrar que, coa restauración da democracia no estado español, a lingua galega, logo de estar completamente proscrita nas aulas de ensino, comezou a gozar dunha certa protección e mesmo promoción na Educación e na Administración públicas. Unha progresión que culminou coa Lei de Normalización Lingüística de 1983, aprobada por unanimidade no Parlamento galego, así como nos sucesivos Decretos 135/1983, 247/1995 e 124/2007. Estas normas partían da consideración de que era posible unha convivencia pacífica entre dúas linguas en conflito, o chamado bilingüismo harmónico, o cal, malia a contradicir toda a literatura científica ao respecto que sinala a necesidade de promover políticas de discriminación positiva que garantan a transmisión da chamada Lingua B, supuña un avance importante en termos comparativos coa etapa anterior, na que a lingua galega simplemente non existía nas aulas de ensino e na vida pública. Este conxunto de normas e leis viuse,

ademais, reforzada polo Plan Xeral de Normalización Lingüística, de 2007, que, entre outras medidas, incrementaba deica o 50% o emprego do galego nas materias científicas do ensino medio, que naquela altura se reducía á sinatura de Coñecemento do Medio.

O Decreto de Plurilingüismo de 2010 veu alterar radicalmente este consenso sobre a necesidade de ir dotando progresivamente de maior protección ao galego no sistema educativo e na Administración, reducindo o seu emprego como lingua vehicular a un terzo das sinaturas impartidas, é dicir, á situación anterior a 1995. Once anos despois da súa entrada en vigor, non podemos máis que cualificar como desoladores os seus efectos entre o alumnado galego, tal e como expón no seu recente informe a Real Academia, no que ilustra como se vai producindo o proceso de perda do galego ao longo do proceso educativo.

Así, antes de se producir o ingreso na educación infantil, un 32.4% do alumnado é considerado galegofalante, dos cales un terzo renuncia a seguir empregando o galego no seu primeiro contacto coas aulas, reducíndose a súa porcentaxe a un 21.1%. Coa entrada en Primaria, esta taxa redúcese aínda máis, ata un 15.6%, e xa en Secundaria, só un 11.4% do alumnado pode ser considerado galegofalante. En resumo, a etapa educativa supón a perda de dous terzos dos falantes de galegos, que pasan de ser tres de cada dez a un de cada dez.

O informe da RAG denuncia “que o medio escolar é hostil para o galego, non proporciona aos rapaces e rapazas galegofalantes o ambiente adecuado para desenvolveren as súas competencias e capacidades comunicativas na súa propia lingua”. E engade: “a diminución das cifras de galegofalantes, especialmente entre a poboación máis nova e nos contextos urbanos e periurbanos, xunto cunha erosión dos procesos de transmisión interxeracional, debuxan unha paisaxe cada vez máis sombría para o galego no medio e no longo prazo”. Unhas conclusións que actualizan e corroboran a tendencia xa sinalada polo Instituto Galego de Estadística que sinalaba que, mentres en 1992, un 70% da poboación galega maior de 16 anos podía ser considerada galegofalante, vinte seis anos máis tarde, en 2018, esa porcentaxe descendera deica o 55%.

O informe sinala, ademais, a necesidade deseñar e pór en práctica liñas de intervención eficaces para reverter o efecto desgaleguizador do ensino público en Galicia como serían:

1. Reforzar a presenza do galego na Educación Infantil e primeiros anos de Primaria.
2. Fomentar a aprendizaxe da lectura e da escritura en lingua galega.
3. Afianzar o galego nos contextos escolares galegófonos e abrir espazos significativos para este idioma nos máis castelanófonos.
4. Establecer sinerxías entre a escola, as familias, a administración local e outras institucións relacionadas coa infancia e a mocidade.
5. Reforzar as estruturas administrativas e escolares encargadas da dinamización da lingua.

O traballo da Academia vén certificar, en suma, os efectos desgaleguizadores no ensino do Decreto de Plurilingüísmo aprobado de xeito unilateral polo goberno do Partido Popular en 2010 e que xa foran, así mesmo, denunciados polo Consello de

Europa no seu informe, publicado en abril de 2021, no que sinalaba que o Decreto é contrario aos compromisos asumidos polo estado español cando subscribiu a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, na que aconsella ofrecer unha educación na que o galego sexa o medio preferente de instrución.

Tanto as devanditas autoridades citadas, como as distintas fontes empíricas dispoñibles informan da aceleración do devalar do galego desde a entrada en vigor do Decreto de Plurilingüísmo, unha norma imposta, ademais e por vez primeira, de xeito unilateral e sen procurar ningún consenso nunha cuestión tan sensible como é a da política lingüística e o ensino público.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Instar ao Parlamento de Galicia e á Xunta de Galicia á derrogación inmediata do Decreto de Plurilingüísmo.
2. Instar ao Parlamento de Galicia e á Xunta de Galicia á elaboración dunha lei que garanta unha especial protección ao galego no ensino e na administración pública co fin de iniciar a recuperación no número de falantes da lingua propia de Galicia.
3. Dar traslado do seguinte acordo ao Parlamento de Galicia e á Xunta de Galicia."

Sr. Presidente

Hai unha moción presentada polo BNG sobre a situación do sector lácteo e outra do Partido Popular sobre o mesmo asunto. O debate conxunto, se vos parece.

3.Moción do Grupo Provincial do BNG sobre a situación do séctor lácteo galego

Exposición de motivos:

As 6.540 explotacións lácteas que aínda quedan neste país corren serio perigo de peche a pesar de ser as que están a producir o 45% do leite de todo o Estado. Un produto de superior calidade, cun medio de produción baseado na superficie agraria e que en boa medida sustenta a alimentación e dá espazo á cabana gandeira.

Aínda así, boa parte deste sector amosa unha dependencia perigosa dos insumos esóxenos que na volatilidade dos seus prezos, periodicamente, someten a duras probas a viabilidade destas explotacións. A esta volatilidade hai que sumar que nestes tempos a suba e abuso dos oligopolios das eléctricas e dos combustíbeis fan insostíbel a situación.

A lóxica do mercado debera traer unha suba compensatoria no prezo final do produto para estes custes de produción. Esa suba, tímida, xa se deu, mais non repercutiu no/a produtor/a, e a situación continúa a agravarse..

A situación mantívose ata o momento porque son moitas as explotacións que contan con contratos anuais para pensos, electricidade e mesmo combustíbel, mais chegado o 1 de xaneiro a situación vai ser moito peor.

E todo isto acontece fronte á impasibilidade dos gobernos galego e español. A Xunta, coa súa teimosa negativa a actuar de árbitro ou intermediario e con argumentos como que "...o mercado manda..." ou que "...a lei prohíbeo...". E o Goberno do Estado, que se exime de responsabilidades escudándose na denominada

Lei 12/2013, de 2 de agosto, da Cadea Alimentaria, aprobada polo Ministerio de Agricultura que, teoricamente, obriga a que os prezos en orixe dos alimentos se adapten ao que custa producilos, aínda que sen establecer mecanismos para fixar obxectivamente tales custes de produción.

A situación é preocupante, xa que a suba de materias primas como a solla, a colza, ou a fariña de millo -que subiron un 50% no último ano-, os abonos de síntese, o gasóleo agrícola -que pasou de 55 a 85 céntimos- ou o recibo da luz -con incrementos de máis do 50%- están a reducir a escasa marxe coa que traballaban as explotacións leiteiras. Nun cálculo obxectivo estes elementos condicionan o 60% dos custes de produción, movéndose nun abano de 30 a 40 céntimos, polo que cun incremento dun 30% destes custes temos o litro de leite entre 5 e 8 céntimos máis caro, e sen esquecer que estamos a falar dun sector estratéxico para o conxunto de Galiza e que ve ameazado neste momento a súa viabilidade.

Por todo o exposto, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego insta ao Pleno da Corporación provincial a adopción dos seguintes ACORDOS:

1-Instar á Xunta de Galiza a promover un Foro de encontro, debate e negociación, arbitrado e moderado pola Consellaría do Medio Rural, onde estean representados todos os actores da cadea de produción e obtención do leite e derivados: produtores/as, cooperativas, industria e especialmente a Distribución.

2-Demandar do goberno do Estado que no desenvolvemento da Lei da Cadea Alimentaria se dote aos sectores produtivos dunha ferramenta obxectiva que fixe uns custes de produción de referencia vinculantes e obrigatorios.

4.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña en apoio do sector lácteo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galicia, o sector lácteo posúe unha importancia transcendental que se estende ao longo do territorio español, xa que destacamos como líderes nacionais tanto en número de gandeiros como en produción de leite.

Poñendo de relevo os datos, na nosa comunidade prodúcese o 40% do leite de toda España e localízanse máis da metade das explotacións lácteas do total nacional. Deste xeito, Galicia produce tanto leite como a suma das seguintes catro comunidades españolas con maior produción Castela e León, Cataluña, Andalucía e Asturias. Por outra banda, non debemos esquecer que nos atopamos entre as dez primeiras comunidades en produción de leite de Europa.

Perante a relevancia deste sector, cómpre sinalar que o incremento dos custos de produción das explotacións agrarias que supón o encarecemento dos cereais e dos legumes destinados á alimentación animal, os combustibles ou a enerxía dificulta a sustentabilidade económica das gandarías, especialmente as dedicadas á produción

de leite.

Neste sentido, o compromiso da Xunta de Galicia a prol deste eido produtivo amósase no óptimo desenvolvemento da Estratexia de dinamización do sector lácteo de Galicia, cunha aposta firme por consolidar unha relación equilibrada entre gandeiros, industria e distribución, para que o valor xerado se reparta de xeito harmónico ao longo da cadea láctea. Esta estratexia ten como obxectivo principal consolidar Galicia como unha das principais rexións lácteas de Europa, cun alto nivel de competitividade, sustentabilidade e capacidade de resiliencia.

É máis, é preciso referirse á necesidade contemplada na medida 1.2.1 da Estratexia, de abordar unha reforma lexislativa ambiciosa que permita aumentar a base territorial das explotacións gandeiras como instrumento redutor dos custos de alimentación. Cumprindo esta medida aprobouse o pasado mes de maio a Lei de recuperación da terra agraria, que entre outros obxectivos promove coa ferramenta dos polígonos agrogandeiros os procesos de reestruturación parcelaria e a ordenación de usos nas zonas de produción leiteira.

Precisamente, en relación con este tema, a Consellería do Medio Rural deu a coñecer un informe sobre a Manifestación de Interese de proxectos autonómicos, que constata a gran demanda de base territorial que teñen os nosos gandeiros. De feito, das máis de 13.200 hectáreas xeolocalizadas para orientación produtiva gandeira, o 94% correspóndese co sector bovino, o que demostra o peso que ten o vacún na nosa comunidade e especialmente o lácteo.

Nesta liña, cómpre salientar a importancia que posúen as axudas destinadas aos investimentos en explotacións agrarias, coñecidas como "plans de mellora", así como para a incorporación de mozos ou para a instalación de pequenas explotacións, liñas que superan nos orzamentos para o vindeiro ano 2022 os 76 millóns de euros.

A estas liñas de actuación, súmanse as accións formativas especializadas en xestión empresarial para os gandeiros (Gandeiros 20-30), e a posta en marcha dunha aplicación para que os gandeiros poidan calcular os seus custos de produción.

Esta aplicación web gratuíta, denominada "Conta Láctea", foi oficialmente presentada o pasado mes de agosto co obxecto de promover unha contabilidade rigorosa nas explotacións lácteas galegas. De carácter certamente intuitivo, esta aplicación respecta escrupulosamente a normativa contable española, e permite obter a conta da explotación e o coste de produción por cada litro de leite, entre outras funcionalidades.

Esta iniciativa, como as enmarcadas na citada Estratexia, responden á necesidade de fortalecer a profesionalización do sector, mellorar a súa rendibilidade e defender a calidade dos nosos produtos lácteos por medio de ferramentas prácticas e verdadeiramente efectivas na práctica, sobre todo nun contexto como o actual, de reestruturación do modelo produtivo cara explotacións máis eficientes e rendibles.

Neste respecto, é preciso dar un paso máis na consolidación desta ferramenta e capacitala de validez desde o propio Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), acreditando os custes de produción dos gandeiros ante os primeiros compradores do leite e facilitando, canto sexa posible, o desenvolvemento da súa actividade nas mellores condicións.

En consideración de todo o exposto ata o momento, a posta en funcionamento do

Observatorio do Sector Lácteo de Galicia é outra proba de que a Estratexia sectorial deste importantísimo eido produtivo está a dar os seus froitos. Este atópase seguindo os trámite previos ao decreto que o regulará, co obxecto de darlle un pulo á produción e á transformación do leite en Galicia.

Porén, a clave final é que o consumidor final perciba todo o traballo que leva consigo a produción láctea galega e a garantía de que o noso leite responde aos maiores estándares internacionais de calidade, benestar animal e seguridade alimentaria. Neste senso a estratexia do sector lácteo aposta pola diversificación da produción dos nosos gandeiros coa marca de "Leite de Pastoreo de Galicia". Así mesmo, o recoñecemento pola estratexia da calidade do noso lácteo ten acollemento baixo a marca de garantía "Galega 100%" que será a panca de promoción de todo o noso sector lácteo.

Polo exposto, o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1.- A Deputación de A Coruña, insta ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a adopción das medidas oportunas para:

a) Habilitar mecanismos que garantan o cumprimento da disposición contida no artigo 12 ter da Lei da Cadea alimentaria, actualmente en tramitación, para acadar o obxectivo de que todos os elos da cadea de valor láctea cobren polo seu produto un prezo que cubra, alo menos, os seus custos de produción. E que esta exixencia se contemple de xeito particular no caso dos gandeiros, por ser o elo máis feble da cadea.

b) O cumprimento da solicitude realizada pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para que no texto final da Lei da cadea alimentaria se recollan as medidas ou modificacións que sexan necesarias para o recoñecemento dos resultados económicos da "Conta láctea" ou outras aplicacións oficiais, como forma de acreditación do custo efectivo de produción.

c) Levar a cabo as modificacións na lexislación estatal demandadas pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para facilitar a constitución de organizacións de produtores lácteos axeitadas ao tamaño das explotacións galegas como mecanismo para o fortalecemento da capacidade de negociación dos nosos gandeiros.

2.- A Deputación de A Coruña, insta á Xunta de Galicia a impulsar, coa cooperación de todas as administracións públicas, unha campaña de concienciación dirixida ao consumidor final sobre o papel esencial do sector primario no aprovisionamento de alimentos de calidade, en particular, o papel dos gandeiros e dos produtos lácteos.

3.- A Deputación de A Coruña, insta á Xunta de Galicia a reforzar a promoción dos produtos lácteos galegos incidindo en aspectos como a seguridade alimentaria, o benestar animal das nosas explotacións e a diversificación da súa produción, coa implantación de marcas de garantía como Galega 100% e Leite de pastoreo de Galicia.

4.- A Deputación de A Coruña, insta á Xunta de Galicia a apoiar a demanda de base territorial dos nosos gandeiros como mecanismo de redución dos custos de alimentación dándolle prioridade na licitación de polígonos agrogandeiros de carácter

público.

5.- A Deputación de A Coruña, insta á Xunta de Galicia a axilizar a tramitación para a constitución do Observatorio Lácteo Galego previsto na Estratexia do sector lácteo, como instrumento que permita acadar unha mellor estrutura sectorial para analizar e avanzar nas cuestións que afectan a este eido produtivo, de xeito particular a mellora da interlocución e a transparencia entre os diferentes elos da cadea."

Sra. Muíño Filgueira

Non sei se dará a cuestión para ser áxiles e rápidas, agardo que si.

E evidentemente presentamos esta moción atendendo a unha situación que si que hai que sinalar que vén de lonxe: a cuestión do prezo do leite en relación ao custo real de produción non é unha cuestión nova, pero si que é verdade que nos últimos tempos vemos como se incrementa de xeito progresivo, constante e exaxerado, o prezo daquelas cuestións que se vinculan directamente á actividade de produción láctea.

O incremento do prezo do gasoil, o incremento do prezo de pensos, o incremento na factura da luz. Isto fai que se faga urxente e necesario abordar accións e actuacións concretas que permitan resolver dunha vez por todas esa inseguridade e vulnerabilidade que supón para o sector a negociación do prezo do leite. Si que é verdade que a Lei da cadea alimentaria fai referencia a que os custos de produción sexan vinculantes e obrigatorios, pero tamén é verdade que non hai unha definición de criterios obxectivos ao respecto que permitan ser garantía para o sector á hora de negociar os seus prezos; e o que está a suceder é que con frecuencia se ven obrigados a aceptar prezos por debaixo deste custo e mesmo verse na tesitura de dicir que eses prezos se corresponden cos prezos de produción cando non é así.

Do mesmo xeito, na parte de acordos, referímonos a estas cuestións, primeiro facendo un chamamento ao Goberno da Xunta de Galicia para que asuma un rol proactivo e de liderado convocando un foro de encontro no que permita estar presentes xuntos na mesma mesa a produtores, cooperativas e industria, especialmente a distribución, un foro no que poida ter un rol de mediación que contribúa a acadar acordos que realmente sexan satisfactorios e especialmente satisfactorios para os produtores e produtoras.

E, por outra parte, no acordo o que facemos é xustamente demandar ao Goberno do Estado que no desenvolvemento da Lei da cadea alimentaria se dote aos sectores produtivos dunha ferramenta obxectiva que fixe uns custos de produción de referencia vinculantes e obrigatorios, é dicir, que se poida contar cun dato obxectivo de referencia que lles dea seguridade e que protexa ese proceso de negociación para realmente garantir que o que se lles vai pagar polo leite que producen realmente supere o que custa producilo.

No corpo da moción faise referencia á importancia deste sector non só en número, senón tamén no peso da economía no país, que ademais contribúe á dinamización doutros moitos sectores e que, sen lugar a dúbidas, ese número

importante de explotacións coas que contamos a día de hoxe, ese sector motor e lanzador da economía nesta situación de vulnerabilidade o que vai pasar, se non teñen garantida unha actividade rendible, é que nos vexamos nas portas de que moitas delas deixen a actividade. En especial, faise referencia moitas veces á incorporación de novas xeracións, e como hai ben pouco lle escoitaba dicir a unha muller coñecedora e experta do sector, en que momento se lle pode trasladar a un fillo ou a unha filla unha actividade que non resulta rendible.

Eu creo tamén que, habendo propostas neste Pleno por parte dos diferentes grupos nos que se amosa a preocupación e na que se achegan diferentes medidas para arroupar e dinamizar o sector, eu creo que foi unha mágoa que non foramos quen de chegar a unha proposta conxunta demostrando ese respaldo ao sector e ese compromiso con medidas que son urxentes e necesarias para un sector que efectivamente, fronte a esta carga dos gastos de produción, realmente está en risco e nunha emerxencia que realmente fai difícil a súa viabilidade.

Sr. Presidente

Hai unha emenda do PSdG a esta moción concreta.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día de novo. Si, propuxemos unha emenda a esta moción, que é a mesma emenda que propuxemos tamén á outra moción presentada polo Partido Popular e que se debate neste debate conxunto, por así dicilo. A emenda o que di é propón engadir a adopción dos acordos seguintes:

“Instar a Xunta de Galicia a que tome medidas para paliar o diferencial do prezo en orixe do leite respecto doutros territorios: Asturias, 3 € cada 100 litros e media estatal 1 € por cada 100 litros.

A que convoque con carácter de urxencia axudas dirixidas a explotacións de vacún de leite que lles permitan a súa continuidade neste contexto de forte incremento dos custos de produción e mentres non se actualice o prezo establecido nos contratos de subministración de leite para que este cubra os custos de produción segundo establece a lei de cadea.

Poña en marcha unha medida de apoio financeiro ás explotacións de vacún de leite que inclúe unha liña de refinanciamento de pasivos e outra de apoio á circulante.

Axilice o pagamento dos anticipos das axudas da política agrícola común, reduza a carga que para explotacións de vacún de leite supoñen os tributos autonómicos, incremente ata o máximo permitido a porcentaxe coa que contribúe ás subvencións da contratación de seguros agrarios. Incremente a partida orzamentaria das axudas para paliar os danos da fauna salvaxe, especialmente no referido aos danos do xabaril aos cultivos, así como un importe unitario e un límite por explotación. Mellore a xestión da poboación de xabaril para reducir os ataques nas comarcas onde a presión de especie é excesiva. Priorice os produtos lácteos de orixe galega nas compras públicas: hospitais, residencias, centros escolares, etcétera.

Habilite fórmulas que permitan acabar co diferencial negativo do prezo en orixe do leite en Galicia respecto do prezo medio estatal e doutras comunidades autónomas produtoras.

E, por último, que potencie a comercialización de base cooperativa que logre que as axudas aos movementos cooperativos que tanta importancia tiveron historicamente en Galicia e que actualmente encabezan CLUN e Dairylac supoñan unha revalorización da marxe comercial similar á que en Asturias proporciona Central Lechera Asturiana aos seus socios".

Agradezo en primeiro lugar ao BNG que tivera a ben aceptar as nosas emendas e nós imos votar favorablemente esta moción, se ben, como había unha intervención pedida do voceiro do Partido Popular, despois farei a intervención do noso grupo respecto das dúas mocións.

Sr. Ben Otero

Moitas grazas, presidente, compañeiros de novo.

Eu penso que estas dúas mocións responden a un problema que está hoxe en día vixente en toda Galicia e especialmente aféctanos moito a nós na provincia da Coruña, con tres zonas concretamente cunha especial incidencia e cunha capacidade produtora moi grande que afecta á vida de moitas persoas, a zona de Ordes, Mesía, Frades, Tordoia, Trazo, aínda que pode haber outros concellos que tamén, pero na zona de Arzúa, Melide, Boimorto, Santiso, Toques, posiblemente na zona de Santa Comba, A Baña, Negreira, Mazaricos, estas zonas quizais teñan unha incidencia especial e é un tema que nos pega de cheo a nós, pero a Galicia en xeral, e na provincia da Coruña en particular.

Nós a intención que tiñamos era a de votar favorablemente a moción do BNG tal cal está presentada, e posiblemente puideramos chegar a algún tipo de acordo para facer unha moción conxunta, porque penso que é o espírito de todos, e penso aí si que non hai ningunha excepción, que teremos que buscar a fórmula para que este problema puidera ter unha solución.

O que pasa é que non chama a atención que se presente unha emenda moito máis extensa e que vai moito máis alá en moitos temas que moitas veces non teñen que ver co caso concreto, co problema concreto, que está afectando agora mesmo ao sector. É dicir, un argumentario completo da cuestión do sector primario do Partido Socialista, que me parece perfecto, podíao ter traído noutra moción ademais. Polo tanto, non imos apoiar a moción, por ese tema, se non, teriámola apoiado.

En todo caso, o que estamos vendo é que é certo que nos últimos meses, máis que o custo ou prezo do leite, que é importante, o problema principal é a diferencial que hai entre o que custa producir a materia e o prezo que che dan finalmente por ela. O caso que hai, concretamente vemos aquí moitísimas noticias, que podía sacar aquí notas de prensa de asociacións agrícolas e demais, a subida do gasoil e o prezo da luz é completamente inasumible a día de hoxe. É dicir, unha empresa produtora láctea entre o gasoil que consome e a electricidade polo tema dos tanques de frío e polo tema das muxidoiras, etcétera, etcétera, a día de hoxe faise

practicamente imposible que sexa viable na situación actual. Máis alá da subida do prezo e da perda que vai promover agora o Goberno de España, posiblemente diranme que será por unha directiva europea, pero a verdade é que se vai quitar a bonificación do gasoil agrícola, o cal xa é, digamos, unha tormenta perfecta que vai poñer unha situación moi complicada e sobre iso tiñamos que traballar.

Xa digo, todo indica que se aveciña unha tormenta perfecta onde sen dúbida sairán principalmente prexudicados os máis débiles da cadea de valor alimentaria, que sempre son os operadores do sector primario. Fortalecer a súa posición negociadora e facilitar que poidan repercutir no prezo dos seus produtos, o incremento dos custos de produción é unha competencia pura e duramente estatal, que lle afecta ao Goberno de España. Neste sentido, é necesario que se axuste a reforma da Lei de cadea alimentaria, actualmente no Senado, incrementando de forma sensible os mecanismos de control que impidan que os operadores do sector primario vendan a perdas ou por debaixo do custo de produción.

Nós penso que en todas estas cuestións estamos todos de acordo. Entrar noutras cuestións, do debate do xabaril ou unha serie de cuestións, que posiblemente hai zonas da provincia da Coruña que teñen unha especial incidencia ou hai un efecto moi negativo por parte do xabaril, pero posiblemente non sexan, que tamén nestas zonas, pero non sexan as máis afectadas, pero ben, cada un...

Nós desde logo..., eu vou dar lectura, para non estenderme moito máis, vou dar lectura á parte de acordos da moción. Nós imos votar en contra da vosa moción polo que xa teño exposto, se non teriamos votado a favor. E a parte dos acordos da nosa moción di o seguinte:

1.A Deputación da Coruña insta o Ministerio de Cultura, Pesca e Alimentación á adopción das medidas oportunas para:

a. Habilitar mecanismos que garantan o cumprimento da disposición contida no artigo 12 da Lei de cadea alimentaria, actualmente en tramitación, para acadar o obxectivo de que todos da cadea de valor láctea cobren polo seu produto un prezo que cubra, polo menos, os seus custos de produción e que esta exixencia se contemple de xeito particular no caso dos gandeiros por ser a parte máis feble da cadea.

b.O cumprimento da solicitude realizada pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para que no texto final da Lei de cadea alimentaria se recollan as medidas ou modificacións que sexan necesarias para o recoñecemento dos resultados económicos da Conta Láctea ou outras aplicacións oficiais conforme a acreditación do custo efectivo de produción.

c. Levar a cabo as modificacións na lexislación estatal demandadas pola Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia para facilitar a constitución de organizacións de produtores lácteos axeitadas ao tamaño de explotacións galegas como mecanismo para o fortalecemento da capacidade de negociación dos nosos gandeiros.

2. A Deputación da Coruña insta a Xunta de Galicia a impulsar a cooperación

coas administracións públicas, unha campaña de concienciación dirixida ao consumidor final sobre o papel esencial do sector primario no aprovisionamento de alimentos de calidade, en particular o papel dos gandeiros e dos produtos lácteos.

3. A Deputación da Coruña insta a Xunta de Galicia a reforzar a promoción dos produtos lácteos galegos, incidindo en aspectos como a seguridade alimentaria, o benestar animal das nosas explotacións e a diversificación da súa produción coa implantación de marcas de garantía como Galega 100% ou Leite de Pastoreo de Galicia.

4. A Deputación da Coruña insta a Xunta de Galicia a apoiar a demanda de base territorial dos nosos gandeiros como mecanismo de redución dos custos de alimentación, dándolle prioridade na licitación de polígonos agrogandeiros de carácter público.

5. A Deputación da Coruña insta a Xunta de Galicia a axilizar a tramitación para a constitución do Observatorio Lácteo Galego disposto na Estratexia do sector lácteo, como instrumento que permita acadar unha mellor estrutura sectorial para realizar e avanzar nas cuestións que afectan a este eido produtivo, de xeito particular a mellora da interlocución e de transparencia entre as diferentes partes da cadea.

Nada máis.

Sr. Fernández Piñeiro

Como dixen, había dúas emendas, cada unha delas dirixidas a estas mocións, a moción do Bloque Nacionalista Galego, a emenda que acabo de ler; no caso da emenda do Partido Popular son os mesmos puntos, o único que en vez de ser de adición son de supresión: proponse suprimir o número un integramente no apartado dos acordos, e substituílo por aquel que acabo de ler hai uns intres.

Por tanto, hoxe presentamos dúas emendas que son as mesmas para dúas mocións, se ben é certo que un dos grupos propoñentes entendemos que ten unha responsabilidade que non ten o outro. É dicir, o Partido Popular neste caso é o Grupo político que sustenta o Goberno da Xunta de Galicia no Parlamento que é quen ten unha gran parte das competencias nesta materia.

A verdade é que nesta moción dos tres primeiros parágrafos, á moción do Partido Popular voume referir, son impecables; é verdade que somos o maior produtor do Estado, somos un dos maiores produtores europeos e é verdade que os custos de explotación nos últimos anos están a ser moi elevados. Por tanto, iso compartímolo; o problema vén a partir de aí, tanto na exposición de motivos como nos acordos, onde se nos vén presentar unha especie de validación total e absoluta da estratexia da Xunta ao longo dos últimos 20 anos, unha estratexia que, tendo en conta que este sector leva en crise tantos anos, outros vinte ou vinte e pico, está claro que poderiamos definir como un fracaso. Dende logo a todas luces foi insuficiente, se non, non estariamos na situación en que estamos agora.

E a verdade é que, escoitando o voceiro do Partido Popular, a súa intervención evidencia onde está o erro. O erro na diagnose de cal é o problema, que é cinguirse

sobre todo ao prezo da luz e ao prezo do combustible. Ben, pode ser e efectivamente é unha parte do problema na actualidade, pero nun sector que leva 20 anos en crise non pode ser só achacable a estas dúas cuestións, tendo en conta que o prezo da luz e dos combustibles foi máis baixo noutras etapas.

O que hai que ter en conta son unha serie de realidades que son feitos constatables. Na época de Manuel Fraga había 25.000 explotacións gandeiras en Galicia e actualmente quedan 7.000. Por tanto, dende logo, as políticas das distintas administracións, tanto Xunta como Estado, está claro que non foron positivas para este sector nin contribuíron en nada.

É verdade que me poderá dicir que estas 7.000 explotacións teñen unha produción superior a aquelas 25.000 daquela época, é verdade, pero polo camiño quedaron miles de postos de traballo, non só é unha cuestión de producir. E o que é peor, ademais de quedar miles de postos de traballo polo camiño, este incremento da produción non supuxo un incremento do prezo e, polo tanto, os gandeiros seguen a estar, como digo, en crise despois de 20 anos.

A verdade é que a moción non propón accións concretas nin inmediatas. Fala de campañas publicitarias, que podemos entender que están ben, que son positivas de cara a fomentar o consumo deste produto e do leite galego, pero é verdade que sabemos todos e todas que iso non ten unha repercusión sobre o prezo do leite que se lles paga aos produtores, aos gandeiros. Por poñer un exemplo, o prezo do leite ou, mellor dito, os beneficios do prezo por litro de leite que está a acadar a industria nos últimos tempos de 9 céntimos por litro grazas aos derivados lácteos, como poden ser a manteiga ou o leite en po, non está a ter ningún tipo de repercusión sobre o prezo do leite que se lles paga aos produtores, aos gandeiros. Polo tanto, hai un maior beneficio da industria transformadora, pero non así do sector primario.

Ese é un exemplo que vén sustentar a proposta do noso grupo en canto a estas emendas que poñemos sobre a mesa, porque entendemos que, compartindo todos os grupos aquí a urxencia de adoptar medidas para salvar este sector, estas emendas que nós presentamos enriquecen estas dúas mocións. Como digo, agradezo neste caso ao BNG que así o teña visto e lamento profundamente que non o vexa así o Partido Popular, máxime cando digo é o grupo que sustenta o Goberno da Xunta que ten unha ampla, unha amplísima lista de competencias nesta materia.

Falaban da Lei de cadea, a Lei de cadea efectivamente estase a tramitar no Senado, entendo que o grupo que propón esta moción e o resto de grupos temos representantes alí; polo tanto, a través deles podemos enriquecela. É verdade tamén que no trámite anterior o Partido Popular non fixo ningunha emenda nin proposta a esta lei, coñécese que non lle debía de interesar, esperemos que no Senado si o fagan, porque no trámite previo non foi así. Pero é unha lei que xa actualmente confire un papel mediador ás autonomías que están a aplicar tanto os asturianos como os cántabros como os vascos, onde o prezo medio de cada litro de leite é aproximadamente duns 4 céntimos superior ao de Galicia. Por que a Xunta de Galicia dentro dese marco normativo non fai uso dese papel mediador coa industria, ese papel mediador que si que están a utilizar en detrimento, ou polo menos en ausencia, mellor dito, da Xunta de Galicia as OPL, a OPL que hai, a Organización de Produtores de Leite e Lácteos que hai en Galicia é a maior do Estado.

É curioso tamén que o Partido Popular defina —tíñao por aquí anotado, a ver se o encontro— as OPL como que non son axeitadas ou que deben ser axeitadas, o importante é que nos dixeran axeitadas para que, ou axeitadas para quen. Porque dá a impresión de que as políticas da Xunta con respecto ás OPL, tendo en conta que as están afogando economicamente, porque a través dos fondos PDR, dos fondos de desenvolvemento rural, non se convocou a axuda á que si se convocaba noutros exercicios a estas organizacións, dá a impresión de que o que se quere primeiro é afogalas economicamente e fragmentalas, co cal iso fai que perdan peso nas distintas negociacións.

De aí que nós entendemos que se pode enriquecer esta moción. O tema da Conta Láctea é verdade pero nós somos partidarios de que a xestione directamente a Xunta de Galicia e non lles traslade ese traballo aos produtores, aos gandeiros, porque a Xunta de Galicia ten medios suficientes para publicar os índices de prezos e os custos de produción de forma habitual, sen que teña que recaer esa obriga nos produtores.

Polo tanto, estes son algúns dos argumentos que temos sobre a mesa para presentar estas emendas e que cremos que son enriquecedoras, compartindo todos os grupos, e iso é a parte positiva que temos que extraer destas dúas mocións que estamos a debater, a necesidade de que se adopten medidas.

Agora ben, non pode ser que sempre as medidas as teñan que adoptar os demais. Neste caso a Xunta de Galicia, máis alá das medidas que se propoñen aquí, que non dicimos que estean mal, pero, por exemplo fálase de impulsar campañas de concienciación. Está ben, pero haberá que facer algo máis que propaganda. Reforzar a promoción dos produtos lácteos, é verdade que cada vez que temos este problema se incorporan novos anagramas ou selos nos bricks de leite, que o único que supoñen son máis exixencias para os gandeiros sen que por desgraza finalmente iso repercuta no prezo que se lles paga polo leite.

Fálase tamén de apoiar os gandeiros na demanda de base territorial, é verdade, benvido o Partido Popular a isto despois de terse cargado o Plan de mobilidade de terras do bipartito, que tardou seis anos en recuperar. Por tanto, ben, nese caso saudámolo positivamente.

E despois falaba de axilizar a constitución do Observatorio Lácteo Galego previsto na Estratexia do sector lácteo é verdade, pero hai que ter unha participación paritaria neste caso do sector con capacidade propositiva vinculante, porque, se ao final aqueles que o están a padecer e que son por quen supostamente todos estamos a traballar, deberán ter esa capacidade propositiva e que aquilo que eles trasladen, que nace precisamente da súa propia experiencia e da realidade do sector, sexa vinculante para as distintas administracións que teñen que tomar decisións na materia.

Polo tanto, repito, a nosa moción non vai en contra da posición nin posicionamento de ningún grupo, a pesar de que faga unha intervención crítica coas políticas da Xunta, que a propia realidade acaba de amosar que son negativas ao longo desta crise que vén sustentando o sector tras 20 anos e que todos podemos ter en mente coas distintas tractoradas, que hai varias cada lexislatura e, polo tanto, é

unha evidencia da situación que entendo que ninguén negará.

Pero en todo caso, repito, a vontade deste grupo é enriquecer estas dúas mocións en prol do sector primario, do sector gandeiro que en Galicia está a padecer unha situación de grave crise que efectivamente se está a ver agravada polo incremento dos custos dos combustibles e da enerxía. Por tanto, as administracións que teñen competencias en ambas as dúas cousas terán que poñerse a traballar para iso.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas. Estaba lendo agora unha noticia de 2019 que facía referencia a un informe do Instituto Galego de Estatística que di o seguinte, que en 10 anos, de 2008 a 2019, perderanse en Galicia 16.000 explotacións leiteiras, pasando das 49.000 de 2008 ás 32.000 do ano 2019 a que fai referencia; 16.000 explotacións leiteiras en 10 anos veñen a ser 4,5 granxas pechadas ao día ou, en comparativas máis actuais, 10 veces o cadro de persoal que traballa en Alcoa San Cibrao, sen contar os empregos indirectos, sen contar os talleres, sen contar o sector do penso, é dicir, todo o que ten que ver cun sector económico tan importante como é o do leite en Galicia. Nós imos apoiar as dúas mocións, tanto a que presenta o BNG coa emenda engadida do Partido Socialista como a que presenta o Partido Popular. Entendemos que dalgunha maneira tratan de ir a un xogo de responsabilidades que é característico, que tamén forma parte da lóxica parlamentaria se se quere, pero que nós en todo caso imos apoiar as dúas.

Aquí neste mesmo Pleno temos discutido outras veces, analizado cuestións relacionadas co sector eléctrico, e hoxe traemos unha que é co sector leiteiro. Imos facer unha pequena moi breve comparativa do sector eléctrico en España, o sector da luz, ten catro grandes operadoras que controlan o 80% do mercado, tanto a produción como a súa distribución. Aquí estamos falando duns 7.000, dicía agora o compañeiro Sr. Fernández, non sei cantas son pero son varios milleiros de pequenos produtores que non controlan a distribución. É evidente ademais que iso se traslada en falta de peso político. É dicir, non hai portas xiratorias que vaian dar á corte das vacas, se me permiten a expresión. Si hai portas xiratorias que van dar aos despachos das enerxéticas. Iso explica o que está sucedendo aquí, está claro, nós somos un país prisioneiro do oligopolio eléctrico, é un escándalo continuo o que sucede, ninguén sabe en realidade cal é o prezo da luz, dá o mesmo, porque iso está sustentado politicamente e ten tamén por suposto moitísimos apoios e pódenos pagar nos medios de comunicación.

Os pequenos produtores son prisioneiros, case escravos, dunha industria transformadora galega que é absolutamente, non sei que cualificativo usar que non sexa demasiado agresivo con eles, pero que é unha situación dunha explotación inaceptable. En realidade eles fixeron o seu traballo, Galicia foi a comunidade de España máis penalizada coa entrada no Mercado Común, España era deficitaria en consumo de leite, nós eramos produtores, Europa tamén era moi produtora. A entrada fíxose baseándose, digamos, nas necesidades da España do outro lado, da España mediterránea, da España do sur. Vemos que Almería, Murcia medraron o seu sector

primario desde que entramos na Comunidade Económica Europea, en Galicia ao contrario, en Galicia supuxo unha enorme penalización, perdéronse milleiros de postos de traballo no rural, pecharon milleiros de granxas. Son cifras realmente dramáticas, algúns de nós viviamos no campo, había unha economía mixta, había posibilidade de ser pequeno produtor de leite e ao mesmo tempo ter outro traballo e toda esa economía desapareceu.

Dicíase daquela que as granxas galegas para ser competitivas tiñan que gañar en tamaño, tiñan que modernizarse, ter mellores produtoras, mellores vacas, con mellor calidade xenética, ter máis terreo, ter máis hectáreas. Fixeron todo iso cun custo enorme a nivel individual, cunha taxa de endebedamento terrible e resulta que 30 anos despois están aínda peor que daquela.

É que aquí curiosamente neste sector, o leiteiro, si se cumpre unha das leis xerais desas da economía que é a taxa de crecemento do beneficio: canta máis produción máis baixa o beneficio por unidade. Claro, aquí si se aplica, non se aplica no da luz, aquí si se aplica.

Nós sospeitamos que todos sabemos que o problema non está nos produtores que fixeron un esforzo tremendo, fixeron un esforzo titánico, está na falta de peso político que teñen e está no que si vén sendo o eterno deber do sector leiteiro galego, que é a industria transformadora, que non é só que teña estas prácticas depredadoras dos seus propios pequenos produtores, senón que ademais non fixo ningún tipo de esforzo, seguen vendendo o leite máis barato do mercado. Esa é a marca gañadora do leite galego, a unidade de produción máis barata, marcas brancas, exactamente o camiño contrario ao que fixeron os pequenos produtores: modernizáronse, investiron, cada vez teñen mellores vacas, cada vez teñen máis extensión, máis modernas. A industria transformadora non, vende o leite empaquetado ao prezo máis barato do mercado. Claro, evidentemente iso dá lugar á situación que temos agora, que é que son os produtores os que están padecendo, están sendo esganados polos distribuidores. O problema témolo, polo tanto, na distribución. Creo que dalgunha maneira xa se expón na emenda que propón o Partido Socialista cando fala dunha industria transformadora asturiana. Claro, outro tipo de prácticas que non son depredadoras dos seus propios produtores. Aquí temos un problema terrible coa nosa industria transformadora, que apostou polo prezo á custa da calidade e, polo tanto, quen acaba pagando iso é o pequeno produtor.

Pero temos unha situación próxima, que é o 1 de xaneiro do ano que vén, cando van finalizar os contratos de subministración que teñen pactados moitos pequenos produtores con provedores de luz e doutras subministracións. Que vai pasar cando se actualicen? Porque, se agora están producindo moitísimo para sobrevivir e son incapaces de sobrevivir e hai 10 anos unha granxa con 60 vacas podería ser viable, pero agora xa necesita 200 para ser viable, porque segue baixando a taxa de beneficios, que vai suceder a partir do 1 de xaneiro? A situación é realmente dramática e creo que estamos ás portas dun problema enorme no campo galego, que ademais, como é un sector con pouco peso político, pois non ten apenas repercusión na opinión pública, pero que realmente para o futuro do país, despois a través de todo isto se relaciona abandono do campo, incendios, claro, todo está exactamente relacionado coa primeira causa.

Nós, insistimos, non temos a solución, sospeitamos que o problema é a industria transformadora, non tanto dos pequenos produtores, e apoiamos as solucións que se propoñen desde os dous lados da Cámara.

Nada máis e grazas.

Sr. Ben Otero

Vamos a intentar ser lo más breves posible. A mí me llama la atención que decisiones o competencias que tiene un Gobierno en el ámbito del Estado, que se toman, que parece que no nos afectan, luego tienen un problema aquí, tema de ENCE, estamos ahí, bueno, cerramos y luego la culpa es de Feijóo porque ha bajado el precio de la madera —cuando eso suceda, si es que sucede, esperemos que no—. O tomamos decisiones al respecto que nos hacen cerrar una térmica, la más importante de España posiblemente, o del norte de España, y luego no tenemos una energía asequible etcétera, etcétera, no, pero que lo arregle Feijóo y que recoloque a las personas afectadas porque la culpa es de Feijóo, aunque es una decisión que se ha tomado de una manera porque sí y nos la hemos comido y nos la hemos tragado aquí en Galicia.

El tema de la electricidad evidentemente para estos productores es brutal, pero no lo digo yo, es que lo dicen ellos, es que lo dicen ellos. Cómo no nos va a importar a nosotros este sector si para nosotros es fundamental en aquellos sitios donde más nos escuchan, donde más nos quieren y donde más los queremos. Estos ayuntamientos, gran parte de ellos, que tenemos gran parte de gente que nos apoya y nos ha apoyado toda la vida, tenemos un partido que ha crecido que ha nacido en una aldea, con gente de pequeños pueblos y hemos conformado un gran partido que somos a día de hoy, ¿cómo no nos va a afectar a nosotros? Por supuesto que sí. Lo que pasa es que cuando se trae una enmienda que en sí es una moción, es que esta moción yo creo que esta es una moción distinta a la que presenta el BNG, y yo creo que esta moción podía venir en el siguiente Pleno y debatiríamos sobre esta moción, porque entra en muchos más asuntos en los que podemos entrar.

Pero, yendo por partes, “tomar medidas para paliar el diferencial de precio en origen de la leche respecto a otros territorios”, Asturias. Ya no dicen 3 céntimos/litro, dicen 3 €/100 litros, que vienen a ser 3 céntimos/litro. Yo lo sé esto porque estoy estos días con el niño repasando matemáticas y tal, no hay que ser muy... O con el conjunto de España, 1 €/100 litros, es un céntimo el litro. Evidentemente, no estamos contentos con este precio, pero el problema que tenemos a día de hoy más que el precio de la leche, que sí es importante, es el precio de producción, de la electricidad, de los forrajes y del gasoil cuando se pierda la bonificación. Esta es la realidad.

Luego hablan aquí, nada, ayudas, “convoquen con carácter urgente ayudas dirigidas”. ¡Oiga! “Ponga en marcha medidas de apoyo financiero a las explotaciones; agilice el pago de anticipos de la PAC”, cuando se está cobrando más rápido, más pronto que nunca y de los más rápidos de España, la PAC aquí en Galicia, de eso estamos profundamente orgullosos. Por cierto, esperemos que este Gobierno defienda los intereses de los productores gallegos y siga habiendo PAC y podemos seguir contando con la PAC para que haya futuro para el campo gallego, que alguna duda tenemos. Vamos a intentar que así sea entre todos a pesar del Gobierno.

“Reduzca la carga de tributos autonómicos”, ¿pero de que tributos me está hablando en el rural gallego a día de hoy? ¿Qué quiere, que no paguen el IVA? ¿Exactamente qué quiere que no hagan? ¿Qué competencias tiene la Xunta en el tema de los tributos autonómicos en las producciones agrícolas? por favor. El tema del jabalí, oiga, no ha metido usted aquí el lobo porque igual no le interesaba hablar de este asunto, porque ya por meter el tema del rural podíamos haberlo metido todo.

En definitiva, señor Fernández, se han despistado no presentando la moción a tiempo, tenían que haber presentado esta moción porque tocaba y porque es un tema vigente a día de hoy y han hecho su moción por añadidura, fagocitando por completo la moción del BNG y quieren hacer lo mismo con nosotros. Mire usted, nosotros no somos la parte débil de su Gobierno, nosotros somos el Partido Popular de Galicia, nosotros tenemos 14 diputados en esta Corporación, somos el partido más numeroso y hasta algún sitio podemos llegar. No aceptamos esa enmienda, lógicamente, y vamos a votar que no a una moción que nos duele votar que no por ustedes, no por el BNG.

Nada más y muchas gracias.

Sra. Muíño Filgueira

De xeito moi breve e porque non o podo evitar, a verdade.

É verdade que tanto a moción do Partido Popular presenta un compendio de medidas que, se ben entendemos que non van directamente a esa cuestión que consideramos esencial, si entendemos que calquera medida que supoña un beneficio ou un arroupe ao sector nos parece importante, do mesmo xeito que aceptamos a moción proposta polo PSOE.

Pero non podo evitar intervir, en primeiro lugar, para lamentar que realmente unha cuestión tan estrutural como é a negociación do prezo en relación aos custos de produción non teña o voto favorable do Partido Popular, e escoitamos os seus argumentos, pero logo tamén porque estamos falando dunha cuestión importantísima, estratéxica para o país a nivel económico, a nivel de fixación de poboación no rural, do impacto en toda unha cadea produtiva. E é lamentable para o sector, se nos está escoitando, que non teñamos altura de miras para chegar a acordos e decidir traballar da man para tomar as medidas que con urxencia van necesitar. Porque si, efectivamente, o prezo da luz ten un impacto importantísimo na actividade. Normalmente móxese dúas veces ao día con luz e mantéñense os tanques de frío con luz, o cal fai un acumulado importantísimo ao final de mes nesa factura, claro que si que ten impacto. Temos unha base territorial pequenísima que ás veces obriga a xente a desprazarse bastantes quilómetros para atender a súa base territorial produtiva, o gasoil impacta, e moito.

Entón, si que é verdade que serían numerosísimas as medidas das que poderiamos falar. Evidentemente falar, como se nomea na emenda presentada polo Partido Popular, perdón polo PSOE, de calquera medida que contribúa a minimizar o impacto negativo da situación é positivo, do mesmo xeito que son positivas as medidas presentadas.

É unha urxencia para o sector que nos poñamos de acordo, teñamos altura de miras e esteamos aí propoñendo dunha vez por todas unha solución. A cada Goberno o que caia nas súas responsabilidades. Non é o momento para un sector tan importante decidir se ten máis culpa o Goberno do Estado ou a Xunta de Galicia. Cada un nas súas responsabilidades coa man tendida cara a un sector que de aquí a principios de ano non teñen moi claro se vai poder aguantar o tirón.

E eu creo que hai unha palabra na moción do Partido Popular que é moi significativa, e eu xa cando a lin a primeira vez chamoume a atención, que é a de contribuír á creación dun sector resilente.

Eu creo que temos un sector máis que resilente, levan toda a súa vida adaptándose sen parar aos cambios e ás exixencias, dando a talla, tendo un produto de enorme calidade e vendidos polo prezo. De verdade, a práctica habitual cando se negocian os prezos cos produtores é a de estafa, e eu creo que hai que facer algo ao respecto e ter moitísima altura de miras, a verdade.

Sr. Fernández Piñeiro

Si, moi brevemente. Sr. Ben, resumiría a túa referencia ás competencias e demais: "*Le dijo la sartén al cazo*". É curioso que fales deste Grupo, do tema de Alcoa e demais cando este Grupo sempre deu mostra de defender os intereses de Galicia goberne quen goberne en Madrid, non así o voso, para mostra un botón. De feito nós votamos a favor de mocións que demandaban cuestións ao Goberno do Estado naquilo que era da súa competencia, pero falando de peche de empresas, ademais das electrointensivas e da térmica das Pontes, que é das únicas de que falades, hai moitas máis empresas que pechan en Galicia, que é onde ten competencias a Xunta de Galicia, porque as competencias en materia de industria, segundo o Estatuto de autonomía, creo que é o artigo 6 se mal non recordo, son da Xunta de Galicia, non son do Estado.

Polo tanto, cando imos inaugurar empresas, que está moi ben para saír na foto, sería ben que tamén asumamos as responsabilidades que temos cando pechan; digo aquelas que non son electrointensivas e a térmica das Pontes, que é da única da que se fala, pero poderiamos aquí sacar toda unha restra de empresas que foron pechando ao longo dos últimos anos en Galicia cunha competencia que é autonómica.

Dito isto, é verdade que o prezo da luz e o combustible inflúen nos custos de explotación, eu non o neguei en ningún momento, de feito, a nosa emenda é de adición ao BNG, que fai unha proposta concreta ao Estado para que adopte medidas nesa materia e polo tanto nós ímola apoiar, e na moción do Partido Popular pedimos substituír o punto número 1, o resto dos puntos non pedimos a súa substitución. Polo tanto, non vai en contra nin estamos en contra de pedir que o Estado adopte medidas de cara a minorar eses custos, pero tamén llo pedimos á Xunta de Galicia porque loxicamente ten unha serie de competencias e pode axudar.

Sobre o dos 3 céntimos e os 3 litros, que valeu para o chiste, a min gustaríame facerche dunha pregunta: se me puideras dicir se sabes canto se paga polo litro de leite actualmente a un produtor, porque un produtor de leite, seguramente non o saibas, cobra 33 céntimos/litro. Incrementar en 3 céntimos ese litro supón un incremento dun 10%. A ver a que empresa galega non lle gustaría que lle

incrementasen o que pagan por un servizo un 10 %, que suporía iso na conta de resultados desa empresa? Pois non estaría nada mal. Polo tanto, facer o chiste con 3 céntimos como se fose unha miseria, home loxicamente se temos na mente o prezo do leite no brick cando o compremos no supermercado, si, pero non estamos a falar diso, estamos a falar do que cobran os produtores. E loxicamente 3 céntimos en litro é unha cantidade que cando se pagan 33 supón moitísimo, porque podería axudar. Tamén podería axudar baixar o prezo da luz e dos combustibles, non estamos en contra, non fagamos trampas con iso.

E sobre o tema que comentaba María, que estou de acordo, da altura de miras, é verdade, non é sempre só para chegar a acordos, senón para facer propostas que poidan achegar algo, que é o caso desta moción que se emenda, tanto polas vosas propostas como pola nosa. Incluso a moción do Partido Popular, que a excepción do punto número 1 estamos de acordo co resto de puntos, pero non se acepta esa emenda porque xa sabemos que todo o que sexa instar a Xunta facer algo está mal, así que nada máis. Moitas grazas e nós imos votar favorablemente a moción do BNG e ímonos abster na do Partido Popular.

Nada máis.

Sr. Ben Otero

Yo ojalá no les suban 3 céntimos el precio, ojalá se lo suban 5 o más, ojalá, ojo, eh. Lo decía un poco porque es que aquí el dejarnos envolver con ciertas cuestiones, hombre, uno ya está un poco despistado a estas alturas de la tarde, pero hombre, es decir, eso nadie lo duda, eso nadie lo duda. Pero ¿sabes a cuánto le pagaban a un productor la leche hace 10 años? ¿Y hace 15? Mira, yo las preguntas ya las pasé en su momento, con escaso éxito en muchas ocasiones, pero no vengo aquí a que me interpele el portavoz del PSOE, entre otras cosas porque yo no soy Gobierno y ustedes sí. Lo que pasa es que es verdad que juegas un papel y lo juegas muy bien, y tengo que aplaudirte por ello, de hacerle oposición a la oposición, alguien tiene que hacerlo y está bien que lo hagas tú, lo haces muy bien, la verdad.

Sr. Presidente

Procedemos á votación entón, primeiro da moción do BNG coa emenda do PSdG.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados/as (9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 12 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial do BNG sobre a situación do séctor lácteo galego

Exposición de motivos:

As 6.540 explotacións lácteas que aínda quedan neste país corren serio perigo de peche a pesar de ser as que están a producir o 45% do leite de todo o Estado. Un produto de superior calidade, cun medio de produción baseado na superficie agraria e que en boa medida sustenta a alimentación e dá espazo á cabana gandeira.

Aínda así, boa parte deste sector amosa unha dependencia perigosa dos insumos esóxenos que na volatilidade dos seus prezos, periodicamente, someten a duras probas a viabilidade destas explotacións. A esta volatilidade hai que sumar que nestes tempos a suba e abuso dos oligopolios das eléctricas e dos combustíbeis fan insostíbel a situación.

A lóxica do mercado debera traer unha suba compensatoria no prezo final do produto para estes custes de produción. Esa suba, tímida, xa se deu, mais non repercutiu no/a produtor/a, e a situación continúa a agravarse..

A situación mantívose ata o momento porque son moitas as explotacións que contan con contratos anuais para pensos, electricidade e mesmo combustíbel, mais chegado o 1 de xaneiro a situación vai ser moito peor.

E todo isto acontece fronte á impasibilidade dos gobernos galego e español. A Xunta, coa súa teimosa negativa a actuar de árbitro ou intermediario e con argumentos como que "...o mercado manda..." ou que "...a lei prohíbeo...". E o Goberno do Estado, que se exime de responsabilidades escudándose na denominada

Lei 12/2013, de 2 de agosto, da Cadea Alimentaria, aprobada polo Ministerio de Agricultura que, teoricamente, obriga a que os prezos en orixe dos alimentos se adapten ao que custa producilos, aínda que sen establecer mecanismos para fixar obxectivamente tales custes de produción.

A situación é preocupante, xa que a suba de materias primas como a solla, a colza, ou a fariña de millo -que subiron un 50% no último ano-, os abonos de síntese, o gasóleo agrícola -que pasou de 55 a 85 céntimos- ou o recibo da luz -con incrementos de máis do 50%- están a reducir a escasa marxe coa que traballaban as explotacións leiteiras. Nun cálculo obxectivo estes elementos condicionan o 60% dos custes de produción, movéndose nun abano de 30 a 40 céntimos, polo que cun incremento dun 30% destes custes temos o litro de leite entre 5 e 8 céntimos máis caro, e sen esquecer que estamos a falar dun sector estratéxico para o conxunto de Galiza e que ve ameazado neste momento a súa viabilidade.

Por todo o exposto, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego insta ao Pleno da Corporación provincial a adopción dos seguintes ACORDOS:

1-Instar á Xunta de Galiza a promover un Foro de encontro, debate e negociación, arbitrado e moderado pola Consellaría do Medio Rural, onde estean representados todos os actores da cadea de produción e obtención do leite e derivados: produtores/as, cooperativas, industria e especialmente a Distribución.

2-Demandar do goberno do Estado que no desenvolvemento da Lei da Cadea Alimentaria se dote aos sectores produtivos dunha ferramenta obxectiva que fixe uns custes de produción de referencia vinculantes e obrigatorios.

3.- Instar á Xunta de Galicia a que:

Tome medidas para paliar o diferencial de prezo en orixe do leite respecto doutros territorios (Asturias 3€/100 litros, Media estatal 1€/100 litros).

Convoque con carácter de urxencia axudas dirixidas ás explotacións de vacún de leite que lles permitan a súa continuidade neste contexto de forte incremento dos custos de produción e mentres non se actualicen o prezo establecido nos contratos de subministración de leite para que este cubra os custos de produción segundo establece a Lei da cadea.

Poña en marcha unha medidas de apoio financiero ás explotacións de vacún de leite que inclúa unha liña de refinanciamento de pasivos e outra de apoio a circulante.

Axilice o pagamento dos anticipos das axudas da Política Agrícola Común.

Reduza a carga que para as explotacións de vacún de leite supoñen os tributos autonómicos.

Incremente, ata o máximo permitido, a porcentaxe coa que contribúe á subvención da contratación de seguros agrarios.

Incremente a partida orzamentaria das axudas para paliar os danos da fauna salvaxe (especialmente no referido aos danos do xabaril aos cultivos), así como o importe unitario e o límite por explotación.

Mellore a xestión da poboación de xabaril para reducir os ataques nas comarcas onde a presión da especie é excesiva.

Priorice os produtos lácteos de orixe galega nas compras públicas (hospitais, residencias, centros escolares, etc).

- A que habilite fórmulas que permitan acabar co diferencial negativo do prezo en orixe do leite en Galicia respecto do prezo medio estatal e do doutras comunidades autónomas produtoras.

- Potenciar a comercialización de base cooperativa que logre que a axuda aos movementos cooperativos, que tanta importancia tiveron históricamente en Galicia e que actualmente encabezan CLUN e Dairylac, supoñan unha revalorización na marxe comercial similar á que en Asturias proporciona Central Lechera Asturiana aos seus socios.

Sr. Presidente

E agora votamos a moción do Partido Popular.

VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados/as (12 do PP, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: 1 deputado/a (PSOE)
Abstéñense: 8 deputados/as (PSOE)

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña en apoio do sector lácteo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galicia, o sector lácteo posúe unha importancia transcendental que se estende ao longo do territorio español, xa que destacamos como líderes nacionais tanto en número de gandeiros como en produción de leite.

Poñendo de relevo os datos, na nosa comunidade prodúcese o 40% do leite de toda España e localízanse máis da metade das explotacións lácteas do total nacional. Deste xeito, Galicia produce tanto leite como a suma das seguintes catro comunidades españolas con maior produción Castela e León, Cataluña, Andalucía e Asturias. Por outra banda, non debemos esquecer que nos atopamos entre as dez primeiras comunidades en produción de leite de Europa.

Perante a relevancia deste sector, cómpre sinalar que o incremento dos custos de produción das explotacións agrarias que supón o encarecemento dos cereais e dos legumes destinados á alimentación animal, os combustibles ou a enerxía dificulta a sustentabilidade económica das gandarías, especialmente as dedicadas á produción de leite.

Neste sentido, o compromiso da Xunta de Galicia a prol deste eido produtivo amósase no óptimo desenvolvemento da Estratexia de dinamización do sector lácteo de Galicia, cunha aposta firme por consolidar unha relación equilibrada entre gandeiros, industria e distribución, para que o valor xerado se reparta de xeito harmónico ao longo da cadea láctea. Esta estratexia ten como obxectivo principal consolidar Galicia como unha das principais rexións lácteas de Europa, cun alto nivel de competitividade, sustentabilidade e capacidade de resiliencia.

É máis, é preciso referirse á necesidade contemplada na medida 1.2.1 da Estratexia, de abordar unha reforma lexislativa ambiciosa que permita aumentar a base territorial das explotacións gandeiras como instrumento redutor dos custos de alimentación. Cumprindo esta medida aprobouse o pasado mes de maio a Lei de recuperación da terra agraria, que entre outros obxectivos promove coa ferramenta dos polígonos agrogandeiros os procesos de reestruturación parcelaria e a ordenación de usos nas zonas de produción leiteira.

Precisamente, en relación con este tema, a Consellería do Medio Rural deu a coñecer un informe sobre a Manifestación de Interese de proxectos autonómicos, que constata a gran demanda de base territorial que teñen os nosos gandeiros. De feito, das máis de 13.200 hectáreas xeolocalizadas para orientación produtiva gandeira, o 94% correspóndese co sector bovino, o que demostra o peso que ten o vacún na nosa comunidade e especialmente o lácteo.

Nesta liña, cómpre salientar a importancia que posúen as axudas destinadas aos investimentos en explotacións agrarias, coñecidas como "plans de mellora", así como para a incorporación de mozos ou para a instalación de pequenas explotacións, liñas que superan nos orzamentos para o vindeiro ano 2022 os 76 millóns de euros.

A estas liñas de actuación, súmanse as accións formativas especializadas en xestión empresarial para os gandeiros (Gandeiros 20-30), e a posta en marcha dunha aplicación para que os gandeiros poidan calcular os seus custos de produción.

Esta aplicación web gratuíta, denominada "Conta Láctea", foi oficialmente presentada o pasado mes de agosto co obxecto de promover unha contabilidade rigorosa nas explotacións lácteas galegas. De carácter certamente intuitivo, esta aplicación respecta escrupulosamente a normativa contable española, e permite obter a conta da explotación e o coste de produción por cada litro de leite, entre outras funcionalidades.

Esta iniciativa, como as enmarcadas na citada Estratexia, responden á necesidade de fortalecer a profesionalización do sector, mellorar a súa rendibilidade e defender a calidade dos nosos produtos lácteos por medio de ferramentas prácticas e verdadeiramente efectivas na práctica, sobre todo nun contexto como o actual, de reestruturación do modelo produtivo cara explotacións máis eficientes e rendibles.

Neste respecto, é preciso dar un paso máis na consolidación desta ferramenta e capacitala de validez desde o propio Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), acreditando os custes de produción dos gandeiros ante os primeiros compradores do leite e facilitando, canto sexa posible, o desenvolvemento da súa actividade nas mellores condicións.

En consideración de todo o exposto ata o momento, a posta en funcionamento do Observatorio do Sector Lácteo de Galicia é outra proba de que a Estratexia sectorial deste importantísimo eido produtivo está a dar os seus froitos. Este atópase seguindo os trámite previos ao decreto que o regulará, co obxecto de darlle un pulo á produción e á transformación do leite en Galicia.

Porén, a clave final é que o consumidor final perciba todo o traballo que leva consigo a produción láctea galega e a garantía de que o noso leite responde aos maiores estándares internacionais de calidade, benestar animal e seguridade alimentaria. Neste senso a estratexia do sector lácteo aposta pola diversificación da produción dos nosos gandeiros coa marca de "Leite de Pastoreo de Galicia". Así mesmo, o recoñecemento pola estratexia da calidade do noso lácteo ten acollemento baixo a marca de garantía "Galega 100%" que será a panca de promoción de todo o noso sector lácteo.

Polo exposto, o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1.- A Deputación de A Coruña, insta ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a adopción das medidas oportunas para:

a) Habilitar mecanismos que garantan o cumprimento da disposición contida no artigo 12 ter da Lei da Cadea alimentaria, actualmente en tramitación, para acadar o obxectivo de que todos os elos da cadea de valor láctea cobren polo seu produto un prezo que cubra, alo menos, os seus custos de produción. E que esta exixencia se contemple de xeito particular no caso dos gandeiros, por ser o elo máis feble da cadea.

b) O cumprimento da solicitude realizada pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para que no texto final da Lei da cadea alimentaria se recollan as medidas ou modificacións que sexan necesarias para o recoñecemento dos resultados económicos da "Conta láctea" ou outras aplicacións oficiais, como forma de acreditación do custo efectivo de produción.

c) Levar a cabo as modificacións na lexislación estatal demandadas pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para facilitar a constitución de organizacións de produtores lácteos axeitadas ao tamaño das explotacións galegas como mecanismo para o fortalecemento da capacidade de negociación dos nosos gandeiros.

2.- A Deputación de A Coruña, insta á Xunta de Galicia a impulsar, coa cooperación de todas as administracións públicas, unha campaña de concienciación dirixida ao consumidor final sobre o papel esencial do sector primario no aprovisionamento de alimentos de calidade, en particular, o papel dos gandeiros e dos produtos lácteos.

3.- A Deputación de A Coruña, insta á Xunta de Galicia a reforzar a promoción dos produtos lácteos galegos incidindo en aspectos como a seguridade alimentaria, o benestar animal das nosas explotacións e a diversificación da súa produción, coa implantación de marcas de garantía como Galega 100% e Leite de pastoreo de Galicia.

4.- A Deputación de A Coruña, insta á Xunta de Galicia a apoiar a demanda de base territorial dos nosos gandeiros como mecanismo de redución dos custos de alimentación dándolle prioridade na licitación de polígonos agrogandeiros de carácter público.

5.- A Deputación de A Coruña, insta á Xunta de Galicia a axilizar a tramitación para a constitución do Observatorio Lácteo Galego previsto na Estratexia do sector lácteo, como instrumento que permita acadar unha mellor estrutura sectorial para analizar e avanzar nas cuestións que afectan a este eido produtivo, de xeito particular a mellora da interlocución e a transparencia entre os diferentes elos da cadea."

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. García Seoane

Xa se tocou aquí no Pleno en máis dunha ocasión, e xa se tocou polo Goberno anterior e tamén polo actual, a situación que están a padecer os veciños de Guísamo na estrada de Guísamo a Guiliade. Aí houbo un preito que non se sabe como o perdeu a Deputación, ao parecer foi por un lapso de non pedir un informe no seu día a Patrimonio respecto dun predio, que non ten nada de predio protexido, porque foi totalmente alterado o edificio, o edificio foi comprado na década dos 80, era de 90 e pico metros e foi aumentado a 260. Patrimonio non soubo nada diso, a muralla que rodea o predio é unha muralla feita de cachotes, de muralla non ten nada, desas de pazos, non ten nada que ver. Pero naquel momento a Deputación perdeu o preito e agora volvemos perder, e a min iso si que me está..., porque, claro, eu de Patrimonio sei un cacho largo, porque fixen moitas cousas en Oleiros de Patrimonio, recuperei moitísimos edificios, estamos recuperando neste momento, pasei por dentro dun pazo, fixen unha muralla por dentro e quedou a de fóra e, por tanto, tamén pode quedar aquí a muralla por fóra e pasar por dentro expropiando indubidablemente e

abrindo un paso no portal e na muralla, que xa non é de Patrimonio que está contra a vía do tren.

Por tanto, eu estou preocupado porque se volve denegar a entrada, neste caso non é a denegación de facer a obra nin de expropiar, pero denégase a entrada inexplicablemente polo señor xuíz dicindo que "*ya es cosa juzgada*". Non estamos falando de *cosa juzgada*.

Por tanto, eu rógolle ao presidente que poña o máximo interese en que non nos chulee ningún señor que presume de ter un predio, que vén un mes no verán e que o alterou totalmente, adulterou totalmente, non ten nada que ver co que era no seu día como predio singular e que siga morrendo xente. O outro día non morreu ninguén pero bateu un coche, non contra esa muralla —que pena que non a tirara!—, senón contra a do lado, porque alí hai un paso que ten 3 metros e medio ou 4 para cruzarse dous coches, que non se poden cruzar.

Por tanto, se non hai na casa un bo avogado que defenda isto, pois busquemos un fóra, pero que fagamos realmente o expediente de expropiación, que non esperemos máis tempo para expropiar aquelas catro pedras que están alí con ladrillos, que non é un muro, todos sabemos o que é un muro dun predio singular, bonitos, artísticos, etcétera, isto non ten nada que ver con iso. E é urxente tamén pedirlle á Xunta que faga o informe Patrimonio para que diga que autoriza a levar esta obra adiante en ben dos cidadáns que cruzan por alí, que non son só os de Guísamo, son os de Guísamo e os de Betanzos, son montóns de veciños e eu creo que non ten xeito o que está ocorrendo. Por tanto, que nos preocupemos dese expediente en condicións con expertos e que gañemos o preito e que a Xunta nos dea o informe, que creo que xa se pediu, non sei se o subministrou, para poder empezar a expropiación. E para valorar catro cachotes non hai que entrar no predio. Desde fóra valóranse os catro cachotes, non hai que entrar no predio para nada. Non poñamos nós as trabas, non hai que entrar no predio para nada, catro cachotes e a terra cada un deles e nada máis. Por favor, que se actúe nese predio.

<u>Sr. Presidente</u>

Que saibas que estamos moi enriba deste tema, porque compartimos completamente o que dis, respectando absolutamente o dereito da propiedade que ten esa persoa, pero é certo que estamos a falar dun ben moitísimo máis superior, que é o da vida da xente. É dicir, hai que recordar que a esta casa xa se puxo contra a parede hai un par de anos porque morreu unha persoa alí e tivemos que saír a explicar, e xa no Goberno de Diego Calvo e neste Goberno os intentos que houbo de intentar ampliar aquela vía para que non houbera un accidente no que acabou morrendo alguén. Pero esquecemos rapidamente nesta sociedade, e volverá morrer alguén e terá que haber un presidente ou presidenta da Deputación que teña que explicar por que non se actuou alí. Eu estou francamente indignado tamén, como ti ben dis, con esta resolución xudicial que por primeira vez nun procedemento expropiatorio non se deixa ir levantar acta dos elementos que se van expropiar, con todo o respecto escrupuloso á legalidade e polo tanto non vai ser así. Evidentemente, esta institución vai facer os seus deberes porque despois alguén terá que responder cando volva a haber unha desgraza naquel punto, que acabará habendo unha desgraza, alguén terá que responder, e non vai ser esta institución. Nese sentido podes ter toda a tranquilidade do mundo porque non entendemos esa cerrazón cando

falamos da seguridade das persoas.

Moi ben, pois moitas grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 15:17 horas.